

4.

CALIDADE DE VIDA E BENESTAR SOCIAL

4.1. PRESTACIÓNS ECONÓMICAS

4.2. SAÚDE

4.3. INDICADORES DE BENESTAR SOCIAL

4.4. MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

4.5. OCIO E CULTURA

4.1.

PRESTACIÓNS ECONÓMICAS

O número de beneficiarios de pensións contributivas, ou non contributivas, e de prestacións por desemprego, acada en Galicia no ano 2013 as 934 mil persoas, un número lixeiramente inferior ao do ano anterior. Fronte ao incremento en torno a 6.400 beneficiarios de pensións contributivas, diminúe tanto os beneficiarios de pensións non contributivas, con mil beneficiarios menos, como, fundamentalmente, os beneficiarios de prestacións por desemprego que se reducen en máis de 12.000 persoas.

O importe medio das pensións contributivas en Galicia no ano 2013, igual que en anos anteriores, é o máis baixo das dezasete Comunidades Autónomas españolas, aumentando de novo o diferencial coa media estatal, sendo no último ano de máis de 134 euros mensuais.

A Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013 e o Real Decreto–Lei 29/2012, de 28 de decembro, de mellora da xestión e protección social no Sistema Especial para empregados do

Fogar e outras medidas de carácter económico e social, fixan as contías das pensións mínimas e a revalorización do conxunto das pensións aboadas polo sistema da Seguridade Social con carácter xeral nun 1%, sendo este incremento do 2% cando a contía das pensións non exceda dos 1.000 euros mensuais.

No que respecta ás pensións de xubilación, as máis importantes en número e importe, a lei 23/2013, de 22 de decembro, reguladora do Factor de Sostenibilidade e do Índice de Revalorización do Sistema de Pensións da Seguridade Social prevé a aplicación a partir do ano 2019 dun novo sistema de revalorización das pensións de xubilación, baseado nun factor de sostenibilidade.

O factor de sostenibilidade defínese como un instrumento que, con carácter automático, permite vincular o importe das pensións de xubilación á evolución da esperanza de vida dos pensionistas a través dunha fórmula. Este factor aplicarase

Prestacións 2012-13: distribución segundo tipo de cobertura

	número		importe medio	
	2012	2013	2012	2013
Pensións contributivas	<i>(medias anuais, en miles)</i>		<i>(en € / mes)</i>	
	732,7	739,1	696,28	720,30
Incapacidade permanente	69,9	69,6	775,5	798,1
Xubilación	451,3	456,1	780,8	809,9
Viuvez	184,9	185,8	506,5	520,9
Orfandade e favor familiar	26,5	27,6	308,7	386,3
Pensións non contributivas	44,9	43,9		
Invalidez	16,9	16,5	378,5	388,2
Xubilación	28,0	27,4	343,8	351,8
LISMI	1,3	1,0		
Prestacións por desemprego	<i>(datos a 31-12, en miles)</i>			
	161,8	149,7		
Contributivas	85,9	73,8	818,2	789,0
Subsidios	64,1	63,4		
Renta activa de inserción	11,7	12,5	426,0	426,0
	<i>(beneficiarios anuais)</i>			
RISGA	6.718	9.300	388,54	391
AES	2.595	2.653	1.013,62	1.038

LISMI: Lei de integración social do minusválido

RISGA: Renda de integración social de Galicia

AES: Axudas de emerxencia social

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social e Consellería de Traballo e Benestar

■ 4.1.1.

Pensións contributivas nas CC.AA. 2013 ⁽¹⁾: distribución segundo clase de pe

	Totais				Incapacidade permanente		Xubilación		
	número	13/12 (%)	importe medio	13/12 (%)	número	importe medio	número	importe medio	
Andalucía	1.443,0	1,8	778,80	2,8	204,8	842,85	785,0	892,27	
Aragón	289,7	1,2	892,87	3,4	24,1	993,83	180,4	1.010,95	
Asturias	298,3	0,4	1.012,27	2,8	32,9	1.079,93	170,3	1.197,46	
Baleares	175,2	1,9	784,39	3,4	18,2	820,65	107,3	895,96	
Canarias	275,7	2,9	800,92	3,0	32,9	820,03	151,0	941,96	
Cantabria	134,3	1,0	891,35	3,2	13,9	954,80	79,6	1.030,24	
Castela-A Mancha	352,9	1,4	798,78	3,1	40,1	834,94	200,9	909,46	
Castela e León	596,4	0,7	836,11	3,4	44,1	909,22	371,8	949,98	
Cataluña	1.630,0	1,7	885,19	3,3	167,0	974,20	1.026,6	994,17	
C. Valenciana	923,8	1,6	787,70	3,3	95,4	859,35	554,4	888,86	
Extremadura	213,4	1,6	723,89	2,8	23,3	747,17	117,4	819,98	
Galicia	739,1	0,9	720,32	3,5	69,6	798,12	456,1	809,90	
Madrid	1.038,0	2,6	1.013,35	3,2	74,3	1.011,65	668,5	1.167,05	
Murcia	233,1	1,7	755,35	3,3	32,5	794,43	129,6	864,72	
Navarra	125,4	1,9	973,54	3,4	11,2	1.081,41	80,7	1.101,63	
País Vasco	516,6	1,7	1.057,29	3,2	43,5	1.158,74	322,3	1.210,73	
A Ríoxa	65,7	1,2	821,93	3,4	5,3	901,50	42,4	913,72	
Ceuta e Melilla	15,4	2,0	856,57	2,1	2,0	977,38	7,1	1.064,86	
Total	9.066,0	1,6	855,03	3,1	935,1	920,01	5.451,4	981,33	
G/E (%)	8,2				7,4		8,4		

(1) medias anuais, en miles; os datos de importe medio están en euros/mes

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 4.1.2.

por unha soa vez para a determinación do importe inicial das novas pensións de xubilación e cada ano, serán incrementadas en función do índice de revalorización previsto na correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Tendo en conta que posteriormente se estudan de xeito específico as prestacións sanitarias e sociais, neste capítulo analízanse as prestacións económicas dos distintos beneficiarios de pensións contributivas, non contributivas e prestacións por desemprego.

PENSIONES CONTRIBUTIVAS

As pensións contributivas son prestacións económicas, xeralmente de duración indefinida, cuxa contía ven determinada polas aportacións efectuadas polo traballador e o empresario, se se trata de traballadores por conta allea, durante o período considerado aos efectos da base reguladora da pensión de que se trate.

O número de pensións contributivas da Seguridade Social no ano 2013 en Galicia acada as 739.100, un 0,9% máis que no ano anterior, sendo o seu importe medio de 720,3 euros ao mes, un 3,5% superior ao rexistrado no ano precedente, como consecuencia do efecto substitución dos pensionistas. Isto non impide que Galicia siga sendo a Comunidade Autónoma cun importe medio das pensións contributivas máis baixo, 135 euros inferior ao rexistrado de media no conxunto do Estado.

En Galicia localízanse o 8,2% do total de pensións contributivas do Estado, o que sitúa a nosa comunidade como a quinta por número deste tipo de pensións, por detrás de Cataluña, Andalucía, Madrid, e C. Valenciana.

Dentro das pensións contributivas distínguense as pensións por incapacidade permanente, as pensións contributivas por xubilación, viuvez e as de orfandade e favor familiar.


A pensión contributiva por invalidez permanente é unha prestación económica que trata de cubrir a perda de rendas salariais ou profesionais que sofre a persoa cando, estando afectada por un proceso patolóxico ou traumático derivado dunha enfermidade ou accidente, ten reducida ou anulada a súa capacidade laboral de xeito presumiblemente definitivo.

Desagregando o estudio segundo os diferentes tipos de pensións, o **cadro 4.1.2.** reflicte que o número de pensións de incapacidade permanente en Galicia foi de 69,6 miles de pensións (69,9 miles de pensións en 2012). O seu importe medio mensual ascendeu ata os 798,1 euros, importe que aínda que superior ao rexistrado no ano anterior, é 122 euros inferior á media estatal, o que sitúa a Galicia como a terceira comunidade co importe medio máis baixo, por diante só de Extremadura, con 747,2 euros, e Murcia, con 794,4 euros.

nsión

Viuvez		Orfandade e favor familiar	
número	importe medio	número	importe medio
382,2	587,81	70,9	367,32
75,8	639,82	9,3	404,39
85,1	678,27	9,9	473,76
43,8	557,78	5,9	329,33
75,2	605,29	16,5	364,66
35,6	624,36	5,3	430,05
96,1	621,30	15,8	379,59
158,4	606,84	22,1	418,40
392,3	619,94	44,0	370,48
238,9	587,60	35,1	356,92
61,7	594,03	11,0	377,11
185,8	520,91	27,6	386,35
260,8	699,22	34,4	410,64
60,2	570,48	10,7	352,65
29,3	661,13	4,2	404,16
134,0	730,29	16,8	458,94
16,1	608,18	2,0	382,01
5,0	652,47	1,3	335,42
2.336,3	620,32	342,9	385,41
8,0		8,0	

Pensións contributivas 2007-13 (1): distribución segundo clase de pensión




(1) medias anuais, en miles

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

4.1.3.

Importe medio das pensións contributivas 2007-13 (1): distribución segundo clase de pensión



(1) medias anuais, en euros

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

4.1.4.

Pensións contributivas en Galicia e España 2012-13 ⁽¹⁾: distribución segundo réxime

	Total	Réxime Xeral	R. E. de traballadores autónomos	R. E. de Traballadores do Mar	R. E. da Minería do Carbón	Accidentes de Traballo	Enfermidades profesionais	SOVI
Galicia								
número								
2013	743.622	372.557	277.776	54.585	1.597	18.163	2.795	16.149
13/12	0,96	7,70	-1,00	1,24	0,19	0,09	-0,07	-4,65
importe medio								
2013	725,61	859,67	531,25	843,55	1.211,28	818,25	972,48	382,36
13/12	3,35	0,96	2,85	2,81	2,69	2,65	3,28	1,97
España								
número								
2013	9.145.966	6.395.316	1.910.258	131.240	67.271	208.849	40.278	392.754
13/12	1,63	5,09	1,48	0,01	-0,35	-0,09	-2,06	-3,51
importe medio								
2013	862,00	956,42	606,29	915,23	1.484,35	922,44	1.157,46	381,37
13/12	3,08	1,53	3,31	2,50	2,76	2,54	1,92	1,78
Galicia / España								
número								
2013	8,1	5,8	14,5	41,6	2,4	8,7	6,9	4,1
importe medio								
2013	84,18	89,9	87,6	92,2	81,6	88,7	84,0	100,3

SOVI: Seguro obligatorio de vejez e invalidez

(1) datos a 31 de decembro de cada ano; os datos do importe medio están en euros/mes

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 4.1.5.

A prestación por xubilación, na súa modalidade contributiva, cubre a perda de ingresos que sofre unha persoa cando, acadada a idade establecida, cesa no traballo por conta allea ou propia, poñendo fin a súa vida laboral, ou reduce a súa xornada de traballo e o seu salario nos termos legalmente establecidos. Poderán ser beneficiarios desta prestación na súa modalidade contributiva ordinaria as persoas entre 65 e 67 anos, en función do tempo cotizado, que teñan un período cotizado mínimo de 15 anos.

En Galicia no ano 2013, o número de beneficiarios de pensións contributivas por xubilación foi de 456.100 persoas, cinco mil máis que no ano anterior, o que supón o 8,4% do total de beneficiarios estatais. O importe medio mensual foi de 809,9 euros, inferior en 171 euros ao importe medio do Estado, o que sitúa a Galicia como a comunidade cun importe medio das pensións contributivas de xubilación máis reducido de todo o Estado español.

Respecto ás pensións por viuvez, orfandade e favor familiar, as prestacións por morte e supervivencia están destinadas a compensar a situación de necesidade económica que produce, para determinadas persoas, o falecemento doutras.

No ano 2013, en Galicia, son 185.800 os beneficiarios de pensións contributivas de viuvez e 27.600 de orfandade e favor familiar, cuns importes medios mensuais respectivamente de 520,9 e 386,3 euros. Galicia representa o 8% do total estatal deste tipo de pensións. O importe medio das pensións de viuvez en Galicia é o máis reducido do conxunto do Estado, con case 100 euros menos ao mes que a media. A pensión de orfandade e favor familiar é a única das pensións contributivas en Galicia cun importe medio superior á media estatal.

En canto á distribución segundo réximes, os datos a 31 de decembro de cada ano, recollidos no **cadro 4.1.5.**, indican que o réxime xeral e o

especial de traballadores autónomos acollen 372.557 e 277.776 pensións, respectivamente, situándose o importe medio en 859,7 e 531,2 euros/mes, respectivamente. No réxime especial de traballadores do mar, o número de pensións ascendeu a 54.585 e o seu importe medio, a 843,5 euros mensuais, salientando o feito de que o 41,6% do total estatal de pensións contributivas neste réxime están localizadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

No ano 2013, Galicia segue sendo a comunidade co menor importe medio mensual no caso do réxime de traballadores autónomos e a cuarta con menor importe medio no réxime xeral, por detrás de Estremadura, Murcia e Andalucía. No caso do réxime especial de traballadores do mar, o importe medio galego ascende aos devanditos 843,5 euros/mes, o menor do Estado.

Comparativamente co ano anterior, salienta o incremento do número de pensións contributivas en Galicia (6.400 máis que no ano 2012) motivado fundamentalmente polo incremento das correspondentes ao réxime xeral (26.637 máis), pola integración neste réxime dos beneficiarios de pensión do réxime especial de traballadores do fogar, que desaparece. O número de pensións dentro do réxime especial de traballadores do mar tamén se incrementa (671 máis). Os citados incrementos compensan as caídas rexistradas no caso dos traballadores autónomos (2.817 menos) e no seguro obrigatorio de velez e invalidez (SOVI) (787 menos).

O importe medio das pensións contributivas en Galicia acadou de media no ano 2013 os 720,3 euros mensuais, 24 euros máis que no ano 2012, o que sitúa a Galicia, un ano máis, como a comunidade co importe medio das pensións contributivas máis reducido do conxunto do Estado. Por clase de pensión, todas as pensións contributivas teñen en Galicia un importe medio inferior á

media estatal, agás as de orfandade e favor familiar, que se sitúan en torno á media. Así mesmo, o importe medio das pensións de xubilación e viuvez galegas é o máis reducido do Estado; no caso das pensións por incapacidade permanente o importe medio en Galicia é o terceiro máis baixo.

PENSIONES NON CONTRIBUTIVAS

As pensións non contributivas, reguladas na Lei Xeral da Seguridade Social, aseguran a todos os cidadáns unha prestación económica, asistencia médico farmacéutica gratuíta e servizos sociais complementarios, aínda que non teñan cotizado ou o teñan feito de xeito insuficiente para ter dereito a unha pensión contributiva

A media de pensións non contributivas rexistradas en Galicia no ano 2013, novamente, reflicte o descenso no número total de beneficiarios. A pesar do citado descenso, a Comunidade Autónoma de Galicia segue sendo a cuarta comunidade con maior número de beneficiarios, acadando 43.925 beneficiarios (o 9,8% do total de beneficiarios en España), despois de Andalucía, Cataluña e Valencia, con 101.707, 55.659 e 46.400 beneficiarios, respectivamente.

O 37,6% do total de beneficiarios teñen unha pensión de invalidez e o restante 62,4%, de xubilación. Ao igual que o acontecido en anos anteriores, o **cadro 4.1.6.** amosa o descenso tanto das pensións de invalidez (representan o 8,4% do total estatal) coma das pensións de xubilación (o 10,9% destas pensións no conxunto do Estado). O importe medio mensual das pensións non contributivas é de 388,2 euros para as pensións por invalidez e de 351,8 euros para as pensións por xubilación.

Os beneficiarios das pensións non contributivas que teñen a súa residencia fixada en Galicia son,


Pensións non contributivas nas CC.AA. 2012-13 ⁽¹⁾

	Total			Invalidez			Xubilación		
	2012	2013	13/12 (%)	2012	2013	13/12 (%)	2012	2013	13/12 (%)
Andalucía	101.768	101.707	-0,1	44.904	45.416	1,1	56.864	56.291	-1,0
Aragón	7.762	7.700	-0,8	2.850	2.809	-1,4	4.912	4.891	-0,4
Asturias	9.565	9.489	-0,8	4.666	4.660	-0,1	4.899	4.830	-1,4
Baleares	7.590	7.509	-1,1	3.340	3.232	-3,2	4.250	4.276	0,6
Canarias	42.603	42.714	0,3	19.338	19.307	-0,2	23.265	23.408	0,6
Cantabria	6.309	6.424	1,8	3.200	3.256	1,8	3.109	3.168	1,9
Castela-A Mancha	20.375	20.174	-1,0	9.408	9.459	0,5	10.967	10.715	-2,3
Castela e León	22.424	22.386	-0,2	9.735	9.795	0,6	12.689	12.592	-0,8
Cataluña	56.012	55.659	-0,6	24.788	24.873	0,3	31.224	30.786	-1,4
C. Valenciana	46.332	46.400	0,1	19.788	19.509	-1,4	26.543	26.891	1,3
Extremadura	14.446	14.202	-1,7	5.807	5.801	-0,1	8.639	8.401	-2,8
Galicia	44.878	43.925	-2,1	16.879	16.510	-2,2	27.998	27.415	-2,1
Madrid	33.598	34.645	3,1	13.507	13.933	3,2	20.092	20.712	3,1
Murcia	13.923	14.174	1,8	7.308	7.399	1,2	6.615	6.775	2,4
Navarra	2.653	2.635	-0,7	862	877	1,7	1.790	1.758	-1,8
País Vasco	10.230	10.449	2,1	5.736	5.772	0,6	4.494	4.677	4,1
A Rioxa	1.732	1.772	2,3	744	759	2,0	989	1.013	2,4
Ceuta e Melilla	4.224	4.326	2,4	2.015	2.110	4,7	2.210	2.216	0,3
Total	446.424	446.290	0,0	194.875	195.477	0,3	251.549	250.815	-0,3
G/E (%)	10,1	9,8		8,7	8,4		11,1	10,9	

(1) medias anuais

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social


■ 4.1.6.

Pensións non contributivas 2007-13 ⁽¹⁾; distribución segundo clase de pensión

(1) medias anuais, en miles

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 4.1.7.

Importe medio das pensións non contributivas 2007-13 ⁽¹⁾: distribución segundo clase de pensión

(1) medias anuais, en euros
Fonte: IMSERSO

■ 4.1.8.

Prestacións sociais e económicas da LISMI nas CC.AA. 2012-13 ⁽¹⁾

	2012	2013	13/12 (%)
Andalucía	4.674	4.106	-12,2
Aragón	696	603	-13,4
Asturias	865	782	-9,6
Baleares	191	169	-11,5
Canarias	289	264	-8,7
Cantabria	638	610	-4,4
Castela-A Mancha	2.752	2.563	-6,9
Castela e León	3.674	3.052	-16,9
Cataluña	1.344	1.185	-11,8
C. Valenciana	2.388	2.064	-13,6
Estremadura	1.552	1.145	-26,2
Galicia	1.326	1.017	-23,3
Madrid	2.639	2.469	-6,4
Murcia	3.471	3.131	-9,8
Navarra	-	-	-
País Vasco	-	-	-
A Ríoxa	157	118	-24,8
Ceuta e Melilla	606	587	-3,1
Total	27.262	23.865	-12,5
Galicia/España (%)	4,9	4,3	

LISMI: Lei de integración social do minúsválido

(1) beneficiarios; medias anuais

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 4.1.9.

maioritariamente, mulleres, nunha proporción en torno ao 69%, lixeiramente inferior á participación media feminina no Estado español. O predomínio feminino obsérvase nas catro provincias galegas, mais con diferenzas cuantitativas. Así, a provincia de A Coruña, cunha porcentaxe en torno ao 72%, rexistra a participación feminina máis elevada, fronte ás provincias de Ourense e Lugo, que ofrecen unha participación das máis reducidas do Estado, só superior á das tres provincias vascas.

O estado civil maioritario entre os beneficiarios de pensións non contributivas en Galicia é o de casado cunha participación en torno ao 46%, superior á media estatal, fronte á porcentaxe de beneficiarios solteiros que, en Galicia, é case tres puntos inferior á media do Estado. Analizando conxuntamente as variables sexo e estado civil, obsérvase que máis do 55% das mulleres beneficiarias están casadas e o 60% dos homes beneficiarios están solteiros.

A forma de convivencia máis habitual dos beneficiarios galegos de pensións non contributivas é a de integración nunha unidade económica de convivencia (66% dos pensionistas). A composición da unidade económica de convivencia que rexistra unha maior frecuencia entre os beneficiarios deste tipo de pensións é a integrada por dous e tres membros, xa que representan en torno ao 42% do total.

A Lei 13/1982, de 7 de abril, estableceu un sistema especial de prestacións sociais e económicas para aquelas persoas con discapacidade que, por non desenvolver unha actividade laboral, non están incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social. A tramitación das ditas prestacións establécese a través de:

- Subsidio de Garantía de Ingresos Mínimos (SGIM)

- Subsidio por Axuda de Terceira Persoa (SATP)
- Subsidio de Mobilidade e Compensación por Gastos de Transporte (SMGT)
- Asistencia Sanitaria e Prestación Farmacéutica (ASPF)


Destas prestacións, as tres primeiras son prestacións económicas de pago mensual, mentres que a última ten por obxecto a prestación dos servizos necesarios para conservar e restablecer a saúde dos seus beneficiarios.

Se ben esta lei foi derogada polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, o marco prestacional establecido pola citada lei 13/1982 continúa vixente.

No ano 2013 descende novamente o número de beneficiarios de prestacións sociais e económicas da Lei de Integración Social dos Minusválidos (Lismi) e das pensións asistenciais. No primeiro caso, tal e como reflicte o **cadro 4.1.9.**, volve a rexistrarse un descenso do número de beneficiarios en tódalas comunidades autónomas, que no caso galego foi do 23,3% respecto a 2012 (309 beneficiarios menos), un descenso porcentual superior ao experimentado no conxunto do Estado (12,5%). O número de beneficiarios destas prestacións descendeu en Galicia ata os 1.017 beneficiarios, reducíndose levemente a súa importancia relativa no conxunto de España (4,3% en 2013 fronte ao 4,9% en 2012).

A contía vixente cada ano establécese na correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado, de xeito que a Lei 17/2012, de 27 de decembro e o Real Decreto-Lei 29/2012, de 28 de decembro, establecen as contías vixentes para o ano 2013 dos subsidios económicos, que quedan fixados nos importes mensuais seguintes:

Prestacións sociais e económicas da LISMI 2007-13 (1): distribución segundo clase (2)




(1) número de prestacións; en medias anuais

(2) SGIM: Subsidio de garantía de ingresos mínimos; SATP: Subsidio por axuda de terceira persoa; SMGT: Subsidio de mobilidade e compensación por gastos de transporte

Fonte: IMSERSO

4.1.10.

Importe bruto das nóminas da LISMI 2007-13 (1): distribución segundo clase (2)



(1) importe bruto, en miles de euros

(2) SGIM: Subsidio de garantía de ingresos mínimos; SATP: Subsidio por axuda de terceira persoa; SMGT: Subsidio de mobilidade e compensación por gastos de transporte

Fonte: IMSERSO

4.1.11.

Prestacións por desemprego e paro rexistrado en Galicia e España 2012-13 ⁽¹⁾

	2012	
	Galicia	España
Beneficiarios		
totais	161.782	2.957.378
prestación contributiva	85.921	1.403.283
subsidio	64.136	1.184.349
renta activa de inserción	11.725	232.413
subsidio eventuales agrarios		137.333
Paro rexistrado (2)	270.515	4.720.404
Taxas cobertura (3)		
total	63,25	64,05
	2013	
	Galicia	España
Beneficiarios		
totais	149.687	2.742.905
prestación contributiva	73.795	1.221.534
subsidio	63.400	1.140.367
renta activa de inserción	12.492	250.333
subsidio eventuales agrarios	-	130.671
Paro rexistrado (2)	276.007	4.845.302
Taxas cobertura (3)		
total	59,96	61,44

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

(2) medias anuais

(3) datos a 31 de decembro de cada ano; indicador da taxa de cobertura se calcula a partir da seguinte fórmula:
beneficiarios prestacións / (paro rexistrado con experiencia laboral + beneficiarios subsidios agrarios)

(paro rexistrado con experiencia laboral = paro rexistrado-paro rexistrado sen emprego anterior)

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 4.1.12.

- SGIM: 149,86 euros mensuais.
- SATP: 58,45 euros mensuais
- SMGT: 62,70 euros mensuais.

PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO

O número total de beneficiarios de prestacións de desemprego redúcese no ano 2013 tanto en Galicia como no conxunto do Estado. Os perceptores desta prestación reducíronse nun 7,5% respecto ao ano precedente (redución do 7,2% en España), acadando as 149.687 persoas. A citada baixada no número de beneficiarios prodúcese tanto no número de perceptores de prestacións contributivas como de subsidios, fronte ao leve ascenso no número de beneficiarios da renda activa de inserción.

O 49,3% dos beneficiarios da prestación por desemprego en Galicia no ano 2013 tiñan dereito ás prestacións de nivel contributivo, sendo esta porcentaxe do 53,1% no ano 2012, correspondendo un 42,3% a beneficiarios de prestacións de nivel asistencial (39,6% no ano anterior) e o 8,3% restante, á renda activa de inserción (7,2% no ano 2012).

Fronte ao aumento do 2% do paro rexistrado, o número de beneficiarios das prestacións por desemprego cae un 7,5%, diminuindo a porcentaxe sobre o total de prestacións contributivas e aumentando as porcentaxes de beneficiarios do subsidio e da renda activa de inserción. Asociado ao descenso no número de beneficiarios, no ano 2013 redúcese tamén o importe medio da pres-

tación contributiva que pasa de 818 euros mensuais no ano 2012 a 789 euros de media no ano 2013. Os importes dos subsidios e da renda activa de inserción, permanecen constantes en 426 euros ao mes (80% do IPREM).

A taxa de cobertura, **cadro 4.1.12.**, mide a porcentaxe de parados con experiencia laboral que son beneficiarios dalgún tipo de prestación por desemprego. En Galicia esta taxa foi no ano 2013 do 60%, fronte ao 63,2% do ano anterior. A taxa de cobertura en Galicia sitúase 1,5 puntos porcentuais por debaixo da media estatal.

Do conxunto de parados con experiencia laboral, un 29,6% son beneficiarios dunha prestación contributiva, unha porcentaxe inferior á do ano 2012 (33,6%), e un 25,4% son beneficiarios dun subsidio, fronte ao 25,1% do ano anterior. ■

4.2.

SAÚDE

A evolución demográfica en Galicia, con tendencia ao envellecemento e ao despoboamento de grandes territorios, condiciona de xeito fundamental a evolución das necesidades actuais e futuras de prestacións sanitarias. Neste senso, o 23,1% da poboación galega a un de xaneiro de 2013 tiña 65 ou máis anos, cando no conxunto do Estado esta porcentaxe sitúase no 17,7%. Este maior peso relativo, **cadro 4.2.1.**, implica uns índices de vellez, envellecemento e sobreenvellecemento superiores á media española.

O elevado índice de dependencia xeral en Galicia (55,6% fronte a 50,7% de media estatal), ven motivado polo maior índice de dependencia senil (36% fronte ao 26,6% en España), xa que o índice de dependencia xuvenil sitúase 4,4 puntos por baixo (19,6% en Galicia e 24% en España). O envellecemento da poboación galega afecta directamente ao gasto sanitario per cápita, que aumenta exponencialmente coa idade. Así mesmo, a poboación con maiores necesidades asistenciais vese afectada, en maior medida, polos recortes de servizos e de orzamentos no ámbito sanitario.

O 9 de decembro de 2013 apróbase a lei 12/2013 de garantías de prestación sanitarias, previo ditame preceptivo do Consello Económico e Social de Galicia (Ditame 04/2013) *.

Esta lei ten por obxecto o establecemento dun conxunto de garantías necesarias, aos usuarios do Sistema público de saúde de Galicia, para o exercicio dos dereitos de atención sanitaria nos prazos establecidos, a libre lección de médico de familia, pediatra e persoal de enfermería, así como de centro hospitalario, a solicitude dunha segunda opinión médica e a formulación das instrucións previas e de información dos dereitos, deberes, servizos e programas do Sistema público de saúde de Galicia

A planificación sanitaria enmárcase dentro do Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014, horizonte 2020, que ten por obxectivo incrementar o benestar e calidade de vida dos cidadáns, tratán-

* <http://www.ces-galicia.org/publicacions/ditames/ditame-sobre-anteproxecto-lei-garant%C3%ADas-das-prestaci%C3%B3ns-sanitarias>.

Indicadores demográficos básicos de Galicia e España 2012-13

	2012		2013	
	Galicia	España	Galicia	España
Poboación	2.781.498	47.265.321	2.765.940	47.129.783
menor de 16 anos	347.361	7.494.016	348.473	7.510.689
menor de 20 anos	438.234	9.290.273	435.003	9.256.953
entre 16 e 64 anos	1.798.258	31.549.109	1.777.204	31.283.053
65 e máis anos	635.879	8.222.196	640.263	8.335.861
85 e máis anos	96.686	1.154.085	99.912	1.195.430
Índices (1)				
vellez	22,9	17,4	23,1	17,7
envellecemento	145,1	88,5	147,2	90,0
sobreenvellecemento	15,2	14,0	15,6	14,3
dependencia xeral	54,7	49,8	55,6	50,7
dependencia xuvenil	19,3	23,8	19,6	24,0
dependencia senil	35,4	26,1	36,0	26,6
de recambio	151,0	111,9	158,7	121,2

(1) índice de vellez: relación entre a poboación maior de 65 anos e a poboación total;

índice de envellecemento: relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos;

índice de sobreenvellecemento: relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos;

índice de dependencia xeral: relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (poboación menor de 15 anos e poboación maior de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

índice de dependencia xuvenil: relación entre a poboación nova (poboación menor de 15 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

índice de dependencia senil: relación entre a poboación maior (poboación maior de 64 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

índice de recambio: entre a poboación entre 60 e 64 anos e a poboación entre 15 e 19 anos, mide a capacidade dunha poboación para substituír os individuos que van xubilando

Fonte: IGE e INE

■ 4.2.1.

dose de acadar dito obxectivo pola interrelación de cinco eixes de actuación. Cun orzamento de máis de oito mil millóns de euros, a distribución por eixes, manifesta que os gastos do eixe 1 destinados a acadar cohesión social, benestar e calidade de vida son os que absorben unha maior parte do dito orzamento. Dentro deste eixe 1, o segundo obxectivo estratéxico é o de "*Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para todos os galegos e galegas*". Este obxectivo estratéxico representa o 55,5% do orzamento do Eixe 1 no ano 2013, e o 40,7% do PEG 2020, cun importe de 3.406 millóns de euros.


No que respecta aos indicadores estratéxicos de cumprimento deste obxectivo, os indicadores de atención primaria relativos ao persoal, mostran que o número de médicos en atención primaria no Sistema Público de Saúde de Galicia por cada mil habitantes mantense estable en torno ao 0,6, a pesar da redución do seu número en termos

absolutos dende o ano 2008. O número de pediatras medra ata acadar 10,9 facultativos por 100.000 habitantes, fronte ao 10,3 do ano anterior. Estes indicadores están afectados polo retroceso da poboación e do número de nacementos en Galicia nos últimos anos (**gráfico 4.2.2.**).

Os indicadores de atención primaria relativos aos centros, sinalan que no ano 2011 redúcese en sete o número de centros de atención primaria así como o número de prazas dotadas que pasa de 3,4 por cada mil habitantes no ano 2010 a 3,2 no ano 2011. Analizando un período temporal máis longo, observamos un proceso de concentración de prazas na atención primaria, cun marcado descenso no número de centros (505 no ano 2000) e un aumento no número de prazas por cada mil habitantes (2,4 no 2000) (**gráfico 4.2.3.**).

Na atención especializada, os indicadores estratéxicos mostran a existencia de dous centros de


Médicos e pediatras en atención primaria 2000-2011



Fonte: Sergas

■ 4.2.2.


Centros e prazas dotadas en atención primaria 2000-11



Fonte: Sergas

■ 4.2.3.

Centros de atención especializada e persoal 2000-2012



Fonte: Sergas

■ 4.2.4.

Obxectivos do Plan de prioridades sanitarias 2011-2014

O1.- Promover a saúde e responder ás necesidades do cidadán a través de dispositivos asistenciais e plans específicos como os Programas de cribado (Cancro de mama; Cancro de colon; Xordeira neonatal e Metabolopatías), e os Programas de Vacinación infantil e de adultos e protección e control das enfermidades transmissibles tanto en adultos como en infantís.

O2.- Garantir a atención urxente e emergente na Comunidade Autónoma, a través do servizo de Urgencias Sanitarias 061.

O3.- Modernización das infraestruturas.

O4.- Garantir a prestación de servizos no lugar e momento adecuados, cos niveis de calidade e seguridade comprometidos:

posta en funcionamento de circuitos rápidos e de consultas de alta resolución, mantendo o tempo medio de espera cirúrxica para prioridade I inferior aos 30 días.

O5.- Implantar dúas vías rápidas de consulta en sospeita de patoloxía grave cun tempo medio de espera inferior a 15 días en cada área de xestión integrada.

O6.- Xestionar os recursos de forma rigorosa e eficiente, mellorando o rendemento, a produtividade e a eficiencia a través de actuacións dirixidas a mellorar o desenvolvemento económico do contorno hospitalario, impulsando nun 10% a centralización das compras de medicamentos e produtos sanitarios, e incidindo cada vez máis na dispensación e prescrición dos medica-

mentos xenéricos para acadar un mínimo do 30%.

O7.- Implantar a historia clínica e receita electrónica en todos os centros sanitarios. No ano 2013, o obxectivo xeral é manter o 95% de cobertura da historia clínica electrónica, de receita electrónica e da imaxe dixital en todos os centros sanitarios, e impulsar, á súa vez, o desenvolvemento da telemedicina e o traballo en rede.

O8.- Definir unha política de persoal en liña coas necesidades do sistema e dos profesionais, mellorando a calidade da formación sanitaria no ámbito da docencia clínica impartida nos centros do sistema sanitario público de Galicia.



atención especializada menos no ano 2011 en relación aos existentes no ano 2008, 59 fronte a 61, e igualmente un descenso no persoal total nos establecementos sanitarios con réxime de internado que pasa de 32.989 persoas no ano 2008, a 31.383 no ano 2011 (**gráfico 4.2.4**).

O custo da prestación farmacéutica diminúe por primeira vez no ano 2011, despois dunha medra continuada dende o ano 2000. O citado custo diminúe tanto en termos absolutos acadando os 915,4 miles de euros, como por beneficiario con 333 euros, fronte aos 367 euros por beneficiario de custo no ano 2010.

O obxectivo estratéxico de garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para todos os galegos e galegas desenvólvese a través de proxectos encadrados en cinco programas de gasto.

411A: Dirección e servizos xerais de sanidade:
60.179.698 euros

412A: Atención especializada:
2.056.219.819 euros

412B: Atención primaria:
1.185.566.650 euros


413A: Protección e promoción da saúde pública:
58.477.535 euros

414A: Formación de graduados e posgraduados:
45.546.872 euros.

Como eixo fundamental da programación da sanidade galega, compre salientar o Plan de Prioridades sanitarias 2011-2014, onde se identifican os problemas de saúde que se priorizan. Este Plan forma un todo coa "*Estratexia Sergas 2014*", de xeito que os seus principais obxectivos son comúns. Eses obxectivos priorizados recóllense no cadro desta páxina.

Os orzamentos da Xunta do ano 2013 correspondentes á produción de bens públicos de carácter social reflicten que se destinaron a este fin un total de 5.490 millóns de euros, un 5,7% menos que no ano anterior. As partidas máis importantes foron as de sanidade, que tras unha diminución do 4,3% acadou os 3.209 millóns de euros, e a correspondente a educación, con 2.267 millóns de euros, un 6,1% menos que en 2012. As reducións nos orzamentos das partidas de sanidade e educación son, no ano 2013 superiores ás que se produciron no exercicio precedente.


Camas en funcionamento en Galicia e España 2000-11



(1) camas en funcionamento nos establecementos sanitarios con réxime de internado por cada 1000 habitantes
 Fonte: Sergas

■ 4.2.5.

Intervencións cirúrxicas en Galicia e España 2000-11



(1) intervencións en establecementos con réxime de internado segundo quirófano en funcionamento
 Fonte: Sergas

■ 4.2.6.

Produción de bens públicos de carácter social 2012-13

	2012	2013	13/12
	(en miles de euros)		(%)
Total	5.823.621	5.489.862	-5,7
Sanidade	3.354.355	3.209.100	-4,3
Educación	2.202.123	2.066.835	-6,1
Cultura	78.866	61.706	-21,8
Deportes	21.097	18.553	-12,1
Vivenda	56.074	30.772	-45,1
Outros servizos comunitarios e sociais	111.106	102.896	-7,4

Fonte: Xunta de Galicia

■ 4.2.7.

Proxecto de investimentos do Programa de Protección e Promoción da Saúde 2012-13

	2012	2013	13/12
	(en miles de euros)		(%)
Total	23.446,0	18.163,9	-22,5
Programa de coord. da insp. e laboratorios de Saúde Pública	238,6	309,5	29,7
Tarxeta sanitaria	276,9		-100,0
Programa de aseguramento da calidade no control da EET	1.000,0		-100,0
Programa de sistemas de información de saúde pública	200,2	214,0	6,9
Programa de coordinación e calidade	130,0	238,8	83,7
Programa de prevención drogodependencias	25,0	25,0	0,0
Promoción de estilos de vida saudables	25,0	92,0	268,1
Seguridade alimentaria	309,0	487,5	57,8
Sanidade ambiental	178,8	116,4	-34,9
Actuacións laboratorios saúde pública	1.846,5	17,3	-99,1
Prevención e control de enfermidades transmisibles	359,7	326,5	-9,2
Programa galego de vacinacións	15.874,3	12.098,3	-23,8
Equipamento informático saúde pública	1.588,2	1.788,2	12,6
Programas poboacionais de cribado	1.393,8	1.183,0	-15,1
Plataforma de Innovación		150,0	
Coordinación dos servizos de inspección		1.117,4	

Fonte: Xunta de Galicia

■ 4.2.8.

Co obxecto de mostrar unha visión global da situación do sistema sanitario en Galicia, distinguimos a continuación, entre indicadores de saúde, de establecementos sanitarios, de consumo farmacéutico e de gasto sanitario.

INDICADORES DE SAÚDE

O envellecemento da poboación presenta en Galicia unha alta intensidade, das maiores do territorio español e europeo. Neste senso, a porcentaxe de poboación de 65 ou máis anos en relación á poboación total, aumenta en Galicia ano tras ano, representando na actualidade en torno ao 23%. Un indicador que mide a evolución deste colectivo é o índice de envellecemento que relaciona a poboación de 65 e máis anos con respecto a cada 100 persoas menores de 20 anos. Mentres que no conxunto de España este indicador presenta valores estables en torno ao valor 85, en Galicia presenta incrementos continuos superando o valor 145 no ano 2012. Asemade, a estrutura do grupo de poboación maior

de 65 anos tamén reflicte una evolución non positiva xa que fronte ao 25,7% do colectivo formado por persoas menores de 70 anos no ano 2013, as previsión para o ano 2023 estiman que esta porcentaxe se sitúa en torno ao 24,2%.

A esperanza de vida en Galicia nos últimos anos incrementouse significativamente, pasando de 78,9 anos en 1998 a 82,3 anos en 2012 (último dato dispoñible), o que unido ás baixas taxas de natalidade existentes, determina o forte envellecemento da estrutura poboacional galega. No que respecta ás causas máis importantes que provocan as máis de 30 mil defuncións que se produciron no ano 2012, salientan as relacionadas co sistema circulatorio e os tumores, que conxuntamente causan o 60,7% das defuncións. Finalmente, a mortalidade infantil dende o ano 1991 ata a actualidade reduciuse pasando do 8,35 por mil ata o 2,6 por mil no ano 2012, sendo notablemente inferior á media estatal, que no citado ano foi do 3,1 por mil, e inferior tamén á media da UE-27 que se sitúa no 3,9 por mil (ano 2011 último dispoñible).

Defuncións en Galicia e España 2002-12: distribución segundo causa de morte

2002						
	Total	Tumores	Sistema circulatorio	Sistema Respiratorio	Sistema dixestivo	Outras causas
Galicia	28.353	7.634	10.096	3.631	1.227	5.765
A Coruña	10.818	2.907	3.950	1.296	493	2.172
Lugo	4.917	1.228	1.734	676	214	1.065
Ourense	4.447	1.119	1.697	614	162	855
Pontevedra	8.171	2.380	2.715	1.045	358	1.673
España	368.618	97.784	125.797	41.427	18.947	84.663
2012						
Galicia	30.871	8.442	10.287	3.534	1.518	7.090
A Coruña	11.992	3.256	4.185	1.367	644	2.540
Lugo	5.058	1.280	1.738	572	213	1.255
Ourense	4.731	1.187	1.649	590	241	1.064
Pontevedra	9.090	2.719	2.715	1.005	420	2.231
España	402.950	110.993	122.097	47.336	19.797	102.727

Fonte: INE

■ 4.2.9.

No ámbito orzamentario, o programa de protección e promoción da saúde pública, ten como obxectivo fundamental mellorar a saúde da poboación, diminuíndo a incidencia e carga das enfermidades a través da identificación dos factores protectores e de risco. O importe presupostado en 2013 para os proxectos de investimento dentro deste programa redúcese nun 22,5%, acadando un crédito total de 18,1 millóns de euros. O 65,5% do total diríxese ao Programa galego de vacinacións (12,1 millóns de euros), seguíndolle en importancia, no que ao importe se refire, o equipamento informático con 1,8 millóns de euros e os programas poboacionais de cribado con 1,2 millóns de euros.

Un aspecto importante a destacar é o forte descenso nos investimentos nos ámbitos de "Actuacións laboratoriais saúde pública", que no exercicio precedente veuse significativamente incrementado pola dotación do complexo hospitalario de Lugo, así como nos de "Sanidade ambiental",

"Programa galego de vacinacións", "Programas poboacionais de cribado" e na "Prevención e control de enfermidades transmisibles", así como a desaparición no ano 2013 das actuacións de "Programa de aseguramento da calidade no control da EET" e "Tarxeta sanitaria", que dispoñían de crédito no programa 413A no ano 2012. Fronte á eliminación destas actuacións, no orzamento inicial do ano 2013 aparecen créditos para investimento directo para a plataforma de innovación así como para a coordinación dos servizos de inspección.

A principal causa de morte en Galicia no ano 2012 (último dato dispoñible) son as enfermidades relacionadas co sistema circulatorio, causantes do 33,3% das defuncións, seguidas dos tumores, que causan o 27,3% dos decesos. Na última década, as defuncións por afeccións circulatorias incrementáronse un 1,9% en Galicia fronte ao descenso do 3% no conxunto do Estado, e as mortes causadas por tumores incremen-

Defuncións segundo as principais causas de morte en Galicia e España

2002									
	TOTAL TUMORES	Tráquea, bronquios e pulmón	Colon	Tumores				TOTAL	Cerebro-vasculares
				Sitios mal definidos	Estómago	Próstata	Mama		
Galicia	7.634	1.324	719	602	539	516	394	10.096	3.102
grupos de idade									
0-39	140	14	2	11	4	-	10	66	25
40-64	1.760	426	121	109	96	20	132	734	189
65-79	3.319	611	324	259	261	194	155	2.788	747
80 e máis	2.415	273	272	223	178	302	97	6.508	2.141
2012									
	TOTAL	Tráquea, bronquios e pulmón	Colon	Tumores				TOTAL	Cerebro-vasculares
				Estómago	Páncreas	Próstata	Mama		
Galicia	8.442	1.533	904	542	483	482	433	10.287	2.904
grupos de idade									
0-39	91	14	4	2	2	-	15	41	14
40-64	1.797	462	147	97	83	28	131	591	133
65-79	3.285	682	352	212	229	165	142	1.987	520
80 e máis	3.269	375	401	231	169	289	145	7.668	2.237

Fonte: INE

■ 4.2.10.

Vítimas mortais en estradas nas CC.AA. 2012-13 (1)

	2012	2013	13/12
			(%)
Andalucía	221	194	-12,2
Aragón	63	52	-17,5
Asturias	32	32	0,0
Baleares	45	28	-37,8
Canarias	31	28	-9,7
Cantabria	10	15	50,0
Castela-A Mancha	120	95	-20,8
Castela e León	127	112	-11,8
Cataluña	194	168	-13,4
C. Valenciana	115	93	-19,1
Extremadura	49	36	-26,5
Galicia	117	98	-16,2
Madrid	61	64	4,9
Murcia	32	34	6,3
Navarra	32	24	-25,0
País Vasco	46	42	-8,7
A Ríoxa	6	13	116,7
Total	1.301	1.128	-13,3

(1) vítimas mortais ás 24 horas

Fonte: Dirección General de Tráfico

■ 4.2.11.

a 2002-12

Enfermedades do sistema circulatorio				
Infarto agudo de miocardio	Insuficiencia cardíaca	Outras enfermidades do corazón	Outras enfermidades isquémicas	Hipertensivas
1.744	1.659	1.274	1.116	476
15	10	12	-	2
254	36	119	77	15
672	280	406	348	125
803	1.333	737	691	334

Enfermedades do sistema circulatorio				
Infarto agudo de miocardio	Insuficiencia cardíaca	Outras enfermidades do corazón	Outras enfermidades isquémicas	Hipertensivas
1.280	1.699	2.054	1.244	524
5	7	10	3	-
170	30	122	80	17
378	216	407	245	84
727	1.446	1.515	916	423

táronse un 10,6% fronte ao incremento do 13,5% de media en España (**cadro 4.2.9.**).

No ano 2012, o 62% dos finados tiñan máis de 80 anos. Os datos do **cadro 4.2.10.** mostran como en torno ao 75% das defuncións por enfermidades do sistema circulatorio son de persoas con máis de 80 anos, así como o 38,7% dos finados a causa de tumores.

Os datos proporcionados polo Rexistro Nacional de Casos de SIDA reflicten que, segundo as notificacións recibidas no ano 2012, rexistráronse en Galicia 209 novos casos de SIDA (3.210 casos no conxunto de España), o que supón unha taxa de 68/100.000 habitantes. En Galicia no ano 2012 existen 1.851 persoas diagnosticadas con esta enfermidade, o 7,2% do total estatal. A transmisión entre homes que manteñen relacións homosexuais segue a ser a máis frecuente, co 55% dos novos diagnósticos no ano 2012, seguida da transmisións heterosexual co 34% dos casos.

Dentro dos indicadores de saúde analízase tamén a sinistralidade, na que cómpre diferenciar aquela motivada por accidentes de tráfico e os accidentes laborais. No primeiro caso, o **cadro 4.2.11.** amosa novamente unha redución do número de vítimas mortais tanto en Galicia coma no conxunto do Estado. No último ano rexistráronse en Galicia un total de 98 persoas falecidas (o 8,7% do total de persoas falecidas en España), o que a sitúa como a cuarta Comunidade Autónoma con maior número de vítimas, tras Andalucía, Cataluña e Castela e León.

En relación aos accidentes laborais, o **cadro 2.3.1.** [*Accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo 2012-13: distribución segundo a gravidade e sector económico*] reflicte que o número de accidentes laborais con baixa en Gali-

cia decreceu novamente no último ano ata situarse nos 22.377 accidentes (un 5,4% menos que en 2012).

INDICADORES DE ESTABLECEMENTOS SANITARIOS

Entre os indicadores básicos do funcionamento do sistema sanitario, podemos destacar os datos de establecementos sanitarios, tanto no que respecta a aspectos cuantitativos referidos ao número de hospitais e camas, como cualitativos reflectidos nos datos de volume e tempo de agarda nas listas de espera.

A poboación protexida polo Sistema Nacional de Saúde en Galicia ascendeu no ano 2012 a 2.650.841 persoas, o que supón un crecemento do 2,8% desde o ano 2000, lonxe do crecemento medio estatal, que, entre as mesmas datas, incrementouse en máis dun 18%. Galicia acolle ao 5,85% da poboación total protexida polo sistema, sendo a quinta Comunidade Autónoma cunha maior poboación protexida, por detrás de Andalucía, Cataluña, Madrid e Valencia.

O Sistema Nacional de Saúde organízase en dous niveis asistenciais: atención primaria e atención especializada. A atención primaria pon a disposición da poboación unha serie de servizos básicos, sendo os dispositivos asistenciais principais os Centros de saúde, mentres que a atención especializada préstase en Centros de especialidade e en Hospitais.

Dentro desta organización, a localización dos recursos asistenciais responde, basicamente, a unha planificación sobre demarcacións demográfica e xeograficamente delimitadas, as áreas de saúde, que establece cada Comunidade Autónoma, tendo en conta factores de diversa índole pero, sobre todo, respondendo a un criterio de proximidade dos servizos ao usuario. As áreas de

saúde subdivídense, á súa vez, en zonas básicas de saúde, que son o marco territorial da atención primaria.

O **cadro 4.2.13.** mostra a existencia en Galicia no ano 2013 de 315 zonas básicas de saúde, só superada en número por Cataluña con 362, o que mostra a gran dispersión da poboación galega, onde desenvolven a súa actividade 394 centros de saúde e 78 consultorios locais.


O **cadro 4.2.14.** mostra o número de hospitais distinguindo a súa dependencia funcional. En Galicia no ano 2012 existen 38 hospitais, dos que 14 son públicos incluídos no Sistema Nacional de Saúde, e 24 privados, dos que dous son benéficos. No que respecta ao número de hospitais públicos (SNS), Galicia dispón dun número menor que outras Comunidades con menor poboación protexida.

No que respecta ao número de camas instaladas nos hospitais de Galicia, e outras CCAA, o **cadro 4.2.15.** mostra como en 2013 había un total de 9.927 camas instaladas, o que supón 3,74 camas instaladas por cada 1.000 persoas protexidas polo SNS (3,51 camas por cada 1.000 habitantes protexidos de media no conxunto do Estado). Galicia é a quinta Comunidade Autónoma cun maior número de camas instaladas, superada polas catro Comunidades con maior poboación protexida: Cataluña, Madrid, Andalucía e Valencia.

En relación ás listas de espera, a lista de espera estrutural cirúrxica inclúe a todos os pacientes que nun momento dado están en espera da realización dunha intervención cirúrxica en quirófano, tanto con ingreso como ambulatoria, e así a espera é atribuíble á organización dos recursos dispoñibles. O tempo medio de espera é a media de días en espera estrutural dos pacientes pendentes en espera estrutural, na data de análise,

Poboación protexida polo Sistema Nacional de Saúde 2000-2012

	2000	2012
Andalucía	6.862.013	7.998.741
Aragón	1.110.880	1.275.949
Asturias	1.040.341	1.045.032
Baleares	807.868	1.085.830
Canarias	1.629.975	2.031.790
Cantabria	508.477	572.544
Castela-A Mancha	1.642.563	2.034.224
Castela e León	2.307.639	2.396.986
Cataluña	6.079.705	7.401.312
C. Valenciana	3.938.806	4.946.900
Extremadura	999.343	1.043.126
Galicia	2.577.402	2.650.841
Madrid	4.775.061	6.157.367
Murcia	1.067.336	1.401.754
Navarra	527.455	630.779
País Vasco	2.045.579	2.156.053
A Ríoxa	250.821	311.067
Ceuta e Melilla	110.233	135.440
Total	38.281.497	45.275.735



(1) non se inclúe na gráfica os datos das Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla (77,90% no ano 2000 e 82,29% no 2012)
 Fonte: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad

■ 4.2.12.

Centros de saúde nas CC.AA. 2013

	Zonas básicas	Centros de saúde	Consultorios locais
Andalucía	216	396	1.120
Aragón	125	121	868
Asturias	84	68	151
Baleares	57	57	103
Canarias	111	108	155
Cantabria	42	43	101
Castela-A Mancha	201	202	1.106
Castela e León	251	247	3.662
Cataluña	362	435	837
C. Valenciana	240	274	612
Extremadura	113	111	423
Galicia	315	394	78
Madrid	310	261	158
Murcia	89	81	184
Navarra	55	57	243
País Vasco	122	137	182
A Rioxa	19	20	174
Ceuta e Melilla	7	7	-
Total	2.719	3.019	10.157

Fonte: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad

4.2.13.

Hospitais nas CC.AA. 2013: distribución segundo dependencia patrimonial

	Seguridad Social	Ministerios	Comunidades Autónomas	Deputacións	Municipios	Entidades públicas	MATEP	Privado-benéfico (1)	Privado non benéfico
Andalucía	2	1	43	-	-	-	1	9	50
Aragón	7	1	11	-	-	1	1	2	6
Asturias	6	-	2	-	-	1	-	5	6
Baleares	3	-	4	3	-	-	1	2	10
Canarias	2	-	6	5	1	1	-	2	20
Cantabria	3	-	1	-	-	-	1	2	1
Castela-A Mancha	11	-	7	1	-	-	1	-	8
Castela e León	4	-	2	1	-	8	-	12	9
Cataluña	10	-	26	1	10	18	4	60	82
C. Valenciana	16	1	14	3	-	-	2	3	21
Extremadura	3	-	3	-	1	4	-	2	7
Galicia	4	-	3	-	-	7	1	2	21
Madrid	12	2	20	-	-	-	3	14	30
Murcia	6	-	4	-	1	-	1	2	13
Navarra	-	-	4	-	-	-	-	5	2
País Vasco	3	-	14	-	-	-	2	7	17
A Rioxa	2	-	3	-	-	-	-	-	2
Ceuta e Melilla	2	-	-	-	-	-	-	-	-
Total	96	5	167	14	13	40	18	129	305

MATEP: Mutuas de accidentes de trabajo e enfermidades profesionais

(1) privado-benéfico inclúe os hospitais da Cruz Vermella, Igrexa e outros

Fonte: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad

4.2.14.

Camas instaladas nos hospitais nas CC.AA. 2013: distribución segundo tamaño do hospital

	Total		ata 99 camas		100-199 camas		200-499 camas		500 ou máis	
	hospitais	camas	hospitais	camas	hospitais	camas	hospitais	camas	hospitais	camas
Andalucía	106	20.888	53	2.273	23	3.099	16	4.336	14	11.180
Aragón	29	5.351	12	576	9	1.228	6	1.450	2	2.097
Asturias	20	3.836	8	396	6	841	5	1.586	1	1.013
Baleares	23	3.056	9	439	10	1.548	4	1.069	-	-
Canarias	37	7.597	16	1.032	13	2.046	4	1.054	4	3.465
Cantabria	8	2.016	2	100	3	368	2	697	1	851
Castela-A Mancha	28	5.777	11	576	9	1.200	5	1.765	3	2.236
Castela e León	36	9.635	14	895	8	980	8	2.865	6	4.895
Cataluña	211	34.438	95	4.498	68	9.440	37	11.929	11	8.571
C. Valenciana	61	13.744	19	1.023	15	2.038	21	6.369	6	4.314
Estremadura	20	4.173	8	299	4	435	6	2.000	2	1.439
Galicia	38	9.927	20	1.173	9	1.132	2	635	7	6.987
Madrid	81	21.830	26	2.057	25	3.842	18	5.509	12	10.422
Murcia	27	4.763	10	613	11	1.439	4	1.227	2	1.484
Navarra	11	2.422	4	183	5	835	1	307	1	1.097
País Vasco	43	8.237	19	1.019	15	1.905	5	1.691	4	3.622
A Ríoxa	7	1.035	5	318	1	140	-	-	1	577
Ceuta e Melilla	2	422	-	-	1	170	1	252	-	-
Total	788	159.147	331	17.470	235	32.686	145	44.741	77	64.250

Fonte: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad

■ 4.2.15.

contabilizándose desde a data de inclusión ata a data de análise, calculado como o cociente do total de días en espera estrutural entre a data de inclusión e a data de análise e o total de pacientes pendentes en espera estrutural na data de análise.

A lista de espera estrutural de primeiras consultas de enfermidade inclúe a todos os pacientes que nun momento dado están en espera da realización dunha primeira consulta de enfermidade pola sospeita ou presenza dun determinado proceso patolóxico, e a súa espera é atribuíble á organización dos recursos dispoñibles. O tempo medio de espera é a media de días en espera estrutural dos pacientes en espera estrutural na data de análise, contabilizado desde a data de entrada en espera estrutural ata a data de análise.

Segundo os datos publicados polo Sergas e o Ministerio de Sanidade, o ano 2013 presenta un

incremento do número de pacientes na lista de espera estrutural cirúrxica e unha estabilización nos días de demora media. No ano 2013 o número de pacientes en lista de espera situábase nas 36.562 persoas, sendo a súa demora media de 84,2 días, practicamente igual que á espera media no ano anterior, 83,4 días, aínda que lonxe da espera media do ano 2008, que con 70 días foi a menor da serie analizada. O 30,1% dos pacientes galegos en lista de espera cirúrxica son da especialidade de traumatoloxía, e o 22,9% e 16,6% teñen unha patoloxía que require cirurxía oftalmolóxica e xeral ou de dixestivo, respectivamente.

En relación á doazón e aos transplantes, o pasado ano 2013 o número de doadores de órganos cadáver en Galicia foi de 97 (53 na provincia da Coruña, 9 na de Lugo, 6 na de Ourense e 29 na de Pontevedra), aos que hai que engadir 28 doadores de ril vivos.

Listas de espera en Galicia e no total do SNS 2007-13

		Listas de espera cirúrxica						
		2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Galicia								
espera estrutural	(nº pacientes)	33.436	32.122	35.318	34.343	35.590	36.089	36.562
espera media	(en días)	84	70	80	76	84	83	84
Total SNS								
espera estrutural	(nº pacientes)	364.901	372.572	372.468	392.072	459.885	571.395	559.335
espera media	(en días)	70	68	67	65	73	97	98

Listas de espera en consultas externas

		2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Galicia								
espera media	(en días)	71	65	69	66	66	55	50
Total SNS								
espera media	(en días)	53	59	59	53	58	59	54

Fonte: Sergas e Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad

■ 4.2.16.

Listas de espera cirúrxica a 31 de decembro de 2013:
distribución segundo especialidade

	pacientes en espera estrutural	tempo medio de espera
		(en días)
Total especialidades	36.562	84
Traumatoloxía	11.006	116
Oftalmoloxía	8.360	74
Cirurxía xeral ou de dixestivo	6.083	81
Uroloxía	2.393	51
Otorrinolaringoloxía	2.174	63
Xinecoloxía	1.489	54
Anxioloxía / Cir. Vascular	1.491	62
Cirurxía pediátrica	899	82
Cirurxía plástica e reparadora	862	71
Cirurxía maxilofacial	528	94
Neurocirurxía	515	74
Cirurxía cardíaca	260	68
Dermatoloxía	347	39
Cirurxía torácica	155	53

Fonte: Sergas

■ 4.2.17.

Doazóns e transplantes de órganos e tecidos 2012-13

	2012	2013	13/12 (%)
Doantes de órganos	100	97	-3,0
Transplantes de órganos	294	283	-3,7
renal	138	132	-4,3
hepático	91	85	-6,6
cardíaco	25	20	-20,0
pulmonar	35	42	20,0
de páncreas	5	4	-20,0
Transplantes de tecidos	1.200	1.334	11,2
proxenitores hematopoéticos	179	182	1,7
córneas	159	185	16,4
óseo e osteotendinoso	742	834	12,4
vascular	23	14	-39,1
membrana amniótica	97	119	22,7

Fonte: Sergas

■ 4.2.18.

Doazóns e transplantes nas CC.AA. 2013

	Doantes	Transplantes					
		Corazón	Intestinais	Fígado	Páncreas/Ril	Pulmón	Renal
Andalucía	297	27	-	195	18	34	412
Aragón	50	8	-	32	-	-	85
Asturias	47	14	-	34	-	-	48
Baleares	39	-	-	-	-	-	39
Canarias	69	-	-	36	3	-	101
Cantabria	33	25	-	22	13	49	61
Castela-A Mancha	73	-	-	-	-	-	94
Castela e León	133	4	-	49	8	-	108
Cataluña	207	52	-	167	19	69	540
C. Valenciana	171	22	-	126	9	29	237
Estremadura	31	-	-	30	-	-	30
Galicia	97	20	-	85	4	42	132
Madrid	224	62	8	189	18	62	406
Murcia	54	7	-	42	-	-	61
Navarra	16	8	-	23	-	-	26
País Vasco	96	-	-	63	-	-	156
A Ríoxa	18	-	-	-	-	-	16
Ceuta e Melilla	-	-	-	-	-	-	-
Total	1.655	249	8	1.093	92	285	2.552

Fonte: Organización Nacional de Trasplantes

■ 4.2.19.

A idade media do doador é de 62,1 anos, sendo o 63% do total de doantes, maiores de 60 anos. No que atinxe ás causas de morte dos doadores, os datos mostran unha forte tendencia á diminución dos accidentes de tráfico, sendo no ano 2013 o 2% do total fronte ao 20% que se acadaba no ano 2000. Os motivos principais de morte foron os accidentes cerebro vasculares, cun 72%, seguido dos traumatismos craneo encefálicos que non foron consecuencia de accidente de tráfico.

No que respecta á actividade transplantadora, en total realizáronse 283 transplantes de órganos nos hospitais do Servizo Galego de Saúde. En concreto, 132 foron de ril, deles 28 de doante vivo, 85 de fígado, 4 de páncreas, 20 de corazón e 42 de pulmón.

Comparando por CCAA, Galicia é a sexta Comunidade en número de doantes, tras Andalucía, Madrid, Cataluña, Valencia e Castela e León; a sexta Comunidade en canto a número de transplantes de corazón e ril, a quinta en transplantes de fígado; e a cuarta en transplantes de pulmón.

INDICADORES DE GASTO SANITARIO PÚBLICO

O Real Decreto-lei 28/2012, de 30 de novembro, de medidas de consolidación e garantía do sistema da Seguridade Social, na súa disposición final primeira modificou a Lei 29/2006, de 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, ao obxecto de equiparar as dispensacións mediante receita médica e orden de dispensación hospitalaria a efectos do aporte dos usuarios e os seus beneficiarios na prestación farmacéutica ambulatoria. Neste mesmo ámbito en setembro do ano 2013 apróbase unha Resolución pola que se modifican as condicións de financiamento público dos medicamentos, que sen ter a clasificación de uso hospitalario,

teñen establecidas reservas singulares no ámbito do Sistema Nacional de Saúde, consistentes en limitar a súa dispensación aos pacientes non hospitalizados nos servizos de farmacia dos hospitais; estes medicamentos pasan a someterse a unha aportación dun 10% do PVP dos mesmos, cun máximo de 4,20 euros.


No que respecta ao gasto farmacéutico, a factura de receitas prescritas ascendeu ata os 693 millóns de euros, o que significa o 7,5% do total estatal, e sitúa a Galicia como a quinta Comunidade Autónoma co gasto máis elevado tras Andalucía, Cataluña, Valencia e Madrid; no mesmo posto que no ano precedente, a pesar da redución do 2,5% do gasto farmacéutico, por debaixo da redución media estatal que foi do 6%.

A reforma do modelo de prestación farmacéutica ten como consecuencia a redución do gasto farmacéutico a partir do ano 2011.

A pesar da redución do 1,1% no gasto medio por receita facturada, Galicia sitúase con 11,55 euros no terceiro posto das Comunidades cun maior gasto medio. Por outra parte, o volume de receitas, tras un descenso do 1,4% respecto ao ano anterior, situouse nos 60 millóns o que suporía unha media de 22,6 receitas por persoa protexida polo Sistema Nacional de Saúde residente en Galicia, 3,6 máis que a media estatal (19). (No cálculo tense en conta a poboación protexida polo sistema da SS no ano 2012, por non dispoñer de dato máis actualizado no momento da elaboración da presente memoria).

Ao igual que acontece co gasto farmacéutico, os gastos sanitarios, en base ao orzamento inicial de gasto, reducíronse no ano 2013 en torno ao 3,2% en relación ao ano anterior, pasando a 3.419,4 millóns de euros, o que indica un gasto sanitario de 1.237,3 euros per cápita.

Gasto sanitario público 2002-11



Fonte: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad

■ 4.2.20.

Prestación farmacéutica a través de receita nas CC.AA. 2013

	Gasto farmacéutico			Receitas facturadas			Gasto medio por receita facturada	
	(en euros)	13/12	13/11	(en euros)	13/12	13/11	(en euros)	13/12
		(%)	(1) (%)		(%)	(1) (%)		(%)
Andalucía	1.596.564.202	-4,1	-12,5	161.435.150	-5,1	-9,8	9,89	1,1
Aragón	287.272.191	-7,1	-18,1	26.019.337	-6,7	-11,5	11,04	-0,4
Asturias	246.356.884	-8,2	-22,3	22.610.730	-6,0	-10,7	10,90	-2,4
Baleares	172.590.720	-4,9	-15,6	16.273.864	-5,9	-10,2	10,61	1,1
Cantabria	119.876.163	-6,0	-15,2	10.435.569	-5,2	-10,4	11,49	-0,9
Castela-A Mancha	444.447.791	-9,0	-17,6	41.466.538	-6,6	-10,0	10,72	-2,8
Castela e León	527.084.123	-6,2	-20,7	48.043.912	-4,6	-10,7	10,97	-1,7
Cataluña	1.315.116.472	-9,1	-21,8	131.818.684	-7,0	-14,7	9,98	-2,3
Canarias	407.675.137	-3,3	-16,4	38.547.026	-3,9	-7,6	10,58	0,6
C. Valenciana	1.105.948.082	-7,8	-21,4	95.557.374	-7,9	-16,3	11,57	-1,1
Extremadura	278.039.527	-3,6	-15,6	24.836.427	-4,2	-8,3	11,19	0,7
Galicia	692.758.500	-2,5	-16,5	59.999.811	-1,4	-10,0	11,55	-1,1
Madrid	1.003.339.477	-5,1	-15,4	97.066.688	-7,3	-11,8	10,34	2,4
Murcia	313.521.485	-6,1	-18,7	27.711.993	-6,5	-11,8	11,31	0,4
Navarra	118.851.809	-7,4	-19,8	10.888.274	-6,9	-11,5	10,92	-0,6
País Vasco	467.138.649	-4,8	-12,6	39.150.629	-7,2	-10,1	11,93	2,5
A Ríoxa	63.512.237	-6,4	-19,9	5.712.411	-5,8	-10,3	11,12	-0,7
Ceuta	12.421.569	-5,2	-13,6	1.086.317	-6,7	-11,1	11,43	1,6
Melilla	10.728.993	-0,5	-11,5	932.124	-4,1	-11,2	11,51	3,7
Total	9.183.244.011	-6,0	-17,5	859.592.858	-5,9	-11,7	10,68	-0,1

(1) variación antes/despois da reforma do modelo de prestación farmacéutica

Fonte: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad

■ 4.2.21.

Gastos sanitarios das CC.AA. 2009-2013 ⁽¹⁾

	2009		2010		2011		2012		2013	
	orçam. / per cápita		orçam. / per cápita		orçam. / per cápita		orçam. / per cápita		orçam. / per cápita	
	(en millóns de euros)	(en euros)	(en millóns de euros)	(en euros)	(en millóns de euros)	(en euros)	(en millóns de euros)	(en euros)	(en millóns de euros)	(en euros)
Andalucía	9.826,54	1.183,50	9.827,38	1.173,98	9.379,09	1.113,36	9.420,02	1.114,80	8.474,98	1.006,38
Aragón	1.879,71	1.396,76	1.907,63	1.416,11	1.849,08	1.373,51	1.856,72	1.375,89	1.620,36	1.204,12
Asturias	1.558,99	1.436,52	1.639,96	1.512,40	1.551,69	1.434,77	1.551,69	1.440,27	1.486,03	1.391,57
Baleares	1.257,53	1.147,98	1.176,35	1.063,56	1.176,35	1.056,81	1.222,48	1.092,05	1.174,19	1.057,77
Canarias	2.929,94	1.392,53	2.857,01	1.348,59	2.540,92	1.194,73	2.605,95	1.230,18	2.578,06	1.219,90
Cantabria	793,57	1.346,79	795,93	1.343,90	729,75	1.229,73	753,70	1.269,15	773,16	1.307,04
Castela-A Mancha	2.852,56	1.370,56	2.918,50	1.390,84	2.814,10	1.330,33	2.606,71	1.228,49	2.443,16	1.164,91
Castela e León	3.408,75	1.329,71	3.518,64	1.374,73	3.461,61	1.353,00	3.429,86	1.347,12	3.246,74	1.290,71
Cataluña	9.426,20	1.261,00	9.888,28	1.316,26	9.200,86	1.220,34	8.760,89	1.157,18	8.760,89	1.160,92
C. Valenciana	5.659,99	1.110,91	5.720,26	1.119,05	5.515,30	1.077,80	5.492,49	1.070,81	4.921,16	964,11
Extremadura	1.717,68	1.558,11	1.664,31	1.530,19	1.572,09	1.417,11	1.513,43	1.365,75	1.311,01	1.191,67
Galicia	3.767,12	1.347,28	3.728,81	1.332,84	3.547,32	1.268,98	3.530,93	1.269,43	3.419,36	1.237,33
Madrid	7.122,47	1.115,16	7.081,23	1.096,39	7.134,38	1.099,34	7.172,50	1.103,71	7.111,51	1.096,04
Murcia	1.853,66	1.281,46	1.984,83	1.357,63	2.023,45	1.376,43	1.796,32	1.218,30	1.778,88	1.209,26
Navarra	906,94	1.438,26	986,76	1.549,26	971,93	1.513,78	914,61	1.418,95	856,60	1.330,40
País Vasco	3.546,44	1.632,67	3.630,28	1.666,54	3.506,23	1.604,97	3.489,75	1.591,25	3.287,43	1.500,95
A Ríoxa	452,57	1.249,42	411,99	1.276,32	434,33	1.196,58	366,09	1.131,26	347,38	1.080,52
Total	58.960,64	1.329,33	59.738,15	1.345,21	57.408,47	1.285,98	56.484,13	1.260,27	53.590,90	1.200,80

(1) orzamentos iniciais de gastos

(2) os cálculos de orzamentos per cápita para 2013 están feitos a partir de cifras de poboación provisionais

Fonte: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad

■ 4.2.22.

A estrutura e volume poboacional, así como as características xeográficas de Galicia, determinan un gasto sanitario elevado, o quinto máis importante do Estado; este gasto sanitario acada en termos per cápita, tendo en conta o total de poboación, 1.237 euros, o sexto máis importante do conxunto de Comunidades Autónomas. ■

4.3.

INDICADORES DE
BENESTAR SOCIAL

O forte incremento dos niveis de desemprego, así como a redución de ingresos e de axudas, está entre as causas fundamentais dos menores niveis de benestar social así como do incremento da pobreza sufridos nos últimos anos.

Así mesmo, o incremento no prezo do subministro enerxético está favorecendo a aparición de novas bolsas de pobreza integradas polos consumidores máis vulnerables, que teñen que dedicar unha porcentaxe cada vez maior dos seus ingresos a cubrir estes gastos.

Os indicadores que se analizan neste capítulo son a pobreza e a cohesión social, as axudas para paliar a dependencia e a discapacidade, o ámbito da familia e a infancia e, para rematar, aspectos sobre a violencia e o maltrato. A análise desenvolvida realízase en base aos datos dispoñibles no momento de elaboración da presente Memoria.

POBREZA E COHESIÓN SOCIAL

O forte aumento dos niveis de pobreza e de des-

igualdade social son a consecuencia directa do impacto da crise económica sobre o desemprego e a caída de rendas, que afecta tanto ao consumo como á capacidade de aforro. O incremento dos niveis de desemprego e o aumento da precariedade laboral impacta sobre unha poboación envellecida, con pensións baixas, no caso de Galicia das máis reducidas do Estado, e con necesidades derivadas de situacións de dependencia, cada vez menos atendidas polos servizos públicos.

Fronte á redución dos niveis de ingresos das familias, o incremento da presión fiscal e, sobre todo, o incremento no prezo dos subministros básicos, está provocando que un número cada vez maior de fogares sufran a chamada pobreza enerxética.

Un indicador que mide o risco de pobreza e exclusión social, non só a partir do limiar de ingresos, senón tamén incorporando a situación laboral ou a escaseza de recursos materiais nos fogares é o denominado AROPE (At Risk Of

Poverty and/or Exclusion). O AROPE inclúe as persoas que se atopan en risco de pobreza monetaria –definida como a porcentaxe de persoas que están por debaixo do limiar de pobreza, fixado no 60% da mediana dos ingresos anuais por unidade de consumo das persoas (despois das transferencias sociais e sen imputar vivenda)–, os fogares con moi baixa intensidade de traballo –están nesta situación as persoas con menos de 59 anos que viven en fogares cuxos membros adultos traballaron menos do 20% do seu potencial laboral total durante o ano anterior– e a privación material severa –porcentaxe de persoas que viven con escaseza de recursos ao non ter acceso, ao menos, a 4 dos seguintes 9 ítems: gastos imprevistos, unha semana de vacacións fora da casa, pago da hipoteca ou das facturas de luz, auga, gas..., unha comida de carne, polo, pescado ou proteína equivalente, ao menos cada dous días, manter a vivenda a unha temperatura axeitada os meses de inverno, lavadora, televisión en cor, teléfono e coche.

De acordo co AROPE, o 24,8% da poboación da UE-28 vivía no ano 2012 en situación de risco de pobreza e exclusión social. En España esta porcentaxe ascende ao 28,2%, o que en termos absolutos representa máis de 13 millóns de persoas.

Galicia con 645.000 persoas, ten un 23,2% da súa poboación en dita situación, no ano 2012, porcentaxe lixeiramente inferior á do ano precedente (23,9%), situándose como a sétima comunidade autónoma cun AROPE máis baixo (**cadro 4.3.1.**), lonxe de Navarra ou o País Vasco que con porcentaxes do 13,3% e do 17,3% respectivamente, son as comunidades con niveis de pobreza máis reducidos do conxunto do Estado segundo o indicador AROPE.

A Renda de Integración Social, así como o I e II Plans de Inclusión social de Galicia, constitúen a

estratexia galega de inclusión, que, seguindo directrices europeas, trata de combinar medidas de ingresos mínimos con outras actuacións orientadas a compensar déficits de capacitación, de sociabilidade e de axuste persoal, así como facer o mercado de traballo máis inclusivo e facilitar o acceso en igualdade a servizos de calidade.

O II Plan Galego de Inclusión Social (2007-2013) integra medidas específicas como liñas estratéxicas de actuación para abordar a multidimensionalidade dos factores que inciden nas situacións de pobreza e exclusión:

- Plan Especial para a Convivencia e Integración do Pobo Xitano en Galicia.
- Programa de Atención a Persoas Sen Teito e Situacións de Pobreza Cronificada.
- Colaboración activa de máis de 60 entidades e ONG, que realizan, en coordinación coa Rede de equipos e con apoio económico da Secretaría Xeral de Familia e Benestar, accións favorecedoras para a integración social e laboral das persoas pertencentes a colectivos en exclusión social.
- Módulo de preparación para a liberdade no Centro Penitenciario de Teixeiro (A Coruña).
- Intervencións con enfoque territorial.
- Revisión e mellora do sistema de rendas mínimas para a inclusión social.

A Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia*, sinala a obriga por parte da Administración de impulsar e actualizar o Plan galego de inclusión social. Así, establécese que, dun xeito coordinado coas distintas administración así como coas entidades de iniciativa social, se debe mellorar a cohesión e a inclusión social en Galicia, a través do establecemento e regula-

* <http://www.ces-galicia.org/publicacions/ditames/ditame-sobre-anteproxecto-lei-inclusion-social>.

Poboación en risco de pobreza ou exclusión social nas CC.AA. 2008-12

	2008	2009	2010	2011	2012
Andalucía	32,3	33,1	35,9	39,5	38,7
Aragón	16,5	14,4	18,6	19,6	23,1
Asturias	18,4	18,4	16,9	16,3	25,6
Baleares	18,5	23,6	26,1	25,0	28,2
Canarias	29,1	34,8	37,6	39,9	39,7
Cantabria	16,5	17,0	20,9	23,7	20,3
Castela-A Mancha	29,8	30,2	34,3	37,4	37,3
Castela e León	23,6	22,1	25,2	24,5	21,7
Cataluña	15,4	16,6	20,8	25,2	23,3
C. Valenciana	24,2	22,0	29,8	25,9	30,4
Extremadura	40,9	38,6	42,1	34,3	38,4
Galicia	23,9	23,1	22,7	23,9	23,2
Madrid	17,6	17,2	19,0	18,6	20,4
Murcia	27,1	32,5	37,9	32,5	36,9
Navarra	9,4	9,7	10,7	15,4	13,3
País Vasco	12,2	12,7	17,0	17,5	17,3
A Rioxa	21,9	26,5	27,5	29,1	22,8
Ceuta	41,9	37,8	36,5	31,5	41,8
Melilla	30,7	40,5	37,7	37,0	41,0
Total	22,9	23,4	26,7	27,7	28,2

Fonte: Eurostat

■ 4.3.1.

ción dun conxunto de dereitos e recursos específicos para as persoas en situación ou risco de exclusión social.

Tal como se sinala anteriormente, o 23,2% da poboación galega no ano 2012 está en situación de risco de pobreza ou exclusión social, segundo o indicador AROPE, unha porcentaxe notablemente inferior á media estatal; neste senso fronte ao incremento dende o ano 2008 da porcentaxe de persoas nesta situación a nivel estatal, en Galicia a dita porcentaxe permanece relativamente estable. Sen embargo, os ingresos medios mensuais por fogar e persoa redúcense significativamente, pasando de 2.029 e 761 euros respectivamente no ano 2008 a 1.906 euros de ingresos por fogar e 734 euros por persoa no ano 2012, **cadro 4.3.2.**

No ano 2012 Galicia contaba cunha renda media persoal anual de 9.225 euros, situándose como a sétima máis baixa das 17 Comunidades Autóno-

mas, tras Extremadura, Murcia, Canarias, Castella-A Mancha, Andalucía e C. Valenciana. Neste senso, no ano 2012, un 44,6% dos fogares galegos terían uns ingresos inferiores a 1.500 euros mensuais, e un 25% dos fogares galegos ingresan mensualmente menos de 1.000 euros (**cadro 4.3.4.**).

A progresiva redución dos ingresos medios e da renda media, tanto no fogar como a nivel individual, dende o comezo da crise económica, ven asociada a unha cada vez maior porcentaxe de persoas que teñen dificultades para cubrir os gastos mensuais, así, no ano 2013, o 71,4% dos fogares galegos teñen algunha dificultade para chegar a fin de mes, fronte ao 59,6% do ano 2008. Asemade o 16,6% dos fogares galegos no ano 2013 chegan a fin de mes con moita dificultade fronte ao 10,5% dos fogares con esta problemática que existían no comezo da crise económica. Galicia ten unha porcentaxe superior á media estatal, e sitúase como a sétima comuni-

Ingresos medios mensuales por fogar e por persoa 2008-12

	Ingresos por fogar					Ingresos por persoa				
	2008	2009	2010	2011	2012	2008	2009	2010	2011	2012
	(en euros)									
Total	2.029	2.010	1.977	1.908	1.906	761	765	764	745	734
A Coruña	2.152	2.098	2.108	1.984	1.995	802	794	811	772	775
Lugo	1.969	1.938	1.916	1.892	1.923	772	772	774	773	759
Ourense	1.659	1.729	1.744	1.707	1.727	693	732	747	729	714
Pontevedra	2.052	2.041	1.931	1.899	1.855	730	738	711	709	682

Fonte: IGE

■ 4.3.2.

Rendas medias nas CC.AA. 2012

	Renda media por fogar	Renda media por persoa
	(en euros)	
Andalucía	21.096	7.822
Aragón	24.833	10.076
Asturias	24.554	10.558
Baleares	23.854	9.342
Canarias	19.175	7.313
Cantabria	24.919	10.047
Castela-A Mancha	19.721	7.446
Castela e León	23.641	9.730
Cataluña	25.787	10.185
C. Valenciana	22.320	8.853
Extremadura	17.649	6.958
Galicia	23.947	9.225
Madrid	28.741	11.148
Murcia	20.214	7.167
Navarra	30.783	12.079
País Vasco	29.108	11.901
A Rioxa	23.379	9.843
Total	23.972	9.326

Fonte: INE

■ 4.3.3.

Fogares 2012: distribución segundo intervalo de ingresos

	ata 400€	400,01 a 600€	600,01 a 1000€	1000,01 a 1500€	1500,01 a 2000€	2000,01 a 2500€	2500,01 a 3000€	3000 a 4000€	máis de 4000€
	(%)								
Total	2,50	4,96	17,54	19,64	17,38	13,68	9,01	9,24	6,07
A Coruña	2,37	4,82	16,77	18,07	16,96	14,05	9,76	9,66	7,54
Lugo	2,38	4,30	19,47	20,19	15,58	13,26	8,62	10,35	5,84
Ourense	2,49	5,11	23,81	19,00	17,73	12,11	7,87	8,15	3,72
Pontevedra	2,69	5,32	15,41	21,63	18,46	13,95	8,64	8,72	5,19

Fonte: IGE

■ 4.3.4.

Fogares con algún grao de dificultade para chegar a fin de mes nas
CC.AA. 2008-13 ⁽¹⁾

	2008	2009	2010	2011	2012	2013
	(%)					
Andalucía	69,8	68,7	71,4	67,3	70,2	73,5
Aragón	41,1	32,7	38,5	32,1	51,1	58,0
Asturias	43,1	47,9	43,4	38,2	45,1	43,0
Baleares	53,7	57,9	60,1	55,5	41,5	67,8
Canarias	78,3	72,7	72,0	65,8	76,0	72,9
Cantabria	61,2	46,4	56,1	49,0	50,9	70,8
Castela-A Mancha	65,9	57,8	55,5	41,6	60,1	63,3
Castela e León	51,6	52,9	51,2	46,4	46,9	55,5
Cataluña	61,4	61,6	58,2	54,0	61,9	62,8
C. Valenciana	60,5	60,8	59,6	55,5	64,4	69,5
Extremadura	64,4	64,7	66,3	54,4	56,3	71,4
Galicia	59,6	60,5	59,4	59,2	61,5	71,4
Madrid	56,6	53,0	54,5	58,3	63,2	60,4
Murcia	67,3	75,0	76,7	69,4	75,7	77,0
Navarra	37,4	37,7	35,8	34,4	41,7	46,9
País Vasco	41,7	43,4	39,3	39,2	39,2	50,4
A Rioxa	53,6	50,2	46,4	46,3	58,5	54,6
Total	59,9	59,0	58,8	55,3	60,9	64,9

(1) datos 2013 son provisionais
Fonte: INE

■ 4.3.5.

dade cunha maior porcentaxe de fogares nesta situación de dificultade (**cadro 4.3.5.**).

A organización da poboación en diversas estruturas familiares e a súa relación co mercado de traballo, é tamén un indicador do grao de benestar social. Neste senso en Galicia no ano 2013 contabilízanse aproximadamente 1.038.000 vivendas familiares principais, habituais ou permanentes, das que 32.000 vivendas non dispoñían de ningún perceptor de ingresos, e en 412.500 vivendas só un membro percibía algún ingreso, entendendo por perceptores as persoas que, na semana de referencia, percibiron algún tipo de ingreso económico. O concepto de ingreso económico inclúe tanto o salario, como os diferentes tipos de pensións (xubilación, prexubilación, discapacidade,...) ou prestacións por desemprego.

No ano 2013 incrementáronse, en relación ao ano anterior, as vivendas sen perceptores de ingresos

ou con só un perceptor, sendo salientable que dende o ano 2010 o número de vivendas sen perceptores de ingresos case se duplica, pasando de 19.000 a 32.000 fogares. O 55% dos fogares sen perceptores de ingresos están compostos por unha persoa e o 24% teñen dous membros.

En relación á condición de inactivo ou activo dos membros das vivendas familiares, en Galicia no ano 2013, en torno ao 29% das vivendas familiares non contan con ningún membro activo, e das 739.100 vivendas con ao menos un activo, en 25.800 todos os membros activos son parados e non hai membros inactivos. Finalmente, no 68% dos fogares galegos nos que ao menos mora un activo, todos os activos están ocupados.

A redución dos ingresos medios así como o incremento no prezo dos subministros básicos, afecta á existencia dunha maior porcentaxe de persoas en situación de carencia material. Neste senso, tal como se observa na **táboa 4.3.7.**, no ano

2013, o 59% dos galegos non poden permitirse ir de vacacións ao menos unha semana ao ano, fronte ao 36,9% do ano 2008, ou o 48,8% do ano 2012. Así mesmo, no ano 2013 o 36,1% dos galegos non teñen capacidade para afrontar gastos imprevistos e o 5,2% tivo retrasos no pago dos gastos relacionados coa vivenda principal no último ano (hipoteca, aluguer, recibos de gas, comunidade...).

En termos xerais, no ano 2013 un 15,9% dos galegos sufrían carencia material, entendida como carencia en tres dos nove conceptos proporcionados polo INE. Enténdese que a carestía material é severa cando a carencia é en catro dos nove conceptos proporcionados, así, no ano 2012, último dispoñible, a carestía material severa afectaba a 78.574 galegos, en torno a 4.000 persoas menos que no ano precedente. A nivel provincial A Coruña, con 33.416 persoas nesta situación, e Pontevedra, con 27.249 persoas, acollen ao 77% do total de galegos en situación de carestía material severa.

O 5,2% dos galegos tivo no ano 2013 retrasos nos pagos dos gastos relacionados coa vivenda principal, unha porcentaxe que é significativa en comparación co 3% da poboación nesta situación que existía no ano 2008. Moi relacionado coa imposibilidade de pagar determinados gastos está o incremento do prezo do subministro enerxético, en concreto o gas, e, especialmente, a enerxía eléctrica. Así, no **gráfico 4.3.8.** observamos o incremento do prezo da enerxía eléctrica para os consumidores domésticos nos últimos anos en España de xeito comparativo coa UE, tomando 2007=100. O incremento do prezo da electricidade para consumo doméstico en España é moi superior ao incremento medio da UE27.

Asociado ao retraso ou imposibilidade de pago de gastos hipotecarios, o Colexio de Rexistradores da Propiedade publica un informe (*Panorama*

Vivendas familiares 2013

	Total				unha persoa		
	2010	2011	2012	2013	2010	2011	2012
Perceptores	1.019,8	1.023,4	1.028,7	1.038,2	205,5	203,0	211,1
0	19,0	23,1	27,5	32,0	11,6	11,4	14,9
1	376,4	382,7	392,9	412,5	194,0	191,5	196,2
2	433,2	438,7	435,3	437,0	-	-	-
3	129,9	122,3	118,6	111,4	-	-	-
4 e máis	61,2	56,6	54,4	45,3	-	-	-

Fonte: IGE

4.3.6.

	Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano							Non ten
	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2007
Galicia	42,9	36,9	51,4	47,0	47,2	48,8	59,0	26,4
España	35,9	34,1	39,5	40,8	40,9	46,6	47,9	29,0

(1) datos 2013 son provisionais

(2) os sete conceptos proporcionados polo INE son: 1. non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano para afrontar gastos imprevistos; 5. tivo retrasos no pago de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou aluguer).

Fonte: INE

4.3.7.

Registral: Impagos hipotecarios de vivienda 2012) que recolle o número de execucións de hipotecas relativas a vivendas iniciadas no ano 2012, o número de adxudicacións de vivendas por execución de hipoteca e o número de dacións en pago.

Do nomeado informe dedúcese que no ano 2012 expídense no conxunto do Estado 65.778 certificacións de inicio de procedemento de execución hipotecaria sobre vivenda, relativos a titulares persoas físicas, dos que 1.660 realízanse en Galicia. O 74,8% de media a nivel estatal correspóndense con primeiras vivendas, estando en Galicia en porcentaxes lixeiramente superiores á media.


0-13: distribución segundo número de perceptores de ingresos e número de persoas

dúas persoas					tres persoas				catro persoas				cinco ou máis persoas			
2013	2010	2011	2012	2013	2010	2011	2012	2013	2010	2011	2012	2013	2010	2011	2012	2013
(en miles de vivendas)																
220,4	297,1	313,3	311,4	313,7	245,2	240,2	238,1	240,2	180,2	179,4	182,9	183,8	91,7	87,5	85,2	80,2
17,7	3,4	5,3	6,0	7,6	1,9	3,3	3,2	3,5	1,4	1,8	2,3	2,3	0,7	1,3	1,1	0,8
202,7	100,1	108,3	107,5	114,0	43,7	44,9	46,8	52,8	32,7	31,5	34,8	34,7	6,0	6,5	7,7	8,3
-	193,6	199,8	197,9	192,1	135,2	133,2	128,1	127,5	85,4	87,3	91,0	96,1	19,0	18,4	18,3	21,3
-	-	-	-	-	64,4	58,8	60,0	56,4	38,8	38,3	35,7	34,0	26,7	25,1	22,9	21,1
-	-	-	-	-	-	-	-	-	21,8	20,5	19,1	16,6	39,3	36,2	35,3	28,7

Carencia material nas CC.AA. 2007-13 ⁽¹⁾

capacidade para afrontar gastos imprevistos						Tivo retrasos no pago dos gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou aluguer, recibos de gas, comunidade...) nos últimos 12 meses							Carencia en polo menos 3 conceptos dunha lista de 7 ⁽²⁾						
2008	2009	2010	2011	2012	2013	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
(%)																			
22,7	32,1	35,3	30,0	35,2	36,1	4,3	3,0	5,7	5,5	5,0	6,0	5,2	12,6	11,0	16,4	17,0	13,2	13,1	15,9
27,3	33,4	36,3	37,6	42,1	42,1	5,8	6,1	8,3	9,0	7,9	9,9	10,9	13,1	13,4	15,7	16,7	14,6	17,9	18,2

1. non pode permitirse unha comida de carne, polo ou pescado polo menos cada dous días; 2. non pode permitirse manter a vivenda coa temperatura axeitada; 3. non pode permitirse manter a vivenda coa temperatura axeitada; 4. non ten capacidade para pagar alugueiro, recibos de gas, comunidade... nos últimos 12 meses; 5. non pode permitirse dispor dun automóbil; 6. non pode permitirse dispor dun PC.

Prezos da electricidade para consumidores domésticos en España e UE-28 2007-13 ⁽¹⁾

(1) prezo base 2007=100
Fonte: Eurostat

■ 4.3.8.

Poboación en risco de pobreza ou exclusión social nas CC.AA. 2005-12⁽¹⁾

	2005	2010	2011	2012
		(%)		
Andalucía	27,2	29,6	32,4	31,0
Aragón	17,2	15,3	16,4	19,5
Asturias	15,6	12,5	10,0	16,9
Baleares	17,2	20,3	19,9	24,2
Canarias	28,7	33,3	35,0	33,2
Cantabria	14,5	18,2	18,6	14,9
Castela-A Mancha	30,0	30,2	33,6	33,1
Castela e León	25,1	21,2	20,6	17,3
Cataluña	13,2	15,9	17,6	16,8
C. Valenciana	21,1	22,7	20,6	23,8
Extremadura	35,6	38,9	30,9	34,1
Galicia	19,2	17,1	19,1	16,8
Madrid	12,9	14,2	15,5	15,0
Murcia	25,0	29,9	26,6	29,9
Navarra	10,4	7,7	9,6	8,1
País Vasco	10,5	12,2	11,5	12,6
A Rioxa	22,2	21,1	23,9	18,8
Ceuta e Melilla	33,8	28,7	29,9	36,4
Total	20,1	21,4	22,2	22,2

(1) o limiar pobreza establécese no 60% da mediana de ingresos equivalentes
Fonte: INE

■ 4.3.9.

No ano 2012 rexistráronse no conxunto do Estado 38.976 adxudicacións por execución de hipoteca sobre vivenda relativas a titulares persoas físicas, das que 864 foron en Galicia.

Finalmente, rexistráronse 14.229 dacións en pago no conxunto do Estado (o cambio de titularidade a favor das entidades financeiras implica tamén a extinción da débeda hipotecaria), sobre vivenda relativas a titulares persoas físicas, das que 227 foron en Galicia.

A taxa de risco de pobreza que se define como a porcentaxe de persoas que viven en fogares cunha renda total equivalente inferior ao limiar do risco de pobreza, isto é, inferior ao 60% da mediana dos ingresos equivalentes de todas as persoas galegas (tomando como ingreso equivalente de cada persoa o do fogar ao que pertencen) mide a pobreza exclusivamente en termos de renda. Tal e como amosa a **táboa 4.3.9.**, no ano 2012 en Galicia, a porcentaxe de persoas en

risco de pobreza foi do 16,8%, máis de dous puntos porcentuais inferior á taxa do ano anterior, fronte a estabilidade no 22,2% da taxa de risco de pobreza media para o conxunto do Estado o que explica que Galicia pase de ser a oitava Comunidade Autónoma cunha menor porcentaxe de persoas en risco de pobreza no ano 2011 a ser a sexta no ano 2012. A redución da taxa de pobreza, calculada como a porcentaxe de persoas con ingresos equivalentes ao 60% da mediana, pode vir explicada non tanto porque exista unha bolsa de poboación que mellore a súa situación como polo feito de que a porcentaxe de fogares con ingresos equivalentes menores é cada vez maior.

O risco de pobreza e exclusión social non é homoxéneo nin demográfica nin xeograficamente. Neste senso, en base aos datos da taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020, datos IGE) para o ano 2012 (**táboa 4.3.12.**), a taxa de risco de pobreza e

Fogares segundo o intervalo de ingresos equivalentes 2007-12

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
	(%)					
Total						
Ata 300,00 euros	1,6	1,6	1,7	1,8	2,3	3,2
De 300,01 a 450,00 euros	5,1	4,5	4,7	5,0	4,9	5,5
De 450,01 a 600,00 euros	10,7	9,3	8,9	8,4	9,0	8,6
De 600,01 a 900,00 euros	27,1	27,6	27,9	28,1	27,5	26,3
De 900,01 a 1.200,00 euros	21,9	22,8	21,7	22,5	23,1	23,5
De 1.200,01 a 1.500,00 euros	14,1	14,3	14,3	13,5	14,4	14,0
De 1.500,01 a 1.800,00 euros	8,2	8,3	8,3	8,6	7,8	8,1
De 1.800,01 a 2.100,00 euros	4,1	4,6	4,9	5,0	4,7	4,4
Máis de 2.100,00 euros	7,3	7,0	7,6	7,2	6,3	6,5


(1) datos a 31 de decembro de cada ano. Ingreso equivalente de fogar: os ingresos netos mensuais divididos entre as unidades de consumo do fogar

As unidades de consumo do fogar asignan unha ponderación de 1 ao primeiro adulto (persoas de 14 ou máis anos) do fogar, 0,5 ao resto de adultos dese fogar e 0,3 a cada neno (persoa de menos de 14 anos) do fogar

Fonte: IGE

■ 4.3.10.

Fogares segundo intervalo de ingresos equivalentes 2007-12: taxas de variación interanual



Fonte: IGE

■ 4.3.11.

exclusión social para Galicia sitúase nun 23,6%, acadándose na provincia de Pontevedra unha taxa do 26,9%, sendo a provincia de Lugo a que ten unha menor taxa co 20,4% da súa poboación en situación de risco ou exclusión social, seguida da Coruña e Ourense, con taxas do 21,5% e do 24,5%, respectivamente. Asemade, dentro da provincia de Pontevedra, obsérvanse tamén claras diferenzas entre a taxa media da zona nor-

oriental (20,5%) e da zona sur (33,1%), que acada a taxa máis elevada de toda Galicia, de xeito que 3,3 de cada 10 habitantes desta área están en situación de risco de pobreza ou exclusión social.

Ao igual que en termos territoriais, tamén en canto ás variables demográficas obsérvanse grandes diferenzas no maior ou menor risco de

**Taxa de risco de pobreza ou exclusión social 2012
(Estratexia Europa 2020) ⁽¹⁾**

Indicadores	(%)
Total	23,58
A Coruña	21,49
Lugo	20,41
Ourense	24,55
Pontevedra	26,86
Nacionalidade	23,58
Española	22,53
Estranxeira	60,05
Fogares con ou sen nenos a cargo	23,58
Fogares con nenos a cargo	26,31
Un adulto con nenos a cargo	56,32
Dous adultos con nenos a cargo	25,17
Dous adultos con un neno a cargo	21,27
Dous adultos con dous o máis nenos a cargo	28,6
Tres ou máis adultos con nenos a cargo	24,01
Fogares sen nenos a cargo	21,12
Un adulto sen nenos a cargo	28,83
Dous adultos sen nenos a cargo	20,4
Tres ou máis adultos sen nenos a cargo	19,05
Fogares segundo tipoloxías	23,58
Unipersoal	28,83
Sen núcleo	28,63
Parella con fillos	22,31
Parella sen fillos	16,6
Monoparental	40,46
Un núcleo e outros	22,91
Varios núcleos	23,04

(1) a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalguna das seguintes situación: 1) risco de pobreza: o ingreso por unidade de consumo está por debaixo do 60% da mediana; 2) en carencia material severa; e 3) persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares sen ingresos de traballo ou con baixa intensidade de ingresos de traballo
Fonte: IGE

■ **4.3.12.**

**Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa
2020) 2011-12: distribución segundo áreas**

	2007	2012
	(%)	
Total	14,63	23,58
A Coruña	11,71	21,49
A Coruña suroriental	18,97	21,33
Ferrol-Eume-Ortega	13,24	19,77
Área da Costa da morte	14,97	28,27
A Barbanza-Noia	15,21	28,53
Área da Coruña	8,29	19,14
Área de Santiago	10,58	19,91
Lugo	15,79	20,41
Lugo sur	18,80	32,49
Lugo oriental	12,88	16,53
Lugo central	16,02	18,52
A Mariña	14,76	18,57
Ourense	19,08	24,55
O Carballiño-O Ribeiro	17,83	29,88
Ourense central	17,35	25,44
Ourense sur	27,41	24,59
Área de Ourense	14,78	22,52
Pontevedra	16,15	26,86
Pontevedra nororiental	16,72	20,53
Pontevedra sur	24,74	33,12
Caldas-O Salnés	15,51	30,33
O Morrazo	14,59	30,08
Área de Pontevedra	13,23	25,11
Área de Vigo	15,22	24,97

Fonte: IGE

■ **4.3.13.**

**Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) 2011-12:
distribución segundo sexo e grupos de idade**

	2011			2012		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(%)					
Total	21,94	22,16	22,05	23,39	23,76	23,58
Menos de 16 anos	24,65	23,24	23,96	27,31	27,39	27,35
De 16 a 24 anos	28,84	30,73	29,76	31,29	32,11	31,69
De 25 a 49 anos	21,29	21,62	21,45	23,85	24,44	24,14
De 50 a 64 anos	25,24	25,64	25,45	26,01	27,22	26,63
De 65 ou máis anos	14,89	17,05	16,15	13,73	15,92	15

Fonte: IGE

■ **4.3.14.**

Índice de Gini en Galicia e España 2008-2012

	2008	2009	2010	2011	2012
Galicia	0,272	0,278	0,278	0,276	0,283
A Coruña	0,272	0,277	0,282	0,276	0,286
Lugo	0,284	0,276	0,266	0,268	0,278
Ourense	0,279	0,288	0,271	0,264	0,277
Pontevedra	0,261	0,274	0,276	0,280	0,279
España	0,319	0,330	0,344	0,345	0,350

(1) o índice de Gini mide a concentración dunha distribución de rendas entre os membros dun colectivo a partir do ingreso equivalente por persoa sendo éste o ingreso equivalente do fogar ao que pertence

Fonte: IGE e INE

■ **4.3.15.**

pobreza. Por unha banda, o risco de pobreza é moito maior para os estranxeiros que para os nacionais. Deste xeito, no ano 2012, tal e como recolle o citado **cadro 4.3.12.**, o valor da taxa é dun 60% para a poboación estranxeira fronte ao 22,5% para a española.

Asemade, o risco de pobreza é similar para mulleres e homes. Non obstante, é nas taxas de risco de pobreza por franxa de idades onde se observan os maiores contrastes, de xeito que a poboación galega en idade infantil e xuvenil é a máis exposta á pobreza, pauta que se corresponde coa observada a nivel español ou europeo. Así, o 27% dos menores de 16 anos estarían en risco de pobreza, sendo dita porcentaxe do

31,7% para as persoas de entre 16 e 24 anos.

O único intervalo de idade que no ano 2012 non incrementa a poboación en situación de risco é o de maiores de 65 anos.

A tipoloxía do fogar, así como o feito de que existan ou non cargas familiares, determina tamén, en grande media, o risco de pobreza. Neste senso, o 56,3% dos fogares galegos compostos por un adulto con nenos a cargo están en situación de risco de pobreza ou exclusión social, sendo os fogares monoparentais, co 40,5%, os que presentan unha maior taxa de pobreza.

O empeoramento das condicións de vida e o

aumento dos niveis de pobreza leva asociado en moitos casos unha maior desigualdade económica. Un xeito de medir o grao de desigualdade na distribución dos ingresos é a través do coeficiente de Gini, que varía entre 0 e 1, onde o valor 0 se corresponde coa perfecta igualdade e o valor 1 coa total desigualdade. Neste senso, a **táboa 4.3.15.** mostra como no ano 2012 o valor do índice sería en Galicia do 0,28, fronte ao valor para España do 0,35, o que reflicte unha distribución da renda máis igualitaria para Galicia en comparación co valor medio estatal.

Outra forma de medir a desigualdade é a través da distribución da renda S80/S20, isto é, o cociente entre o ingreso medio equivalente do quintil máis rico da poboación e o ingreso medio equivalente do quintil máis pobre. Este indicador mostra incrementos dende o ano 2008, acadando no ano 2012 para Galicia un 4,47, o que indica que os ingresos medios do quintil máis rico da poboación son 4,47 veces superiores aos ingresos medios do quintil de poboación máis pobre, (5,7 veces de media a nivel estatal).

A **Renda de Integración Social** de Galicia (Risga) ten por obxecto garantir os recursos económicos de subsistencia a quen careza deles. En canto a prestación económica, ten carácter alimenticio, persoal e non transmisible, e os proxectos de inserción están constituídos por un conxunto coordinado e programado de accións que terán como obxectivo a mellora da integración persoal, familiar ou social, así como, se é o caso, a incorporación da persoa beneficiaria ao sistema laboral.

O número total de beneficiarios desta renda de integración social de Galicia a 31 de decembro de 2013 situouse nas 9.300 persoas, 2.582 beneficiarios máis que na mesma data do ano anterior. Atendendo as diferenzas na prestación en función das condicións do perceptor, as modalidades

de percepción das 9.300 persoas beneficiarias da RISGA no ano 2013 son as seguintes: 4.466 persoas perciben o subsidio básico; 3.543 beneficiarios perciben o subsidio básico máis algún complemento familiar; 327 beneficiarios perciben o subsidio básico máis algún complemento familiar e o complemento de inserción; 373 beneficiarios perciben o subsidio básico máis o complemento de inserción; e os 591 beneficiarios restantes non se atopan en ningunha das categorías sinaladas, xa que, segundo a súa situación, ben perciben soamente os complementos familiares ou os de inserción.

Tendo en conta que esta renda beneficia á unidade familiar, e que esta está formada por unha media de tres persoas, o número de beneficiarios desta renda de integración superaría as 27.900 persoas.

O informe sobre a aplicación e avaliación da lei galega de medidas básicas para a inserción social indica que o perfil xeral dos perceptores da Risga en 2013 é o dunha muller de entre 35 e 54 anos, solteira, casada ou separada con cargas familiares que vive soa ou coa familia nuclear en zona urbana, nun piso de aluguer ou cedido en precario. O nivel de estudos é de primarios incompletos e atópase parada aínda que non en procura do seu primeiro emprego.

Ao igual que en anos anteriores, cómpre salientar o predominio do sexo feminino (58,2% dos beneficiarios son mulleres) e das persoas beneficiarias con idades comprendidas entre 35 e 44 anos (32,3%). En xeral, o nivel de estudos destes perceptores é moi baixo, xa que un 40% dos mesmos só teñen os estudos primarios incompletos, un 44% estudos primarios e un 2,9% carecen de estudos e o 2,3% son persoas beneficiarias con estudos superiores. No relativo á súa problemática básica, o protagonista é o desemprego: un 88,4% das persoas beneficiarias da

Risga e Axudas de Emerxencia Social 2013: beneficiarios e pagos

Risga (1)				
	beneficiarios		importes medios	
	2012	2013	2012	2013
Total	6.718	9.300	388,54	390,50
A Coruña	1.638	2.532	404,84	405,39
Lugo	725	990	377,90	378,95
Ourense	1.079	1.361	374,34	378,36
Pontevedra	3.276	4.417	387,41	386,29

AES (2)				
	axudas concedidas		importes medios	
	2012	2013	2012	2013
Total	2.595	2.653	1.013,62	1.038,17
A Coruña	287	436	1.007,81	970,57
Lugo	413	425	1.197,67	1.322,10
Ourense	496	524	1.373,85	1.232,54
Pontevedra	1.399	1.268	832,75	885,93

(1) beneficiarios a 31 de decembro de cada ano e importe dos pagos totais líquidos no mes de decembro de cada ano

(2) axudas anuais concedidas e media anual das coantías das axudas

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ **4.3.16.****Risga e Axudas de Emerxencia Social 2012-13: solicitudes**

	2012			2013		
	Total	Risga	AES	Total	Risga	AES
Solicitudes a resolver	12.581	7.491	5.090	15.619	9.878	5.741
presentadas no ano	10.724	6.427	4.297	12.461	7.704	4.757
pendentes do ano anterior	1.857	1.064	793	3.158	2.174	984
Solicitudes resoltas	9.423	5.317	4.106	12.296	7.911	4.385
estimadas	5.768	3.173	2.595	7.299	4.646	2.653
desestimadas e/ou arquivadas	3.655	2.144	1.511	4.997	3.265	1.732
Solicitudes present. / resoltas (%)	74,9	71,0	80,7	78,7	80,1	76,4

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ **4.3.17.**

Risga atópanse en desemprego, o 14,4% son cidadáns estranxeiros non comunitarios e o 10,4% pertencen a unha minoría étnica.

O **cadro 4.3.16.** reflicte que o importe mensual total pagado no caso da Risga ascendeu a 3.631,7 miles de euros, polo que dado o número de beneficiarios, o importe medio por beneficiario ascendeu a 390,5 euros (lixeiramente superior ao importe medio do ano anterior).

O importe total aboado na Comunidade Autónoma, en concepto de Renda de Integración Social de Galicia, ao longo do ano 2013, foi de aproximadamente 37 millóns de euros, un 37% máis que no ano anterior (10 millóns de euros máis), incremento orzamentario asociado a un incremento de 2.582 no número de beneficiarios.

Das 9.878 solicitudes da Risga a resolver no último ano (2.174 pendentes do ano anterior), foron

resoltas 7.911 solicitudes (4.646 estimadas e 3.265 desestimadas e/ou arquivadas), incrementouse a porcentaxe de resolución de solicitudes ata o 80,1%, porcentaxe nove puntos porcentuais superior á acadada no ano 2012 (**cadro 4.3.17.**).

Dos distintos proxectos dirixidos a persoas beneficiarias da Risga, o 48,5% foron de tipo mixto, é dicir, que integran accións tanto dos proxectos sociofamiliares como dos prelaborais. Un 33,3% inciden en proxectos prelaborais, o que indica que están deseñados coa finalidade de favorecer as condicións de acceso ao emprego, e un 9,4% en proxectos sociofamiliares (os que inciden nas problemáticas persoais, familiares e sociais), sendo esta porcentaxe dun 8,8% no caso dos proxectos laborais (os que fomentan hábitos de traballo e favorecen a inserción laboral).

En canto ás axudas de emerxencia social (AES), concedéronse un total de 2.653 AES, o que implicou un gasto mensual, tendo en conta o mes de decembro, de 2,7 millóns de euros. A contía media destas axudas ascendeu a 1.038,2 euros, oscilando a mesma entre os 970,6 euros de Pontevedra e os 1.322,1 euros de Lugo.

No último ano houbo un total de 5.741 solicitudes de AES a resolver (984 pendentes do ano anterior), das que foron resoltas 4.385 solicitudes (2.653 estimadas e 1.732 desestimadas e/ou arquivadas). A diferenza do que sucede no caso da RISGA, a porcentaxe de resolución destas axudas diminuíu no último ano en 4,3 puntos porcentuais, acadando en 2013 o 76,4%.

Das 2.653 axudas concedidas ao longo do ano 2013, o 55,6% dirixíronse a cubrir gastos de necesidades primarias, o 28,5% a cubrir gastos do uso da vivenda habitual, o 12,9% das axudas foron destinadas para o equipamento básico da vivenda, e o 2,9% para o mantemento da habitabilidade ou accesibilidade.

Respecto ao perfil dos beneficiarios destas axudas de emerxencia social, cómpre salientar o predominio do sexo feminino (o 59,5% son mulleres) e das persoas con idades comprendidas entre 35 e 44 anos (29,3% dos perceptores), salientando tamén que un 26% dos beneficiarios teñen entre 45 e 54 anos, sendo neste caso superior a porcentaxe de homes que de mulleres, 31,2% fronte a 22,8% respectivamente.

No relativo á súa situación laboral, un 73,8% corresponde a parados que nalgún momento da súa vida traballaron e un 19,4% a inactivos. O 38,9% dos beneficiarios das axudas ten os estudos primarios incompletos e o 46,3%, estudos primarios rematados.

Tal e como se recolle no Informe de Rendas Mínimas de Inserción do ano 2012 do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, a contía media da Risga en Galicia no 2012 era de 399,4 euros por persoa e situárase no 62,3% do Salario Mínimo Profesional e a un 75% do Indicador Público de Rendas Múltiples, o que se distancia das respectivas porcentaxes medias estatais nun 65,6% e un 79%. Asemade, Galicia, cunha poboación total no 2012 de 2.781.498 habitantes e con 8.571 titulares de rendas mínimas, tería unha taxa de cobertura de titulares por cada 1.000 habitantes de 3,08, sendo dita taxa a nivel estatal do 4,6 por 1.000 habitantes.

DEPENDENCIA E DISCAPACIDADE

As condicións básicas que garanten a promoción en condicións de igualdade da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia están reguladas pola Lei 39/2006, de 14 de decembro. Diferentes preceptos da dita lei foron modificados a partir do ano 2010, consecuencia fundamentalmente da redución de recursos públicos producida pola crise económica. Neste senso, o Real Decreto-lei 8/2010, de 20 de

maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, suprime a retroactividade do pago de prestacións por dependencia ao día de presentación da solicitude, establecéndose un prazo máximo de resolución de seis meses.

O Real Decreto-lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, establece un calendario para o exercicio progresivo e gradual do dereito ás prestacións de dependencia.

O Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, no seu artigo 22, modifica a Lei 39/2006, co obxecto de implantar medidas de racionalización do sistema de dependencia encamiñadas, por unha banda, a establecer unha nova estrutura mantendo os niveis de dependencia existente pero eliminando os graos dentro de cada nivel, así como a regular un contido común mínimo de intensidade e compatibilidade das prestacións para todas as administracións actuantes. Por outra banda, o citado Real Decreto-lei incorpora reducións das contías máximas das prestacións económicas para coidados no entorno familiar, así como reduce tamén as contías de nivel mínimo.

No que respecta ao tratamento no sistema da Seguridade Social dos coidadores non profesionais das persoas en situación de dependencia, a Disposición Transitoria decimoterceira do Real Decreto-Lei 20/2012 establece que os convenios especiais no Sistema da Seguridade Social dos coidadores non profesionais extinguiranse o día 31 de agosto de 2012, agás que o subscritor solicite expresamente o mantemento do mesmo; neste caso, dende o día 1 de setembro ata o 31 de decembro de 2012 a cotización terá unha

redución do 10%, estando o 5% restante da cota a cargo da Administración e o 85% a cargo do coidador. A partir do día 1 de xaneiro de 2013, o convenio especial será a cargo exclusivamente do coidador profesional.

A evolución demográfica e social das últimas décadas en Galicia transformou a pirámide poboacional e incrementou a demanda de protección social e apoio ás persoas que se atopan en situación de dependencia. Ademais, a actual situación de crise económica contribúe ao crecemento da demanda de asistencia noutros ámbitos da dependencia, como son a inclusión social, a familia ou a infancia. O cada vez máis complexo sistema dos servizos de atención, xunto ao feito de que non existe unha única organización competente, fai necesario planificar dun xeito máis eficiente a súa xestión. Este é o obxectivo perseguido polo **Plan Trabe**, aprobado no mes de abril de 2013, para a Modernización Tecnolóxica dos Servizos Sociais, dotado dun orzamento de 19,7 millóns de euros e un horizonte temporal de cinco anos.

Os instrumentos que o citado Plan inclúe para acadar unha maior eficiencia no sistema son:

- Construír a historia social única
- Construír ferramentas de coordinación sociosanitaria e interadministrativa
- Dotar das ferramentas aos servizos sociais comunitarios e aos centros asistenciais
- Definir e implantar protocolos eficientes de intercambio de usuarios entre centros e hospitais
- Implantar unha plataforma de teleasistencia social que favoreza o tratamento e coidado dos usuarios a distancia.
- Construír ferramentas para unha asignación óptima dos recursos.

As persoas beneficiarias do sistema de atención á dependencia serán aquelas que se encontren en situación de dependencia, nalgún dos graos

establecidos, que residan en territorio español e leven nel cinco anos, dos cales dous deberán ser inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude e que residan na Comunidade Autónoma de Galicia na data de presentación da solicitude.

A situación de dependencia clasifícase en tres graos:

- Grao I.- Dependencia moderada: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá, polo menos unha vez ao día, ou ten necesidades de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía persoal.
- Grao II.- Dependencia grave: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá, dúas ou tres veces ao día, pero non quere o apoio permanente dun coidador ou ten necesidades de apoio extenso para a súa autonomía persoal.
- Grao III.- Gran dependencia: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá varias veces ao día e, pola súa perda total de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisa o apoio indispensable e continuo doutra persoa ou ten necesidades de apoio xeneralizado para a súa autonomía persoal.

Tal e como se amosa no **cadro 4.3.18.**, a 31 de decembro de 2013 tíñanse presentado en Galicia 82.400 solicitudes para o recoñecemento da situación de dependencia, das que se ditaminan un total de 80.636, o que supón unha resolución do 98% das solicitudes presentadas. O total de beneficiarios con dereito a prestación son 56.835 persoas, o que representa que o 70,5% das solicitudes recoñecidas terían finalmente dereito a prestación. En Galicia presentáronse o 5% do total de solicitudes para o recoñecemento da situación de dependencia de todo o Estado,

	Solicitudes		Valorado
	Ditames		
	(%)		(%)
Andalucía	391.027	23,78	340.744
Aragón	45.346	2,76	44.106
Asturias	34.589	2,10	32.801
Baleares	24.187	1,47	23.574
Canarias	40.339	2,45	29.403
Cantabria	23.334	1,42	23.291
Castela e León	106.553	6,48	100.836
Castela-A Mancha	88.853	5,40	83.736
Cataluña	280.298	17,05	273.548
C. Valenciana	102.936	6,26	100.236
Extremadura	47.240	2,87	45.134
Galicia	82.400	5,01	80.636
Madrid	175.555	10,68	172.599
Murcia	78.548	4,78	59.656
Navarra	17.528	1,07	17.036
Pais Vasco	87.321	5,31	84.769
A Rioxa	14.295	0,87	14.293
Ceuta e Melilla	3.935	0,24	3.792
Total	1.644.284		1.530.190

Fonte: IMSERSO

4.3.18.

Beneficiarios de Programación

	Beneficiarios con prestaciones	Total prestaciones	Prevención dependencia e Promoción A. Persoal		Teleasistencia
			%		
Andalucía	167.717	228.557	-	-	56.980
Aragón	18.502	18.511	-	-	-
Asturias	15.561	17.033	11	0,06	817
Baleares	10.770	10.969	2	0,02	-
Canarias	11.414	11.456	41	0,36	-
Cantabria	14.789	16.143	-	-	847
Castela e León	61.827	78.029	8.171	10,47	4.221
Castela-A Mancha	36.294	49.893	2.268	4,55	5.940
Cataluña	139.391	183.789	3.623	1,97	16.858
C. Valenciana	41.752	47.681	321	0,67	9.438
Extremadura	20.860	22.407	596	2,66	705
Galicia	38.729	42.090	509	1,21	1.026
Madrid	89.098	110.226	4.324	3,92	14.956
Murcia	27.951	35.271	115	0,33	5.090
Navarra	8.410	9.944	66	0,66	882
País Vasco	42.080	50.386	118	0,23	1.088
A Rioxa	6.788	10.275	630	6,13	1.324
Ceuta e Melilla	1.909	2.391	199	8,32	285
Total	753.842	945.051	20.994	2,22	120.457

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: IMSERSO

4.3.29.

Distribución e ditames da situación de dependencia nas CC.AA. a 31-12-2013

	Grado III		Grado II		Grado I		Total beneficiarios con dereito a prestación	
(% / solicitudes)	(% / ditames)		(% / ditames)		(% / ditames)		(% / ditames)	
87,14	78.770	23,12	107.220	31,47	35.708	10,48	221.698	65,06
97,27	10.323	23,40	13.040	29,57	3.462	7,85	26.825	60,82
94,83	7.408	22,58	8.206	25,02	2.379	7,25	17.993	54,86
97,47	5.531	23,46	7.524	31,92	1.835	7,78	14.890	63,16
72,89	11.949	40,64	9.804	33,34	2.400	8,16	24.153	82,14
99,82	6.738	28,93	7.416	31,84	1.709	7,34	15.863	68,11
94,63	28.273	28,04	27.613	27,38	6.987	6,93	62.873	62,35
94,24	19.049	22,75	21.189	25,30	6.822	8,15	47.060	56,20
97,59	57.231	20,92	84.794	31,00	17.443	6,38	159.468	58,30
97,38	22.453	22,40	28.715	28,65	8.797	8,78	59.965	59,82
95,54	11.468	25,41	11.209	24,83	2.457	5,44	25.134	55,69
97,86	25.048	31,06	25.847	32,05	5.940	7,37	56.835	70,48
98,32	43.216	25,04	43.192	25,02	13.145	7,62	99.553	57,68
75,95	20.024	33,57	21.262	35,64	4.741	7,95	46.027	77,15
97,19	3.240	19,02	4.758	27,93	1.326	7,78	9.324	54,73
97,08	18.371	21,67	23.276	27,46	5.726	6,75	47.373	55,88
99,99	3.238	22,65	3.548	24,82	527	3,69	7.313	51,16
96,37	839	22,13	992	26,16	167	4,40	1.998	52,69
93,06	373.169	24,39	449.605	29,38	121.571	7,94	944.345	61,71

Atención Individual de Atención nas CC.AA. 2013 (1): distribución segundo prestación

	Prestacións												Ratio prestacións por persoa beneficiaria
	Axuda a domicilio		Centros de día/noite		Atención residencial		P.E. vinculada servizo		P.E. coidados familiares		P.E. Asist. persoal		
	%	%	%	%	%	%	%	%	%	%	%	%	
24,93	42.694	18,68	11.788	5,16	19.214	8,41	2.919	1,28	94.948	41,54	14	0,01	1,36
-	-	-	1.147	6,20	3.236	17,48	3.515	18,99	10.613	57,33	-	-	1,00
4,80	1.849	10,86	1.773	10,41	2.848	16,72	1.777	10,43	7.955	46,70	3	0,02	1,09
-	-	-	924	8,42	1.934	17,63	342	3,12	7.767	70,81	-	-	1,02
-	-	-	2.704	23,60	2.761	24,10	377	3,29	5.573	48,65	-	-	1,00
5,25	1.055	6,54	1.343	8,32	4.108	25,45	-	-	8.790	54,45	-	-	1,09
5,41	10.100	12,94	6.701	8,59	8.289	10,62	16.957	21,73	23.534	30,16	56	0,07	1,26
11,91	6.724	13,48	1.865	3,74	9.191	18,42	2.249	4,51	21.649	43,39	7	0,01	1,37
9,17	18.535	10,08	8.709	4,74	21.180	11,52	13.483	7,34	101.385	55,16	16	0,01	1,32
19,79	-	-	4.618	9,69	10.269	21,54	3.506	7,35	19.526	40,95	3	0,01	1,14
3,15	520	2,32	1.090	4,86	4.002	17,86	7.312	32,63	8.182	36,52	-	-	1,07
2,44	9.714	23,08	5.547	13,18	7.584	18,02	5.400	12,83	12.263	29,14	47	0,11	1,09
13,57	21.356	19,37	11.742	10,65	18.617	16,89	9.489	8,61	29.719	26,96	23	0,02	1,24
14,43	-	-	3.700	10,49	3.414	9,68	1.602	4,54	21.349	60,53	1	0,00	1,26
8,87	487	4,90	283	2,85	1.774	17,84	948	9,53	5.503	55,34	1	0,01	1,18
2,16	5.431	10,78	5.567	11,05	10.565	20,97	1.609	3,19	24.738	49,10	1.270	2,52	1,20
12,89	1.996	19,43	795	7,74	1.291	12,56	535	5,21	3.704	36,05	-	-	1,51
11,92	501	20,95	47	1,97	147	6,15	9	0,38	1.203	50,31	-	-	1,25
12,75	120.962	12,80	70.343	7,44	130.424	13,80	72.029	7,62	408.401	43,21	1.441	0,15	1,25

sendo a oitava comunidade con maior número de solicitudes, por detrás de Andalucía (23,4% do total estatal), Cataluña (17%), Madrid (10,7%), Castela e León (6,5%), Valencia (6,3%), Castela-A Mancha (5,4%) e País Vasco (5,3%).

A 31 de decembro de 2013, en Galicia residen 25.048 beneficiarios de grado III, 25.847 de grado II e 5.940 de grado I. Neste ámbito, destaca o feito de que Galicia sexa a terceira comunidade autónoma, tras Canarias e Murcia, cunha maior porcentaxe de beneficiarios de grado III ou de gran dependencia en relación ao total de solicitudes ditaminadas, acadando un 31,1% sobre o total de beneficiarios, así como a segunda, tras Murcia, cunha maior porcentaxe de beneficiarios de grao II ou dependencia grave sobre o total, un 32%. O peso dos beneficiarios cunha dependencia moderada representarían un 7,4% do total, estando, neste caso, por debaixo da media estatal.

Seguindo a tendencia iniciada no ano anterior, no 2013 descende novamente o número de solicitudes para atender situacións de dependencia, con 5.658 solicitudes menos, un 6,7% menos. Pola contra, no conxunto do Estado as solicitudes aumentaron no último ano nun 0,4%. Un ano máis tamén descende a porcentaxe de beneficiarios con dereito a prestación, pasando do 73,6% rexistrado no ano 2012 ao 70,5% no 2013. Sen embargo, a pesar do citado descenso, Galicia é a segunda comunidade con maior porcentaxe de beneficiarios con prestación sobre o total.

As prestacións de atención á dependencia, tal como se regula no artigo 14 da Lei 39/2006, poderán ter a natureza de servizos e de prestacións económicas e irán destinadas, por unha banda, á promoción da autonomía persoal e, por outra banda, a atender as necesidades das persoas con dificultades para a realización das actividades básicas da vida diaria.

No procedemento de recoñecemento da situación de dependencia e das prestacións correspondentes, os servizos sociais establecerán un Programa Individual de Atención (PIA) no que se determinarán as modalidades de intervención máis axeitadas ás súas necesidades, tendo en conta que os servizos terán carácter prioritario.

A prioridade no acceso aos servizos virá determinada polo grao de dependencia e, a igual grao, pola capacidade económica do solicitante. Ata que a rede de servizos se implante totalmente, as persoas en situación de dependencia que non podan acceder aos servizos por aplicación do citado réxime de prioridade terán dereito á prestación económica vinculada. Esta prestación económica terá carácter periódico e será recoñecida unicamente cando non sexa posible o acceso a un servizo público ou concertado.

Os servizos e prestacións económicas do catálogo do Sistema de Atención á Dependencia (SAAD) en Galicia son:

- Servizo de tele asistencia e xeolocalización: Facilitan a atención persoal inmediata no ámbito habitual da persoa usuaria para responder ante situacións de emerxencia, inseguridade, soidade ou illamento.
- Servizo de axuda no fogar: Actuacións levadas a cabo no contorno das persoas relacionadas coa atención de carácter persoal, que permitan á persoa usuaria a realización das actividades básicas da vida diaria, así como atencións de carácter doméstico e do fogar coa finalidade de incrementar a súa autonomía persoal e calidade de vida, posibilitando a permanencia no seu domicilio.
- Servizo de atención diúrna: Atención integral nun centro durante o período diúrno ás persoas en situación de dependencia co obxectivo de mellorar ou manter o nivel de autonomía perso-

Beneficiarios con prestacións en relación á poboación das CC.AA. 2013⁽¹⁾

	Beneficiarios con prestacións (A)		Beneficiarios con dereito a prestacións (B)		Diferencial B-A
	(% / poboación)		(% / poboación)		
Andalucía	167.717	1,99	221.698	2,63	53.981
Aragón	18.502	1,37	26.825	1,99	8.323
Asturias	15.561	1,46	17.993	1,68	2.432
Baleares	10.770	0,97	14.890	1,34	4.120
Canarias	11.414	0,54	24.153	1,14	12.739
Cantabria	14.789	2,50	15.863	2,68	1.074
Castela e León	61.827	2,45	62.873	2,50	1.046
Castela-A Mancha	36.294	1,73	47.060	2,24	10.766
Cataluña	139.391	1,85	159.468	2,11	20.077
C. Valenciana	41.752	0,82	59.965	1,17	18.213
Extremadura	20.860	1,89	25.134	2,28	4.274
Galicia	38.729	1,40	56.835	2,05	18.106
Madrid	89.098	1,37	99.553	1,53	10.455
Murcia	27.951	1,90	46.027	3,13	18.076
Navarra	8.410	1,30	9.324	1,45	914
País Vasco	42.080	1,92	47.373	2,16	5.293
A Ríoxa	6.788	2,11	7.313	2,27	525
Ceuta e Melilla	1.909	1,14	1.998	1,19	89
Total	753.842	1,60	944.345	2,00	190.503

(1) datos a 31-12-2012
Fonte: IMSERSO

■ 4.3.20.

al, así como apoiar as súas familias ou persoas coidadoras.

- Servizo de atención nocturna: Atención integral nun centro durante o período nocturno para dar resposta ás necesidades das persoas en situación de dependencia, así como apoiar as súas familias ou persoas coidadoras.
- Servizo de atención residencial: Atención integral e continuada durante as 24 horas do día e nun centro residencial, de carácter personalizado, tendo en conta a natureza da situación de dependencia de cada persoa e a intensidade de coidados que precise.

As prestacións económicas denominadas **libranzas** son:

- Libranza para a adquisición dun servizo: Presta-

ción económica destinada a facilitar o pagamento dun servizo dos anteriormente mencionados, cando non sexa posible prestalo mediante a rede pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Libranza de asistencia persoal: Prestación económica destinada a facilitar a contratación, pola persoa en situación de dependencia, dun asistente persoal profesional que lle preste apoio para o acceso á educación, ao traballo e a unha vida máis autónoma.
- Libranza de coidados no entorno familiar: Prestación económica de carácter excepcional destinada ás persoas en situación de dependencia, que son atendidas no seu domicilio por un coidador non profesional do seu contorno

- Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal.

Servizo de axuda ao desprazamento programado e non urxente para achegar ás persoas con discapacidade e/ou dependentes a programas, centros ou servizos

A 31 de decembro de 2013, tal e como reflicte o **cadro 4.3.19.**, existen en Galicia un total de 38.729 beneficiarios dos Programas Individuais de Atención, o 5,1% dos beneficiarios totais estatais sendo así a sétima comunidade autónoma con maior porcentaxe de beneficiarios sobre o total. No ano 2013 prodúcese por primeira vez un descenso no número de beneficiarios con prestacións en Galicia, cambiando a tendencia existente ata ese momento, así, en relación ao ano anterior, redúcese o número de beneficiarios en Galicia en 311 persoas; este descenso experimentase tamén a nivel estatal e en nove Comunidades Autónomas, destacando Andalucía onde descende en máis do 13% o número de beneficiarios, fronte ao 1,5% de descenso medio no Estado ou o 0,8% de redución dos beneficiarios galegos. Fronte á citada redución, comunidades como Baleares ou Estremadura, entre outras, incrementan significativamente o número de beneficiarios.

O xeneralizado descenso no número de beneficiarios dos PIAs perpetúa a Galicia no sétimo lugar das comunidades con menor implantación do modelo que, medido como a porcentaxe de beneficiarios con prestacións sobre o total da poboación da comunidade autónoma, é só dun 1,4%, situándose dúas décimas por debaixo da media estatal.

Tendo en conta os tipos de prestacións, destaca asemade, que o 29,1% do total son prestacións económicas para coidados familiares, 14,1 puntos porcentuais menos que o peso que ditas prestacións teñen de media no conxunto do Estado. A seguinte prestación en importancia son as de axuda a domicilio, un 23,1% do total de

prestacións, fronte ao 12,8% de media estatal. Por último, un 18% das prestacións totais son para servizos de atención residencial. A rateo entre servizos e prestacións por persoa beneficiaria sitúase en Galicia no 1,09, mentres que a media estatal é de 1,25 servizos e prestacións por persoa beneficiaria.

No que atinxe ao persoal encargado do coidado das persoas dependentes, cómpre destacar o papel dos coidadores non profesionais, que, en termos de Seguridade Social, son aqueles que sexan designados como tales no PIA e cumpran as condicións legalmente previstas. Tal como se sinalou anteriormente, o cambio nas condicións de afiliación á Seguridade Social dos coidadores non profesionais determina claramente o brusco descenso no número de afiliacións. A evolución mensual da afiliación, **cadro 4.3.21.**, determina unha redución a partir de xaneiro do ano 2013, data fixada polo Real Decreto-Lei 20/2012 para a aplicación das novas condicións establecidas, de xeito que en decembro do ano 2013 existían 1.737 persoas afiliadas fronte ás 2.179 de xaneiro do mesmo ano. O número de afiliados ao convenio de coidadores non profesionais representa en Galicia o 10,4% do total estatal, fronte ao 9,7% do ano anterior, como consecuencia do descenso do 30% das afiliacións no conxunto do Estado.

En relación a aplicación da Lei 39/2006, de Promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, cómpre sinalar que, tal e como recolle a avaliación realizada para o ano 2012 polo Consello Territorial para a Autonomía e Atención á Dependencia, e, en correspondencia co anteriormente analizado, o número de persoas beneficiarias con dereito a prestación en grao III de gran dependencia, niveis 1 e 2, acada a 1 de xaneiro de 2013 un total de 25.048 persoas, o que significa un 67,3% máis das previstas no ano 2007, isto,

Cuidadores non profesionais:afiliados en alta na Seguridade Social 2010-13 ⁽¹⁾

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	Galicia / España
							(%)
2010	8.752	3.115	1.141	1.617	2.879	150.566	5,8
2011	8.206	2.923	1.063	1.420	2.800	173.424	4,7
2012	2.316	753	390	479	694	23.933	9,7
2013	1.737	567	304	358	508	16.736	10,4
xaneiro	2.179	709	380	457	633	22.312	9,8
febreiro	2.121	692	374	442	613	21.608	9,8
marzo	2.075	677	368	433	597	20.993	9,9
abril	2.031	661	364	423	583	20.389	10,0
maio	1.990	647	354	413	576	19.602	10,2
xuño	1.943	636	344	400	563	19.054	10,2
xullo	1.903	614	337	395	557	18.518	10,3
agosto	1.871	610	334	387	540	18.191	10,3
setembro	1.839	599	329	378	533	17.780	10,3
outubro	1.798	579	320	373	526	17.362	10,4
novembro	1.773	576	316	368	513	17.025	10,4
decembro	1.737	567	304	358	508	16.736	10,4

(1) datos anuais a 31 de decembro; datos mensuais: último día de cada mes
 Fonte: Seguridade Social

■ 4.3.21.

xunto a débil consolidación do modelo en Galicia, explicaría que no ano 2013, un 37% de persoas con dereito a prestación non dispoñan dela, o que converte á nosa comunidade na terceira con maior porcentaxe de persoas nesta situación, só por detrás de Canarias (51,2%) e Baleares (41,6%).

Outra das necesidades básicas das persoas en situación de dependencia, é a existencia de suficientes prazas residenciais en centros específicos. Os datos facilitados polo Instituto de Maiores e Servizos Sociais (Imsero), a decembro de 2011 (último dato dispoñible), Galicia tería en torno a 199 residencias, 162 privadas e 37 públicas, así como 21.053 prazas en residencias de maiores, das que 314.221 son privadas, 3.196 concertadas e 3.636 son públicas. Destaca o feito de que a rateo entre o número de prazas (21.053) e o número de persoas maiores de 65 anos (635.793) é do 3,3%, cando a nivel estatal é dun 4,5%. Neste senso, Galicia é, en comparación, unha das comunidades autónomas na que

unha menor porcentaxe de persoas maiores de 65 anos ten a posibilidade de ter praza nunha residencia.

No que respecta ao ámbito das persoas con discapacidade, o Consello de Goberno da Xunta de Galicia aprobou, o 10 de decembro de 2010, o Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013. O informe de seguimento do Plan de acción integral para as persoas discapacitadas, no ano 2012, cursou un total de 175 actuacións, das que foron beneficiarias aproximadamente 161.000 persoas, das que 105.000 tiñan algunha discapacidade; entre o colectivo de persoas con discapacidade directamente beneficiarias das actuacións, o 52,7% eran mulleres.

As actuacións programadas e efectivamente executadas agrúpanse por áreas de intervención prioritaria salientando:

- Na área de Protección dos dereitos, existen 18

medidas programadas para 2012. Do total das medidas da área, nove tiñan prevista actividade para o exercicio 2012, ás que hai que lles sumar catro actuacións programadas só para 2011 e non executadas nesta anualidade, que se incorporaron novamente nos formularios de seguimento 2012. En total, realizouse o seguimento de 13 actuacións. Dado que non se dispón de datos dunha actuación (1.1.7. Promover accións formativas en materia de discapacidade en distintas disciplinas universitarias vinculadas ao ámbito xurídico, así como proxectos de fin de grao para poder dispor nun futuro de profesionais con formación e sensibilización neste ámbito), dun total de 12 actuacións, se rexistrou actividade en 9, o que implica un nivel de actividade do 75%.

- A área de Igualdade de xénero e transversalidade, conta con 28 actuacións. Para a anualidade 2012 estaban programadas 16 actuacións, das que se executaron 12, o que implica un nivel de actividade do 75%.

- A área de Accesibilidade é a que conta cun maior número de actuacións, un total de 51 o que supón o 16,7% do conxunto de medidas do plan. Para o ano 2012 preveuse a realización de 34 actuacións, así como o seguimento de dúas actuacións programadas para 2011 e non executadas. Das 33 medidas programadas para 2012 das que se dispón de información, rexistrouse actividade en 22, o que implica actividade no 68,8% das actuacións. As actuacións de 2011 tampouco rexistraron actividade na anualidade 2012.

- Na área de Promoción da autonomía persoal, nesta área 4 rexistrouse actividade en 26 das 30 medidas programadas para o ano 2012, o que supón actividade no 86,7% das actuacións.

- A área de Educación recolle un total de 28

medidas para o período 2010-2013, das que 23 tiñan actividade programada para 2012, ás que se lle suma o seguimento dunha actuación programada para 2011 pero con continuidade no ano 2012. No ano 2012 rexistrouse actividade en 21 das 23 medidas programadas, o que implica actividade no 91,3% das actuacións.

- A área de Formación e emprego, cun total de 47 actuacións, contén o 15,6% das medidas do plan considerado no seu conxunto (a segunda área en volume de actuacións, despois da área de accesibilidade). Destas, 33 medidas estaban programadas para 2012. O plan rexistrou actividade en 23 das 33 medidas programadas para 2012, pero dado que non se dispón de datos en seis das medidas, pódese falar de actividade no 85,2% das actuacións.

- A área de Recursos no ámbito dos Servizos Sociais ten como obxectivo mellorar o conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións para as persoas con discapacidade e as súas familias, e no ano 2012 o plan cursou con actividade en 18 das 20 actuacións programadas, o que supón actividade no 90% das actuacións.

- A área de Saúde e atención sociosanitaria ten por obxectivo xeral garantir unha prevención, rehabilitación e asistencia sociosanitaria das persoas con discapacidade en igualdade de condicións que o resto da poboación. Na anualidade 2012 estaban previstas 15 das 22 actuacións programadas para o período 2010-2013, das que tiveron actividade 12, o que implica unha execución do 80%.

- A área de Atención temperá deseñouse co obxectivo xeral de universalizar a atención temperá, mellorando a súa calidade e capacidade de atención, o número de actuacións programadas para 2012 foi de nove, ás que lles hai que sumar dúas actuacións previstas só para 2011, pero que

Censo de persoas con discapacidade a 31 de decembro de 2013

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Poboación discapacitada (1)	233.774	99.082	21.418	27.391	85.883
Discapacidades (2)	297.700	131.862	30.984	21.942	112.912
segundo tipos					
física	170.466	77.236	16.031	11.920	65.279
psíquica	84.321	36.369	9.900	6.643	31.409
sensorial	42.913	18.257	5.053	3.379	16.224
segundo grupos de idade					
Menos de 6 anos	1.234	567	91	12	564
De 7 a 15 anos	4.235	1.745	342	116	2.032
De 16 a 29 anos	10.995	4.144	1.193	992	4.666
De 30 a 49 anos	51.046	21.293	5.445	3.398	20.910
De 50 a 64 anos	73.021	31.932	8.199	4.664	28.226
De 65 a 74 anos	60.292	28.109	6.555	4.195	21.433
Máis de 75 anos	96.877	44.072	9.159	8.565	35.081

(1) persoas con discapacidade recoñecida, igual ou superior ó 33%

(2) na cuantificación dos tipos de discapacidade, si unha persoa ten recoñecidos dous tipos na estatística vanse recoller como dous items.

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 4.3.22.

non se executaron. No ano 2012 rexistrouse actividade en seis das nove medidas programadas, no 75% das actuacións.

- A área de Cultura, deporte e tempo de lecer conta cun total de 31 actuacións no período 2010-2013, no 2012, estaba previsto o desenvolvemento de 22 actuacións, ás que se suma outra prevista para 2011 á que non se lle deu execución nesta anualidade. No que respecta á execución das actuacións, compre sinalara que no ano 2012 non se conta con datos de seis actuacións, polo que partindo de 16 actuacións programadas, rexistrouse actividade en 12, o que implica unha execución do 75%.

O Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013 cursou no ano 2012 con actividade nun total de 159 actuacións, sendo mulleres o 54,5% do total de 161.174 beneficiarios estimados das ditas actuacións.

A 31 de decembro de 2013, segundo datos da Consellería de Traballo e Benestar, en Galicia

existe un total de 233.744 persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%, 9.647 persoas máis que no ano anterior, das que un 52,7% teñen máis de 65 anos. Por tipo de discapacidade, 170.466 persoas teñen unha discapacidade física, 80.321 unha discapacidade psíquica e 42.913, unha discapacidade sensorial (**táboa 4.3.22.**).

En relación á contratación de persoas con algún tipo de discapacidade, en Galicia no ano 2013 asináronse un total de 684.507 contratos, 43.762 máis que os rexistrados no ano anterior. Do total de contratos asinados, só 326 serían contratos indefinidos para persoas con discapacidade, e 878 contratos temporais de persoas con discapacidade. De cada 1.000 contratos indefinidos asinados en Galicia no ano 2012 só 10,4 son de persoas con discapacidade, e de cada 10.000 contratos temporais do ano 2012, só 14 son de persoas discapacitadas.

Por sectores, un 84,3% dos contratos iniciais indefinidos para discapacitados (275 contratos) así como un 83,6% dos contratos temporais para

Contratos de traballo iniciais para persoas discapacitadas nas CC.AA. 2013: distribución segundo tipo e sexo

	Total contratos			Contratos indefinidos persoas con discapacidade			Contratos temporais persoas con discapacidades		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Andalucía	3.625.070	2.136.172	1.488.898	693	455	238	2.510	1.456	1.054
Aragón	385.741	214.316	171.425	205	121	84	392	220	172
Asturias	251.220	122.865	128.355	194	116	78	457	265	192
Baleares	332.602	176.310	156.292	175	104	71	365	197	168
Canarias	549.113	275.910	273.203	230	130	100	733	404	329
Cantabria	150.488	72.427	78.061	88	47	41	162	93	69
Castela-A Mancha	589.659	374.743	214.916	273	153	120	561	369	192
Castela e León	629.140	327.380	301.760	272	159	113	738	480	258
Cataluña	2.078.527	1.068.297	1.010.230	964	559	405	3.238	1.960	1.278
C. Valenciana	1.302.744	755.175	547.569	674	426	248	1.711	1.078	633
Extremadura	511.960	321.825	190.135	173	110	63	284	168	116
Galicia	684.507	361.518	322.989	326	198	128	878	523	355
A Coruña	283.955	143.796	140.159	113	69	44	389	238	151
Lugo	71.624	36.738	34.886	33	19	14	91	61	30
Ourense	52.780	27.077	25.703	37	24	13	91	54	37
Pontevedra	276.148	153.907	122.241	143	86	57	307	170	137
Madrid	1.599.585	833.767	765.818	1.175	639	536	2.295	1.279	1.016
Murcia	635.097	425.693	209.404	271	165	106	709	446	263
Navarra	251.186	116.746	134.440	65	38	27	216	147	69
País Vasco	664.523	323.105	341.418	189	107	82	906	553	353
A Ríoxa	109.053	63.842	45.211	55	33	22	104	64	40
Ceuta e Melilla	32.857	16.358	16.499	40	19	21	19	10	9
Estranxeiro	9.641	8.619	1.022	-	-	-	1	1	-
Total	14.392.713	7.995.068	6.397.645	6.062	3.579	2.483	16.279	9.713	6.566

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal

■ 4.3.23.

discapacitados (734 contratos), son do sector servizos. Asemade, do total de contratos convertidos a indefinidos no ano 2013, 213 son con discapacitados.

FAMILIA E INFANCIA

No que respecta ás familias e modelos familiares, no ano 2012, tal e como reflicte o **cadro 4.3.24.**, un 33,5% dos fogares galegos estaban constituídos por parellas con fillos, seguidos dos fogares compostos por parellas sen fillos, co 23,2%, e dos fogares unipersoais, co 20,5%. A porcentaxe de fogares monoparentais é do 9,5% do total de fogares galegos no ano 2012, o que supón que existen 99.100 fogares monoparentais no citado ano, case dez mil máis que no ano 2007.

No ano 2012 rómpese a tendencia, observada dende o ano 2008, de redución da porcentaxe de fogares constituídos por parellas con fillos, de xeito que no ano 2012 increméntase dita porcentaxe nun punto en relación ao ano anterior, ao mesmo tempo que se mantén estable a porcentaxe de parellas sen fillos e se reduce o número de fogares unipersoais e monoparentais.

Dada a preocupante deriva demográfica galega, e co obxecto de fomentar e favorecer o incremento das taxas de fecundidade na nosa comunidade, a Administración autonómica aproba a denominada *Estratexia de apoio para as familias numerosas de Galicia 2013–2016, horizonte 2020*. De acordo coa Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, familia numerosa é toda aquela unidade familiar

Tipoloxía de fogares 2008-12: distribución segundo o sexo da persoa principal

	Total	Homes (%)	Mulleres
Unipersoal			
2008	19,64	12,12	32,67
2009	19,81	12,81	30,20
2010	21,53	13,99	33,40
2011	21,72	15,52	29,82
2012	20,46	14,04	29,52
Sen núcleo			
2008	2,56	1,81	3,86
2009	2,13	1,42	3,19
2010	2,22	1,89	2,74
2011	2,22	1,72	2,86
2012	2,21	1,77	2,83
Parella con fillos			
2008	35,21	43,56	20,73
2009	34,22	42,96	21,24
2010	33,02	40,80	20,80
2011	32,49	39,77	22,98
2012	33,46	41,39	22,27
Parella sen fillos			
2008	21,42	24,98	15,26
2009	22,79	25,74	18,41
2010	22,56	27,14	15,36
2011	23,01	26,92	17,89
2012	23,22	27,16	17,65
Monoparental			
2008	8,64	5,10	14,79
2009	9,40	5,49	15,20
2010	9,61	5,14	16,65
2011	9,74	6,06	14,55
2012	9,53	5,49	15,24
Un núcleo e outros			
2008	8,49	8,57	8,37
2009	7,82	8,03	7,51
2010	7,25	7,40	7,00
2011	7,35	6,87	7,98
2012	7,15	6,56	7,97
Varios núcleos			
2008	4,04	3,87	4,33
2009	3,84	3,57	4,26
2010	3,81	3,65	4,05
2011	3,48	3,15	3,91
2012	3,97	3,59	4,51

Fonte: IGE

■ 4.3.24.

Títulos de familia numerosa 2012 ⁽¹⁾

	Títulos expedidos			Títulos en vigor		
	Total	categoría xeral	categoría especial	Total	categoría xeral	categoría especial
Total	7.855	7.026	829	19.523	18.151	1.372
A Coruña	3.479	3.088	391	8.108	7.532	576
Lugo	659	627	32	1.802	1.702	100
Ourense	623	566	57	1.796	1.638	158
Pontevedra	3.094	2.745	349	7.817	7.279	538

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 4.3.25.

Adopcións nacionais 2003-2013

	2003				2013			
	solicitudes abertas	resolucións de acollemento preadoptivo	propostas de adopción realizadas	autos de adopción producidos	solicitudes abertas	resolucións de acollemento preadoptivo	propostas de adopción realizadas	autos de adopción producidos
Total	276	74	69	81	217	43	61	57
A Coruña	104	24	25	43	85	7	19	16
Lugo	30	-	3	7	31	7	8	10
Ourense	42	7	9	19	25	11	5	8
Pontevedra	100	43	32	12	76	18	29	23

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 4.3.26.

Solicitudes de adopción internacionais 2000-13

	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2000	154	59	24	7	64
2001	210	104	28	13	65
2002	302	146	27	19	110
2003	397	176	48	17	156
2004	683	304	80	64	235
2005	658	282	60	55	261
2006	618	274	62	56	226
2007	509	208	64	47	190
2008	344	133	47	35	129
2009	361	183	40	23	115
2010	364	164	42	28	130
2011	302	160	32	24	86
2012	199	104	20	13	62
2013	165	92	22	10	41

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 4.3.27.

formada por unha ou dúas persoas ascendentes con tres ou máis fillas/os, sexan ou non comúns. A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, no artigo 1, recoñece a familia como estrutura básica da sociedade e ámbito natural de desenvolvemento da persoa, regulando a obriga que os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia teñen de apoiar e protexer ás familias e aos seus membros, e, en especial, aos nenos e ás nenas e aos e ás adolescentes.

No ano 2012 tíñanse expedidos en Galicia un

total de 7.855 títulos de familia numerosa, dos que 829 son de categoría especial, isto é, familias de cinco ou máis fillas ou fillos e as de catro fillos ou fillas cando ao menos tres procedan de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiples. Tamén poderán incluírse nesta categorías as familias con catro fillos ou fillas con ingresos inferiores ao 75% do IPREM vixente. A 31 de decembro do 2012, existían en Galicia 19.523 títulos de familia numerosa en vigor.

No que respecta ás solicitudes de adopcións

Prestacións por risco durante o embarazo e a lactancia natural en Galicia e España 2012-13

	2012		2013	
	Galicia	España	Galicia	España
Prestacións por risco durante o embarazo				
Traballadoras por conta allea				
Procesos medios mensuais iniciados no período	226,5	4.872,8	245,0	5.165,6
Procesos en vigor ó final do período	861,0	16.430,0	767,0	17.155,0
Duración media dos procesos finalizados (en días)	100,9	101,1	94,9	94,6
Traballadoras por conta propia				
Procesos medios mensuais iniciados no período	14,1	276,2	15,9	304,5
Procesos en vigor ó final do período	46,0	780,0	44,0	902,0
Duración media dos procesos finalizados (en días)	74,8	79,6	69,2	74,6
Prestacións por risco durante a lactancia natural				
Traballadoras por conta allea				
Procesos medios mensuais iniciados no período	3,8	70,8	3,9	59,7
Procesos en vigor ó final do período	38,0	405,0	25,0	413,0
Duración media dos procesos finalizados (en días)	139,1	121,4	131,4	123,8
Traballadoras por conta propia				
Procesos medios mensuais iniciados no período	0,6	4,9	0,6	3,9
Procesos en vigor ó final do período	5,0	22,0	1,0	20,0
Duración media dos procesos finalizados (en días)	160,3	111,4	102,0	108,1

Fonte: Seguridad Social

■ 4.3.28.

nacionais realizadas en Galicia, a pesar de que na última década observamos unha tendencia decrecente no seu número, destaca o incremento que se produce no ano 2013 en relación ao ano anterior, pasado de 158 solicitudes no ano 2012, a 217 no ano 2013, este incremento prodúcese integramente na provincia de A Coruña fronte ao descenso no número de solicitudes abertas nas tres provincias restantes. No caso das adopcións internacionais, a tendencia é claramente descendente, situándose o número de solicitudes de adopción internacional en Galicia no ano 2013 en 165, case a niveis do ano 2000 (154 solicitudes), os máis reducidos da serie estatística dispoñible

● Prestacións e axudas públicas no ámbito da familia e a infancia.

– Prestacións por risco durante o embarazo: Esta prestación económica trata de cubrir a perda de

ingresos que se produce cando a traballadora é declarada en situación de suspensión do contrato de traballo por risco durante o embarazo, nos supostos en que, debendo cambiar de posto de traballo ou de actividade por outro compatible co seu estado, este cambio non resulte técnica ou obxectivamente posible ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificadas. Tal como mostra o **cadro 4.3.28.**, no ano 2013 prodúcese unha redución dos procesos en vigor tanto no que respecta ás traballadoras por conta allea (861 en 2012 e 767 en 2013), como no caso das traballadoras por conta propia (46 en 2012 e 44 en 2013), reducíndose así mesmo, tanto para as traballadoras por conta propia como por conta allea, a duración media dos procesos finalizados.

No que respecta á comparativa con outras CCAA, Galicia é a oitava comunidade en canto a procesos en vigor no ano 2013 para traballadoras por

Prestacións de maternidade nas CC.AA. 2012-13

	2012			2013		
	percibidas pola nai	percibidas polo pai	(% / total)	percibidas pola nai	percibidas polo pai	(% / total)
Andalucía	52.080	623	1,2	50.238	606	1,2
Aragón	8.183	137	1,6	8.131	165	2,0
Asturias	5.187	128	2,4	4.658	121	2,5
Baleares	6.729	93	1,4	6.976	115	1,6
Canarias	9.862	130	1,3	9.207	132	1,4
Cantabria	3.566	97	2,6	3.480	95	2,7
Castela-A Mancha	11.192	153	1,3	10.695	147	1,4
Castela e León	13.046	277	2,1	12.358	251	2,0
Cataluña	51.837	831	1,6	49.574	814	1,6
C. Valenciana	29.302	347	1,2	27.629	335	1,2
Extremadura	5.877	49	0,8	5.511	61	1,1
Galicia	14.859	334	2,2	14.554	329	2,2
Madrid	48.885	773	1,6	48.629	773	1,6
Murcia	9.539	64	0,7	9.496	84	0,9
Navarra	4.859	169	3,4	4.683	159	3,3
País Vasco	15.954	759	4,5	15.362	681	4,2
A Ríoxa	2.054	49	2,3	2.023	39	1,9
Ceuta e Melilla	693	15	2,1	719	12	1,6
Total	293.704	5.028	1,7	283.923	4.919	1,7

Fonte: Seguridad Social

■ 4.3.29.

conta allea (oitava tamén en canto á duración media dos procesos), así mesmo está no noveno lugar, en canto a procesos en vigor para traballadoras por conta propia, (sétima en canto á duración media destes procesos).

– Prestacións por risco durante a lactancia natural:

Esta prestación económica trata de cubrir a perda de ingresos que se produce cando a traballadora é declarada en situación de suspensión do contrato de traballo por risco durante a lactación natural dun menor de 9 meses, nos supostos en que, debendo cambiar de posto de traballo ou de actividade por outro compatible coa súa situación, este cambio non resulte técnica ou obxectivamente posible ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificadas. Tal como se mostra no **cadro 4.3.24.**, no ano 2013 con 25 procesos en vigor para traballadoras por conta allea, Galicia pasa de ser a terceira Comunidade Autónoma, xunto con Valencia, por numero de procesos, a colocarse no sétimo lugar.

– Prestacións de maternidade: As prestacións económicas por maternidade tratan de cubrir a perda de rendas do traballo ou de ingresos que sofren os traballadores, por conta allea ou por conta propia, cando se lles suspende o seu contrato ou se lles interrompe a súa actividade para gozar dos períodos de descanso por maternidade, adopción e acollemento legalmente establecidos

No ano 2013, concedéronse 14.883 prestacións de maternidade, 310 menos que no ano anterior. Do total, 14.554 serían percibidas pola nai e só 329, un 2,2% do total, polo pai, porcentaxe superior á media estatal (1,7%), pero inferior ás porcentaxes alcanzadas no País Vasco (4,2%) ou Navarra (3,3%), que, igual que en anos anteriores, son as máis elevadas do Estado.

– Prestacións de paternidade: Esta prestación económica protexe o dereito do outro proxenitor, distinto ao que xera o dereito á prestación de maternidade, a percibir un subsidio durante os

Prestacións de paternidade nas CC.AA. 2012-13

	2012	2013
Andalucía	37.973	37.138
Aragón	7.681	7.710
Asturias	4.303	3.910
Baleares	4.906	5.174
Canarias	7.990	7.551
Cantabria	3.192	3.081
Castela-A Mancha	10.542	10.200
Castela e León	11.859	11.156
Cataluña	46.496	44.460
C. Valenciana	23.888	22.798
Extremadura	4.722	4.451
Galicia	11.656	11.360
Madrid	40.744	40.256
Murcia	7.761	7.902
Navarra	4.665	4.284
País Vasco	14.951	14.149
A Ríoxa	1.973	1.885
Ceuta e Melilla	565	523
Total	245.867	237.988

Fonte: Seguridad Social

■ 4.3.30.

Prestacións familiares por fillo a cargo nas CC.AA. 2012-13: prestacións de pago único

	2012				2013			
	beneficiarios por nacemento ou adopción de fillo en determinados supostos				beneficiarios por nacemento ou adopción de fillo en determinados supostos			
	Total	familias numerosas	familias monoparentais	familias con nais discapacitadas	Total	familias numerosas	familias monoparentais	familias con nais discapacitadas
Andalucía	4.512	3.377	1.081	54	5.210	3.902	1.255	53
Aragón	636	488	145	3	634	474	154	6
Asturias	218	137	78	3	311	177	125	9
Baleares	486	362	121	3	583	429	151	3
Canarias	941	605	323	13	1.027	637	378	12
Cantabria	165	113	46	6	213	147	62	4
Castela-A Mancha	935	714	213	8	1.228	943	274	11
Castela e León	766	552	205	9	899	599	289	11
Cataluña	3.335	2.659	661	15	3.727	2.972	724	31
C. Valenciana	2.110	1.517	582	11	2.748	1.967	755	26
Extremadura	486	363	121	2	540	381	155	4
Galicia	525	308	210	7	652	370	272	10
Madrid	2.117	1.310	791	16	2.437	1.452	967	18
Murcia	1.188	995	187	6	1.367	1.103	260	4
Navarra	289	231	58	-	288	217	70	1
País Vasco	531	294	235	2	663	413	246	4
A Ríoxa	255	211	41	3	232	178	53	1
Ceuta e Melilla	386	348	36	2	539	494	37	8
Total	19.881	14.584	5.134	163	23.298	16.855	6.227	216

(1) único cobro de 2500 €, como prestación non contributiva ou dedución no IRPF
 Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

■ 4.3.31.

días de suspensión do contrato de traballo no caso de nacemento de fillo, adopción ou acollemento.

No ano 2012 (**cadro 4.3.30.**), tal como acontece na maior parte das comunidades autónomas, agás Murcia e Baleares, descende o número de prestacións de paternidade, concedéndose un total de 11.360 prestacións, 296 menos que no ano anterior. O 4,8% do total estatal de prestacións de paternidade no 2013 foron concedidas en Galicia, sendo a sexta comunidade autónoma en número de prestacións.

– Prestacións familiares por fillo a cargo: Esta prestación consiste nunha asignación económica que se recoñece por cada fillo a cargo do beneficiario, menor de 18 anos ou maior afectado dunha discapacidade en grao igual ou superior ao 65%, calquera que sexa a súa filiación, así como polos menores acollidos en acollemento familiar, permanente ou preadoptivo, sempre que non se supere o límite de ingresos establecido.

O **cadro 4.3.31.** mostra as prestacións periódicas por fillo a cargo nas diferentes CCAA, onde, fronte ao descenso xeneralizado do ano anterior, no ano 2013 increméntase na maioría de Comunidades o número de beneficiarios destas prestacións. O incremento en Galicia foi do 24,2%, superior ao incremento medio estatal que foi do 17,2%.

VIOLENCIA E MALTRATO

Debemos distinguir distintos tipos de violencia, en concreto a violencia de xénero e a violencia familiar, como indicadores dos niveis de benestar social.

A violencia de xénero defínese como a manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, exerceuse sobre estas por parte de quen

sexan ou teñan sido os seus cónxuxes, ou de quen están ou teñan estado ligados a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia e comprende todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria de liberdade.

A violencia familiar é infrinxida por persoas do medio familiar e dirixida, xeralmente, ás persoas máis vulnerables do mesmo: nenos, nenas, persoas anciáns, persoas discapacitadas. A violencia doméstica está dirixida á persoa ou persoas que convivan xuntas. Non é preciso que existan lazos familiares.

No que respecta á violencia de xénero, o número de denuncias do ano 2013 foi de 5.174, o 4,1% do total estatal.

Dende a súa posta en marcha no ano 2007, o teléfono 016 ofrece información e asesoramento xurídico en materia de violencia de xénero con carácter gratuíto e universal. A cifra total de chamadas referentes a violencia de xénero atendidas polo 016 dende o 3 de setembro de 2007 ata o 31 de decembro de 2013, no conxunto de España, foi de 411.666, das que 18.759 foron efectuadas desde Galicia (4,6%)

Tal e como amosa o **cadro 4.3.33.**, Galicia rexistrou ao longo do ano 2013 tres mortes por violencia de xénero, unha menos que no ano anterior, cifra que representa o 5,5% do total de casos rexistrados en toda España no mesmo ano. Respecto ao 2012, dita porcentaxe diminúe en Galicia en case tres puntos porcentuais como consecuencia da redución dunha vítima en Galicia e do incremento de cinco vítimas mortais no conxunto do Estado en relación ao ano 2012.

No que respecta aos dereitos laborais e económicos das mulleres vítimas de violencia, o **cadro**

Denuncias por violencia de xénero en Galicia e España 2009-13

	2009	2010	2011	2012	2013
Galicia	6.068	5.270	5.153	4.788	5.174
A Coruña	2.401	1.997	1.875	1.633	1.772
Lugo	581	502	559	479	532
Ourense	619	685	540	466	494
Pontevedra	2.467	2.086	2.179	2.210	2.376
España	135.540	134.105	134.002	128.477	124.893

Fonte: Delegación del Gobierno para la Violencia de Género e CGPJ

■ 4.3.32.

Vítimas mortais por violencia de xénero nas CC.AA. 2009-13

	2009	2010	2011	2012	2013
Andalucía	14	17	16	8	11
Aragón	-	2	2	-	2
Asturias	-	5	2	1	1
Baleares	1	2	1	2	2
Canarias	5	7	3	2	2
Cantabria	-	-	-	-	2
Castela-A Mancha	1	3	1	3	4
Castela e León	1	4	2	2	3
Cataluña	10	12	9	12	4
C. Valenciana	9	8	8	6	9
Extremadura	1	1	-	1	1
Galicia	3	2	3	4	3
Madrid	5	7	9	6	9
Murcia	2	1	2	-	-
Navarra	-	-	1	-	-
País Vasco	2	2	2	2	1
A Ríoxa	1	-	-	-	-
Ceuta e Melilla	1	-	-	-	-
Total	56	73	61	49	54

Fonte: Delegación del Gobierno para la Violencia de Género

■ 4.3.33.

4.3.34. mostra que os contratos bonificados a mulleres vítimas da violencia de xénero desde o ano 2003 ata 2013 ascenderon a 203 o 4,7% do total estatal; o número de mulleres vítimas de violencia perceptoras da Renda Activa de Inserción é crecente dende o ano 2006, ata acadar 1.197 mulleres en 2013.

Finalmente, no que atinxe á violencia infantil, o Plan Estratéxico nacional da Infancia e Adolescencia 2013-2016 establece distintas medidas

encamiñadas a fomentar modelos educativos para prevenir e erradicar a violencia fomentando una parentalidade positiva.

No que respecta aos expedientes abertos por gardas e tutelas, a taxa nacional de tutelas "ex lege" no ano 2011 sitúase en 364 por cada cen mil menores, esta taxa é lixeiramente superior en Galicia, onde no citado ano, acada 370 tutelas por cada cen mil menores residentes, existindo en Galicia 1.425 menores nesta situación.

Dereitos laborais e económicos das mulleres vítimas de violencia 2003-13

	Galicia	España	Galicia / España
			(%)
Contratos bonificados 2003-13	203	4.313	4,7
Contratos de sustitución 2005-13	46	1.466	3,1
Vítimas perceptoras da Renda Activa de Inserción			
2006	511	10.924	4,7
2007	569	13.291	4,3
2008	641	16.883	3,8
2009	794	22.010	3,6
2010	921	25.512	3,6
2011	1.016	29.065	3,5
2012	1.063	30.065	3,5
2013	1.197	32.596	3,7
Axudas para cambio de residencia 2005-12	922	15.643	5,9

Fonte: Delegación del Gobierno para la Violencia de Género

■ 4.3.34.

En relación aos menores en situación de acollemento, distinguimos entre o acollemento residencial e o familiar administrativo, xa que non se dispón de datos de acollemento xudicial.

A taxa nacional de medidas de acollemento residencial sitúase en 170 por cada cen mil menores, estando Galicia por encima da media estatal con 179 menores acollidos por cada cen mil, existindo no ano 2011, (último dato dispoñible), 698 menores galegos nesta situación.

Finalmente, a taxa nacional de acollemento familiar residencial acada no ano 2011 as 180 medidas por cada cen mil menores, sendo esta taxa en Galicia de 346, así Galicia con 1.331 menores é o primeiro territorio, só por detrás da Cidade Autónoma de Ceuta a que ten unha maior taxa de menores nesta situación. ■

4.4.

MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

A resposta internacional ao cambio climático artículase a través da Convención Marco de Nacións Unidas sobre o Cambio Climático e o seu Protocolo de Kioto.

No ano 1995 iniciáronse as negociacións para dar unha resposta global ao cambio climático que tiveron como resultado a adopción do Protocolo de Kioto no ano 1997. Este Protocolo obriga xuridicamente aos países desenvolvidos asinantes a acadar metas de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI). O primeiro período de compromiso do Protocolo iniciouse en 2008 e rematou no ano 2012.

No ano 2012 celebrouse en Doha, Qatar, a 18ª sesión da Conferencia das Partes, que prorroga o Protocolo de Kioto oito anos, e apraza ata 2013 as negociacións sobre o financiamento para axudar á redución das emisións de GEI nos países en desenvolvemento.

Do 11 ao 22 de novembro de 2013 celebrouse en Varsovia, a 19ª sesión da Conferencia das Partes

do Convenio Marco das Nacións Unidas sobre o cambio climático. Nesta conferencia os 195 países asistentes non acadaron un consenso en canto a novos compromisos de redución de emisións nin en cómo avaliar os compromisos existentes, só se aprobou un calendario para presentar contribucións no primeiro trimestre de 2015 que permita chegar a un acordo global, xuridicamente vinculante, en termos de emisións, na conferencia que se levará a cabo en Francia no ano 2015.

A distribución de emisións de GEI debe ser aplicable a todos os países, xa que as accións deben ser globais para afectar positivamente ao cambio climático.

Na Estratexia Europa 2020, aprobada o 3 de marzo de 2010 no seo da Comisión Europea, aparece como obxectivo prioritario o de acadar un crecemento europeo sostible, no que a economía faga un uso máis eficaz dos recursos, sendo máis verde e competitiva, apoiando un cambio cara a unha economía con baixas emi-

sións de carbono, cun incremento das fontes de enerxía renovables, cunha modernización do sector do transporte e maior eficacia enerxética. En concreto sinálanse como principais obxectivos de sostenibilidade a acadar no ano 2020, os de redución de emisións de gases efecto invernadoiro nun 20% en comparación cos niveis de 1990, o incremento da porcentaxe de enerxías renovables sobre o consumo final de enerxía e o aumento nun 20% na eficiencia enerxética.

En virtude desta Estratexia Europa 2020, e dos seus obxectivos e prioridades, os Estados membros elaboran e implementan, tanto a nivel nacional como rexional, unha serie de políticas e actuacións co obxecto de lograr o seu cumprimento. A nivel español, destaca o Plan Nacional de Reformas de 2013, que recolle os obxectivos nacionais a medio prazo en materia de política económica e que inclúe como obxectivo o cambio climático e a sostibilidade enerxética.

Dentro deste obxectivo global inclúese, en primeiro lugar, a redución de emisións de GEI, que se traduce, por unha banda, na necesidade de reducir as emisións nos sectores difusos (non incluídos no Réxime de Comercio de Dereitos de Emisión da UE, RCDE), nun 10% en 2020 respecto ao ano 2005, e, por outra banda, nas reducións das emisións das empresas. As emisións suxeitas ao RCDE reducíronse en torno ao 29% dende o ano 2005. No ámbito dos sectores difusos existen actuacións que se plasman en iniciativas como o Programa Proxecto Clima ou o PIMA Aire. Adicionalmente existen propostas de medidas transversais como a articulación dunha nova fiscalidade medioambiental, o desenvolvemento dunha iniciativa lexislativa para impulsar o cálculo da pegada de carbono ou o Plan Estatal Marco de Resíduos.

Outro dos obxectivos é o fomento das enerxías renovables, e, en terceiro lugar, a mellora da efi-

Estrat

Cambio climático e enerxía

Cambio en emisións de GEI fora do RCCDE ⁽¹⁾

obxectivo nacional EU 2020

obxectivo proposto (negativo = redución mínima, positivo máximo)

Enerxías renovables no consumo final bruto de enerxía

obxectivo nacional EU 2020

incremento necesario para acadar o obxectivo proposto
cambio na taxa

Potencial de enerxía eólica

Recursos de enerxía solar

Medio ambiente

Poboación conectada a plantas de tratamento de augas residuais

Concentración de partículas finas (PM10) a nivel superficial

Exceso de concentracións de ozono

Cumprimento da directiva UE sobre habitats

(1) Réxime de Comercio de Dereitos de Emisión

Fonte: Comisión Europea

■ 4.4.1.

ciencia enerxética, á que trata de contribuir varias medidas, como son a creación de novos impostos, a modificación dos tipos impositivos do gas natural e do carbón, a mellora da eficiencia enerxética nos edificios, a partir da certificación de eficiencia enerxética, e as axudas directas á adquisición de vehículos de alta eficiencia enerxética.

Tal como se recolle na **táboa 4.4.1.**, no que respecta ao cumprimento por parte do Estado español dos indicadores de crecemento sostible, mostran como no período 2009-2020 España deberá reducir as emisións de GEI nun 9,8%, así como incrementar en case un 5% o seu consumo de enerxías renovables.

En Galicia, o primeiro *Informe sobre cambio climático* constata que as principais evidencias que existen sobre o fenómeno do cambio climático en Galicia refírense a incrementos de temperatura de 0,18°C por década no período de 1961 a 2006, cambios na distribución da chuvia ao longo

Estratexia 2020: indicadores de crecemento sostible de España

	unidades	período	España	Unión Europea		
				media	dato mínimo	dato máximo
o = incremento	(% cambio)	2005-2009	-0,2	-2,6	-14,1	24,4
	(%)	2020	-10,0	-10,0	-20,0	20,0
	(puntos %)	2009-2020	-9,8	-7,4	-17,6	24,1
		2011	15,1	13,0	0,4	46,8
	(% / enerxía consumida)	2020	20,0	20,0	10,0	49,0
		2011-2020	4,9	7,0	-0,9	11,5
	(variación de puntos %)	2006-2011	6,1	4,5	0,4	9,8
	(horas totais de carga / ano)	2000-2005	652,8	1261,0	457,1	3186,7
	(media de recursos de enerxía solar en KWh/ano)	-	1819,9	1358,3	1053,0	2001,0
uais	(% / poboación total)	2008	92,0	-	29,0	99,0
	(concentración media anual (µg/m3)	2009	13,5	16,0	5,5	22,7
	(número de días con exceso)	2008	6,9	11,8	1,8	46,2
	(% cumprimento das propostas)	2010	99,0	89,0	40,0	100,0

do ano, variacións en hábitos migratorios das aves, cambios fenolóxicos na flora, incrementos da temperatura superficial do mar de 0,2°C por década, cambios no fitoplacto e incremento de especies de augas cálidas, así como ascensos no nivel do mar de entre 2 e 2,5 cm por década.

Seguindo os principios orientadores da política económica recollidos na Estratexia Europa 2020, elabórase o Plan estratéxico 2010-2014, horizonte 2020, que se configura como o principal instrumento orientador da política económica do goberno autonómico. O eixe 4 do citado Plan, de sostibilidade ambiental e equilibrio territorial, ten como obxectivo fundamental o de acadar en Galicia un equilibrio entre solidariedade e cohesión territorial cun desenvolvemento sustentable, coa valorización do contorno e o respecto ao medio ambiente. Para a consecución do obxectivo final defínense tres obxectivos estratéxicos, aos que se asocian, tal como se mostra na **táboa 4.4.2.**, unha serie de programas e plans de actuación. Os obxectivos estratéxicos son:

1.- OE 4.1. Converter o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida.

2.- OE 4.2. Desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única.

3.- OE 4.3. Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático.

No ámbito local de goberno tamén existen iniciativas de carácter público e institucional ideadas para a implementación conxunta de actuacións encamiñadas ao crecemento e desenvolvemento sostibles, onde destacan, entre outras, a Axenda Local 21 e a Rede Española de Cidades polo Clima.

Ao abeiro do espírito da Axenda Local 21, en relación aos principios de xestión pública da sostibilidade a nivel local, baseados no compro-

miso de fomentar modelos de desenvolvemento sostible a nivel local, desenvólvense os denominados núcleos de sostibilidade, cuxo obxectivo é o de posibilitar a integración, a nivel local, de todas as accións susceptibles de ser promovidas polas administracións municipal e autonómica que garden relación directa coa consecución dun desenvolvemento local sostible, coordinándoas nun "plan integrado de sostibilidade local".

Na actualidade a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas está desenvolvendo sete experiencias piloto consistentes na implantación dun Núcleo de Sostibilidade nos municipios de Abegondo, Muros, Guitiriz, O Barco de Valdeorras e Covelo, na Asociación para o Desenvolvemento Sostible do Medio Rural da Reserva da Biosfera "Área de Allariz", integrada polos municipios de Allariz, A Bola, Vilar de Santos e Rairiz de Veiga, e na Asociación de Desenvolvemento Rural Proder II - Comarca de Pontevedra, da que forman parte os concellos de Barro, Poio, Ponte Caldelas e Vilaboa.

Finalmente, cabe sinalar, no marco dos compromisos e iniciativas de carácter institucional, a Rede Española de Cidades polo Clima: esta Rede, creada en 2004, é a sección da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), que aglutina a cidades e pobos comprometidos co desenvolvemento sostible e a protección do clima, e ten por obxecto fomentar a colaboración entre organismos públicos e outras institucións para promover políticas locais de sostibilidade ambiental, facilitando a xestión do coñecemento e a difusión e o intercambio de experiencias. Os eixos básicos de actuación da rede son a eficiencia enerxética e o desenvolvemento de enerxías renovables, a arquitectura bioclimática e o urbanismo sostible.

Na actualidade, en Galicia pertencen á Rede española de cidades polo clima os seguintes

Plan Estratéxico de Ga

OE 4.1. Converter o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida

Plan HURBE 2010-2013
Directrices de ordenación do territorio
Plan de ordenación do litoral
Plan galego de cartografía e información xeográfica
Plan de sustentabilidade de Galicia
Plan hidrolóxico de Galicia-Costa
Plan de infraestruturas hidráulicas e traballos medioambientais 2009-2013
Plan de abastecemento de Galicia
Plan de saneamento de Galicia
Plans sectoriais de saneamento nas rías galegas
Plan de control de vertidos en Galicia-Costa
Plan de lodos de depuradoras de augas residuais
Plan de xestión de residuos urbanos 2010-2020
Plan de residuos industriais de Galicia
Plan director dos recursos naturais Rede Natura 2000
Plan de concentración parcelaria
Plan de mellora de accesos ás explotacións

511A (SX CMATI, DX Infraestruturas, Xurado de Expropiación de Galicia)

521A (SX Ordenación Territorio e Urbanismo; DX Sostib. e Pais; Axencia Protec.Leg. Urbana)

541A (SX CMATI, DX Calidade e Avaliación Ambiental)

541B (DX Conservación da Natureza)

541C (SX Consellería do Mar; DX OrDX Recursos Mariños)

541D (SX de Calidade e Avaliación Ambiental)

542B (Augas de Galicia)

Fonte: Xunta de Galicia

■ 4.4.2.

governos locais:

– Na provincia da Coruña: A Coruña, Cabana de Bergantiños, Barro, Camariñas, Fene, Paderne, Santiago de Compostela e Vedra.

– Na provincia de Pontevedra: Cambados, Covelo, Marín, Moraña, O Grove, Poio, Vigo e Vilaboa.

– Na provincia de Lugo: Burela e Lugo.

– Na provincia de Ourense: Carballeda de Avia, Lobios, O Carballiño, Ourense, a Deputación de Ourense e a Mancomunidad Terra de Celanova.

No que respecta ás emisións de gases de efecto

licia 2010-2014: obxectivos estratéxicos do Eixe 4 Sustentabilidade ambiental e equilibrio territorial

OE 4.2. Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única	OE 4.3. Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático
Plan Impulsa Lugo e Plan Impulsa Ourense	Plan enerxético estratéxico de Galicia 2010–2015
Plan de desenvolvemento integral das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal	Plan de mellora da subministración eléctrica 2010–2013
Plans territoriais (Plan de reequilibrio territorial e Plan Costa da Morte)	Plan sectorial eólico de Galicia
Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007–2013	Plan re-Xurde eólico 2010
Plans estratéxicos de infraestruturas no medio rural	Programa marco galego fronte ao cambio climático 2010-2020
Plan territorial de continxencias	Plan MOBEGA (mobilidade eléctrica en Galicia) 2010–2015
	Programa de desenvolvemento de infraestruturas de transporte de electricidade
	Programa de desenvolvemento de infraestruturas de gas
	Programa de axudas a proxectos de aforro e eficiencia enerxética
	Programa de axudas a proxectos de enerxías renovables

Programas de gasto e organismos xestores

141A (DX Admón. Local)	541E (SX Calid. e Av. Amb.; D.X. Sostib. e Paisaxe)
451A (IGVS)	541C (DX OrDX Recursos Mariños)
521A (D.X. Sostibilidade e Pais.)	541D (SX de Calidade e Avaliación Ambiental)
551A (DX Desenvolvemento rural)	542A (Augas de Galicia)
712A (D.X. Desenvolvemento rural)	542B (Augas de Galicia)
761A (S.X. Turismo)	733A (DX Ind., Enerxía e Minas)
811A (Transferencias a corporacións locais)	733B (DX Ind., Enerxía e Minas)
811B (Transferencias a corporacións locais)	734A (DX Ind., Enerxía e Minas)
811C (SX e do Patrimonio)	INEGA
IGAPE	

invernadoiro (GEI), a Estratexia Europea 2020 para un crecemento intelixente, sostible e integrador fixou, como obxectivo para todos os Estados membros, situar en 2012 as emisións de gases efecto invernadoiro nun 92% respecto ás de 1990 e reducir as emisións entre 1990 y 2020 nun 20% .


O informe de emisións GEI en Galicia (serie 1990-2011), mostra que Galicia aumentou as súas emisións de GEI no ano 2011 un 6,6% respecto do ano 2010. Así o nivel de emisións destes gases na nosa Comunidade atópase un 1,9% por debaixo dos valores do ano 1990.

A principal razón que motivou este crecemento

foi o aumento das emisións asociadas ás industrias do sector enerxético, as que aumentaron un 32,5% en termos relativos; tamén aumentaron, aínda que en menor medida, as emisións asociadas aos procesos industriais que creceron un 0,6%. Pola contra, diminuíron con respecto ao ano anterior as emisións asociadas ao transporte e as recollidas no apartado "outros sectores", onde están englobados, entre outros, os sectores residencial, comercial e institucional. Tamén se producen reducións, aínda que leves, nas emisións asociadas ao sector agrícola e ao tratamento de residuos.

Tal como se mostra no **gráfico 4.4.3.**, das 27,6 Mt CO₂ equivalente emitidas por Galicia no ano

Emisións á atmosfera 2011: distribución segundo sector



(1) o sector difuso é o non regulado pola Directiva 2003/87/CE pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

■ 4.4.3.

2011, o 40,1% proveñen das instalacións sometidas ao comercio de dereitos de emisión e o 59,9% restante, aos definidos como sectores difusos. Mentres que o sector directiva aumentou as súas emisións nun 23,5%, as emisións no sector difuso decreceron nun 2,4% en relación ao ano 2010.

O sector de procesamento de enerxía é responsable en Galicia no ano 2011 dun 79,2% do total das emisións, sendo dita porcentaxe dun 77,5% para toda España, seguido moi de lonxe do sector da agricultura, responsable dun 12,2%, e do sector dos procesos industriais, cun 6,8%. Non obstante, comparando a porcentaxe no 2011 coa do ano 1990, o sector de procesamento da enerxía reduciu a súa representación no total de emisións de GEI nun 2,8% mentres que nos sectores restantes aumentouse o volume de emisións en relación ao total (**gráfico 4.4.4.**).


A través do índice de evolución anual das emisións de CO₂ equivalente, que toma como ano base 1990, pódese valorar o grao de cumprimento en Galicia dos obxectivos de diminución das emisións de gases efecto invernadoiro fixados a

nivel comunitario. Tal e como se mostra no **gráfico 4.4.5.**, observamos unha tendencia crecente de emisións con respecto ás do ano base. En España, as emisións totais no ano 2007 superan nun 62,2% ás emisións de 1990. No caso de Galicia, estas supoñen un 24,5% máis, se ben no ano 2008 comeza unha tendencia decrecente pasando a ser esa diferenza, no ano 2011, dun 28,8% no caso español, fronte ao xa citado descenso do 1,9% en relación ao ano base para o caso galego.


Os protocolos medioambientais, tanto europeos como internacionais, baséanse, fundamentalmente, na redución das emisións de gases con efecto invernadoiro. Polo que, o seguimento e verificación das ditas emisións constitúen un elemento clave no deseño do réxime de comercio de dereitos de emisión. Mediante este mecanismo, determínase cales foron as emisións de cada unha das instalacións e operadores aéreos afectados e, polo tanto, qué cantidade de dereitos de emisións deben entregar.

O Regulamento 601/2012 da Comisión Europea sobre o seguimento e a notificación das emisións

Emisións á atmosfera 1990-2011: distribución segundo sector de actividade




Emisións á atmosfera 1990-2011



Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

■ 4.4.4.

Índice de emisións de CO² equivalentes en Galicia e España 1990-2011

(1) 1990 = 100

Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente

■ 4.4.5.

Emisión de CO₂ 2013

	Instalacións	Emisións		
		asignadas	declaradas	
		(en millóns de dereitos)	2013 (en millóns tm.)	13/12
Xeración enerxía	4	0,00	9,31	-22,64
Coxeración-combustión	28	0,72	1,00	-5,41
Industria				
Refino e produción de H2	2	1,05	1,19	16,45
Produción de aceiro	5	0,60	0,57	1332,50
Produción de aluminio	4	1,26	1,50	--
Produción de cemento	2	0,42	0,16	-18,65
Fabricación cerámica	1	0,01	0,01	--
Produción papel	2	0,01	0,12	12,73
Fabricación produtos químicos	2	0,08	0,07	--
Total	50	4,21	13,92	-3,69

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras

■ 4.4.6.

Emisións contaminantes nas CC.AA. 2012:
actividades e complexos contaminantes ⁽¹⁾

	actividades industriais	complexos industriais
Andalucía	33	311
Aragón	28	158
Asturias	43	34
Baleares	22	12
Canarias	26	19
Cantabria	23	25
Castela e León	32	367
Castela-A Mancha	27	196
Cataluña	54	509
C. Valenciana	27	136
Extremadura	15	30
Galicia	34	120
Madrid	19	42
Murcia	26	102
Navarra	15	114
País Vasco	41	94
A Ríoxa	11	17
Ceuta e Melilla	19	3
Total	495	2.292

(1) complexos que teñen datos de información pública

Fonte: Registro Estatal de Emisiones y Fuentes Contaminantes, PRTR-España

■ 4.4.7.

de gases de efecto invernadoiro establece as normas aplicables ao seguimento e á notificación das emisións de gases de efecto invernadoiro para as actividades que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2013.

Este Regulamento establece a obriga dos titulares de instalacións e operadores aéreos en canto ao cumprimento das obrigas de seguimento e notificación de emisión. Estas actuacións deberán ser exhaustivas e abarcar todas as emisións do proceso.

O **cadro 4.4.6.** mostra datos das inscricións das emisións e entrega de dereitos de emisións das instalacións suxeitas á aplicación da Lei 1/2005. No ano 2013, o volume total de emisións declaradas polas 50 instalacións cuxas emisións foron inscritas foi de 13,9 millóns de toneladas de CO₂, un 3,7% menor que as do ano anterior.

Segundo os datos do Rexistro estatal de emisións e fontes contaminantes, no ano 2012 son 34 as actividades industriais contaminantes, sendo 120 os complexos industriais clasificados tamén como contaminantes. Galicia é a cuarta Comunidade por número de actividades industriais contaminantes e a sétima en canto a número de complexos industriais así clasificados (**táboa 4.4.7.**).

● Gasto e investimento das empresas en protección medio ambiental.

Tendo en conta que as emisións de gases de efecto invernadoiro son o indicador utilizado para medir a evolución da loita contra o cambio climático, un aspecto importante a ter en conta tamén é a evolución e o volume de gasto que realizan as empresas do sector industrial para reducir ou eliminar as emisións de contaminantes ao aire e

a contaminación acústica, no tratamento das augas residuais e dos residuos sólidos xerados e para poder utilizar materias primas menos contaminantes ou en menor cantidade.

No ano 2011, último dato dispoñible, o gasto da industria galega en protección do medioambiente sitúase en 173 millóns de euros, un 0,4% menos que no 2010. Os gastos correntes destinados á protección mediambiental aumentaron un 14%, acadando os 106 millóns de euros, mentres que o investimento diminúe un 17% en taxa anual, acadando os 66,8 millóns de euros (**táboa 4.4.8.**).

O gasto da industria en protección ambiental en Galicia representa o 7,2% do gasto total estatal.

Atendendo ao tipo de equipo e instalación, o 72% do investimento realizouse en equipos e instalacións integrados e o 28% en equipos e instalacións independentes.

En relación ao ano anterior, en termos absolutos o investimento en equipos de emisións ao aire son os que experimentaron a maior redución, tanto en equipos e instalacións independentes (4,8 millóns de euros menos que no ano anterior), como en equipos e instalacións integrados (18,9 millóns de euros menos que no ano anterior). O investimento en equipos e instalacións integradas para a xestión de residuos e de augas residuais incrementáronse significativamente no ano 2011, con 9,8 e 5,6 millóns de euros máis de investimento respectivamente.

Do conxunto de industrias analizadas (CNAE B, C, e D), son as industrias manufactureiras as que realizan un maior gasto en protección ambiental, co 73% do total realizado en Galicia no ano 2011. O principal destino dos investimentos das industrias manufactureiras no que respecta á protección ambiental son equipos e instalacións integra-

Gastos das

Total CNAE B, C e D

Investimento total
Equipos e instalacións independentes
Emisións ao aire
Augas residuais
Residuos
Solos e augas subterráneas e augas superficiais
Ruídos e vibracións
Natureza e paisaxe
Outros equipos e instalacións
Equipos e instalacións integrados
Emisións ao aire
Augas residuais
Residuos
Solos e augas subterráneas e augas superficiais
Ruídos e vibracións
Outros equipos e instalacións
Gastos correntes

C. Industria manufactureira

Investimento total
Equipos e instalacións independentes
Emisións ao aire
Augas residuais
Residuos
Solos e augas subterráneas e augas superficiais
Ruídos e vibracións
Natureza e paisaxe
Outros equipos e instalacións
Equipos e instalacións integrados
Emisións ao aire
Augas residuais
Residuos
Solos e augas subterráneas e augas superficiais
Ruídos e vibracións
Outros equipos e instalacións
Gastos correntes

(1) datos referidos ás empresas das seccións B, C e D da CNAE-2009
Fonte: INE

■ 4.4.8.

dos para emisións ao aire que, con 9,4 millóns de euros, representan o 30,4% do investimento total, e os investimentos en equipos e instalacións independentes para o tratamento de augas residuais, que representan un 19,4% do investimento total en protección medioambiental.

NATUREZA E BIODIVERSIDADE

A Lei 9/2001, de conservación da natureza, regula o réxime xurídico dos espazos naturais protexidos (ENP), que son aqueles espazos ou ecosistemas máis representativos e significativos do

empresas en protección ambiental en Galicia e España 2008-11

España				Galicia			
2008	2009	2010	2011	2008	2009	2010	2011
(en millóns de euros)							
3.129,4	2.586,6	2.384,7	2.389,3	339,2	177,2	174,0	173,3
1.533,8	1.065,9	764,9	684,1	245,6	87,6	80,6	66,8
686,7	459,6	314,1	287,5	75,9	45,1	31,3	18,7
344,7	206,2	90,2	69,3	6,9	15,4	5,9	1,2
156,3	133,5	118,2	122,6	23,5	8,4	7,5	6,6
66,1	53,7	41,4	26,3	5,1	0,7	4,7	1,4
22,3	13,1	14,3	19,0	1,9	0,3	0,7	1,7
15,3	3,9	3,6	3,4	0,3	0,2	0,3	0,1
75,4	39,9	43,3	41,9	36,9	19,5	11,9	7,6
6,7	9,2	3,1	5,0	1,4	0,7	0,4	0,1
847,1	606,4	450,8	396,6	169,8	42,5	49,3	48,1
479,3	336,8	249,7	205,1	127,3	34,3	45,4	26,4
80,3	61,2	54,9	50,8	4,8	2,3	1,0	10,8
77,8	61,0	49,9	36,4	3,8	2,1	0,5	6,1
18,9	14,7	19,1	38,2	2,7	0,4	0,8	1,3
19,3	9,1	9,6	6,0	3,6	0,7	0,2	0,7
171,6	123,6	67,7	60,1	27,5	2,8	1,4	2,7
1.595,6	1.520,7	1.619,8	1.705,2	93,5	89,5	93,4	106,5
2.421,0	2.191,5	2.132,6	2.110,6	132,6	125,0	137,5	127,3
917,9	763,2	607,4	506,6	48,0	44,6	52,2	30,9
406,8	289,0	222,4	190,8	14,4	11,1	13,2	8,8
179,3	108,0	77,4	50,0	4,3	4,8	4,7	0,8
125,3	112,0	87,5	98,9	7,0	4,6	6,2	6,0
60,0	46,1	36,7	16,4	1,9	0,6	1,5	0,4
16,7	10,0	12,1	16,5	0,5	0,2	0,6	1,5
13,6	3,7	3,2	3,1	0,2	0,2	0,2	0,1
7,4	5,2	4,3	1,9	0,1	0,1	0,0	0,1
4,5	4,1	1,1	4,0	0,5	0,7	-	-
511,1	474,2	385,0	315,8	33,5	33,6	39,0	22,0
249,2	267,9	215,3	155,6	20,6	26,0	35,2	9,4
72,1	54,2	44,9	36,6	4,7	2,1	1,0	1,9
75,5	54,2	49,1	34,1	3,5	1,8	0,5	6,1
10,6	12,6	16,5	36,5	0,5	0,3	0,7	1,2
14,2	8,8	8,0	5,8	0,1	0,7	0,2	0,7
89,5	76,4	51,2	47,2	4,1	2,7	1,4	2,6
1.503,1	1.428,3	1.525,2	1.604,0	84,6	80,4	85,3	96,5

territorio galego que dispoñen dun réxime especial de protección.

Dita norma contempla nove categorías de protección, das que sete pertencen á Rede Galega de Espazos Naturais. Ditas categorías son as seguintes: parques naturais, parques nacionais, monumentos naturais, paisaxes protexidas, humidaes protexidos, zoas de especial protección dos valores naturais (ZEPVN), espazos privados de interese natural (EPIN) e espazos naturais de interese local (ENIL).

Coa aprobación do Decreto autonómico 72/2004,

do 2 de abril de 2004, procédese á declaración definitiva como ENP, mediante a categoría de ZEPVN, de 59 lugares de importancia comunitaria (LIC) e 14 zoas de especial protección das aves (ZEPA), e como consecuencia os espazos que pertencen á Rede Natura 2000 van quedar integrados na Rede Galega. Tras sucesivas ampliacións, Galicia conta, como espazos protexidos da Rede Natura 2000, con 59 LICs e 16 ZEPAs.

Seguindo as directrices contidas na Directiva 92/43 CEE de Conservación dos Hábitats Natu-

Figuras legais aplicadas ás áreas protexidas

Espacios Nautrais Protexidos	Rede Natura 2000	Áreas protexidas por instrumentos internacionais
Parques nacionais	Lugares de importancia Comunitaria	Humedais Ramsar
Parques	Zonas de Especial Protección para as Aves	Reservas da Biosfera
Reservas naturais	Zonas Especiais de Conservación	Zonas especialmente protexidas de importancia para o Mediterráneo (ZEPIM)
Monumentos naturais		Convención Oslo/París (OSPAR)
Paisaxes protexidas		Reservas Bioxenéticas
Áreas mariñas protexidas		Xeoparques
Outras figuras de protección (1)		

(1) figuras desenvolvidas polas CC.AA.
Fonte: Europarc-España

■ 4.4.9.

rais e das Especies, apróbase a mediados do ano 2012, o Plan Director Rede Natura 2000, co fin de elaborar obxectivos concretos para a conservación dos LICs e das ZEPAs. Ademais dos espazos protexidos pola lexislación comunitaria, nacional e autonómica, Galicia conta no seu territorio con espazos naturais protexidos ao abeiro de acordos e convenios internacionais.

Tendo en conta que a maior parte dos espazos naturais atópanse protexidos por máis dunha figura xurídica de protección, o conxunto total das Áreas Protexidas en Galicia pódense clasificar tal como se mostra na **táboa 4.4.9.**

O total dos espazos, tanto terrestres como mariños, amparados pola Rede Galega de Espazos Protexidos suporían 398.634 ha, sendo as figuras existentes na actualidade as seguintes:

Formando parte da Rede Galega:

Reserva natural.- Espazos cuxa finalidade é a protección de ecosistemas, comunidades ou elementos biolóxicos que, pola súa rareza, fragilidade, importancia ou singularidade, merecen unha valoración especial.

Parque natural.- En Galicia hai 6 parques naturais declarados: Baixa Limia-Serra do Xurés; Comple-

xo dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán; Fragas do Eume; Monte Aloia; O Invernadoiro e a Serra da Enciña da Lastra.

Parque nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Monumento natural.- En Galicia existen 7 zonas declaradas como monumento natural por ter un valor natural, paisaxístico, xeolóxico ou histórico singular: A praia das Catedrais; A Carballa da Rocha; Costa de Dexo; Fraga de Catasós; Serra de Pena Corneira; Souto da Retorta e Souto de Rozabales.

Humedal protexido.- En Galicia están declarados como humedais protexidos os seguintes: Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo; Complexo intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira; Lagoa e areal de Valdoviño; Ría de Ortigueira e Ladrado e a Ría de Ribadeo.

Paisaxe protexida.- Son espazos que, polos seus valores singulares, estéticos e culturais ou pola relación harmoniosa entre o home e o medio natural, son merecedores dunha protección especial, distinguíndose en Galicia os seguintes: Penedos de Pasarela e Traba e o Val do río Navea.

Zona de especial protección dos valores naturais.- Espazos que, carecendo de protección específica, teñen uns valores ou un interese natural, cultural, científico, educativo ou paisaxístico, polo que merece asegurar a súa conservación. Dentro desta categoría de protección están incluídos en torno a 80 espazos en toda Galicia.

Entre os nove tipos de espazos naturais protexidos que establece a lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza, existen dous tipos que non forman parte da Rede Galega de Espazos Protexidos: os espazos naturais de interese local (ENIL) Puzo de Lago Voutureira–San Cibrao das Viñas, e os espazos privados de interese natural (EPIN), Sobreiras do Faro–Oia.

O total dos espazos protexidos pola Rede Natura 2000 sumarían 389.566 ha, contando Galicia en 2013 con 59 lugares de importancia comunitaria (LIC) (374.435 ha) e 16 zonas especiais de protección para as aves (ZEPAs) (101.135 ha).

Existen tamén áreas protexidas en virtude de acordos e convenios internacionais, que son aqueles espazos naturais formalmente designados de conformidade co disposto nos convenios e acordos internacionais correspondentes. Dentro desta terceira categoría na comunidade galega existirían as seguintes figuras:

Humidais Ramsar:

- Complexo intermareal Umia-O Grove, A Lanza-da, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira.
- Rías de Ortigueira e Ladrado.
- Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo.
- Lagoa e areal de Valdoviño.
- Ría do Eo.

As reservas da biosfera constitúen lugares excepcionais para a investigación, formación e sensibi-

lización do público. En Galicia están declaradas como reservas da biosfera as seguintes áreas:

- Os Ancares lucenses e Montes Navia, Cervantes e Becerreá.
- Río Eo, Ocos e Terras de Bourón.
- Terras do Miño.
- Área de Allariz.
- Baixa Limia- Serra do Xurés.
- As Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo.


Finalmente a Rede OSPAR está formada por áreas que derivan do convenio OSPAR (1992) para a protección do medio ambiente mariño do Atlántico nordeste. Os Estados membros teñen a obriga de propoñer zonas de interese dentro das súas respectivas augas xurisdicionais, incluíndo a Zona Económica Exclusiva ou aquelas zonas mariñas onde o Estado exerza a súa soberanía.

A Rede conta con 81 zonas repartidas en 6 Estados. España aporta 2 zonas: parque nacional das Illas Atlánticas de Galicia e a área mariña protexida de El Cachuco (Asturias).

Tendo en conta o solapamento existente entre as categorías de protección, así como as diferenzas entre os datos ofrecidos por distintas fontes por mor da metodoloxía cartográfica empregada, e, por ende, as dificultades que isto implica na posibilidade de comparar entre as diferentes CCAA (**táboa 4.4.10.**), os datos proporcionados polo anuario Europarc-España 2011 mostran que Galicia, cun 11,8% de superficie de espazos naturais protexidos sobre o total da superficie territorial galega, é a 8ª Comunidade Autónoma cunha menor porcentaxe da súa superficie protexida. Por outra banda, a superficie de Rede Natura 2000 representaría un 11,9% da superficie total da Comunidade, polo que Galicia é a segunda Comunidade con menor superficie de Rede Natura sobre a superficie territorial total.

Finalmente, a superficie total que abarcan as

Superficie terrestre protexida nas CC.AA. en relación á superficie total: distribución segundo tipo



Fonte: Europarc-España

■ 4.4.10.

áreas protexidas de ámbito internacional supón un 18,6% da superficie total galega, o que sitúa a Galicia como a 4ª Comunidade con maior superficie englobada nesta categoría. Comparando coas superficies existentes noutras CCAA, destacan as denominadas reservas da biosfera, das que 4 están localizadas en Galicia, o que supón o 10% das existentes en España. Entre todas elas suman unhas 610.000 ha, o que representa un 20% do total do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

ESPECIES AMEAZADAS


O *Catálogo galego de especies ameazadas* ten como principal obxectivo o de evitar a perda da diversidade biolóxica en todas as súas formas mediante a declaración dos taxóns ameazados que requiren de medidas específicas y excepcio-

nais de protección e conservación. Na actualidade existen en Galicia dúas categorías de protección, por unha banda, estarías os taxóns que se atopan en perigo de extinción, isto é, cuxa supervivencia é pouco probable, de seguir actuando os factores causantes da súa actual situación, e taxóns en situación de vulnerabilidade, aqueles que se atopan próximos a pertencer á categoría en perigo de extinción nun futuro próximo, de non atenuarse os factores adversos que sobre os mesmos actúan.

Un taxón é un grupo de individuos emparentados que son agrupados nunha clasificación dada, e neste caso, atopamos especies, subespecies e poboacións.

Os catálogos de especies ameazadas tanto no conxunto do Estado como en Galicia non variaron

Taxóns ameazados en Galicia e España 2012: distribución segundo grupo



Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente e do publicado no Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas (modificado polo Decreto 167/2011, do 4 de agosto)

■ 4.4.11.

dende o ano 2011, de xeito que, como podemos observar na **figura 4.4.11.**, no conxunto do Estado español, un 35% dos taxóns catalogados como ameazados corresponderían á flora e o 65% restante, á fauna. Este reparto é máis equilibrado no caso galego, cun 56% de flora ameazada e un 44% de fauna ameazada. Ao igual que no caso español e dentro da fauna, a clase onde se atoparían máis taxóns ameazados sería a das aves, seguida dos invertebrados e dos mamíferos, cun 16%, un 9% e un 7%, respectivamente. Ademais, un 6% das especies ameazadas serían réptiles, un 3,5% anfíbios e un 2,5% peixes.

Cada Comunidade Autónoma española debe desenvolver unha serie de plans de xestión das especies catalogadas como ameazadas, que para o caso das especies en perigo de extinción denominaríanse “plans de recuperación” e para as catalogadas como vulnerables, “plans de conservación”. Ditos instrumentos de planificación teñen por obxecto preservar, manter e restablecer as especies de flora e fauna ameazada. Na actualidade Galicia conta con dous plans de recuperación aprobados e un en elaboración e cun plan de conservación, que son o Plan de recuperación do Sapoconcho común en Galicia (Decre-

to 70/2013, do 25 de abril), o Plan de recuperación da Escribenta das canaveiras en Galicia (Decreto 75/2013, do 10 de maio), o Plan de recuperación do Oso Pardo en Galicia (Borrador de proxecto de Decreto) e o Plan de conservación da Píllara das dunas en Galicia (Decreto 9/2014, do 23 de xaneiro).

BOSQUES E INCENDIOS FORESTAIS

Galicia ten unha extensión total de 2.957.842 ha., da que o 61,6% corresponde a uso forestal, o que supón case o 10% da superficie forestal nacional. Un 65,7% da superficie forestal galega é arborada.

Lugo é a provincia con maior superficie forestal, con máis de 655.000 ha, aínda que en termos relativos, a provincia máis forestal é Ourense, con case un 80% da súa superficie dedicada a este uso.

Galicia é a cuarta Comunidade Autónoma cunha maior extensión de superficie repoboada (datos 2011), pero as repoboacións son exclusivamente de especies produtoras ou forestacións, non existindo repoboacións das chamadas especies protectoras, que favorecen a conservación e mellora da diversidade forestal.

Un dos indicadores da biodiversidade forestal existente nun territorio son as árbores e formacións senlleiras. Considéranse senlleiras as árbores ou as formacións de calquera especie, tanto autóctona como foránea, situadas en terreos de propiedade pública ou privada, que sexan merecedoras de medidas específicas de protección en atención ás excepcionais características do seu porte, dendrometría, idade, rareza, significación histórica ou cultural, interese científico, educativo, estético, paisaxístico ou calquera outra circunstancia que as faga merecedoras dunha especial protección.

En Galicia están catalogadas 147 árbores senlleiras, das que 51 localízanse na provincia de Pontevedra e 42 na Coruña. No que respecta ás formacións de árbores senlleiras, en Galicia están catalogadas como tales 31 formacións, trece na provincia de A Coruña, nove en Pontevedra, sete en Ourense e dúas na provincia de Lugo.

Outro indicador medioambiental é a invasión de especies foráneas, que constitúe unha das principais ameazas á biodiversidade dos sistemas forestais. En Galicia destacan como taxóns de carácter invasor máis frecuentes os pertencentes ao xénero *Acacia*.

O Inventario UE-ECE de danos forestais (IDF) en España proporciona información sobre a evolución e situación dos bosques europeos así como dos axentes causantes dos posibles danos que presentan. Este Inventario é o resultado do seguimento a través do estudio dos puntos de mostreo determinados da Rede de Bosques europeos de Nivel I (malla 16x16 km). En España no ano 2012 existen 620 puntos de mostreo, dos que 52 localízanse en Galicia, onde se controlan 605 pes de coníferas e 643 pes de frondosas.

En liñas xerais, respecto do ano 2011, obsérvase un claro empeoramento da saúde dos bosques españois en xeral, e galegos en particular. Neste senso a defoliación observada no ano 2012 en Galicia é superior á rexistrada no ano precedente en todo o territorio agás no norte da provincia de Lugo, onde o grao de defoliación é menor. No conxunto do Estado, os puntos onde se observa unha maior defoliación están localizados nas Comunidades de Estremadura, Madrid, Asturias, Navarra, Galicia, Baleares e Andalucía.

En Galicia a porcentaxe de árbores cunha defoliación moderada ou grave pasa do 15,9% no ano 2011 ao 24% no ano 2012.

Incendios forestais en Galicia e España 2012-13 ⁽¹⁾: sinistros e superficie afectada

	2012				
	sinistros		superficie afectada		
	conatos < 1 Ha	incendios >= 1 Ha	arborada	non arborada (en has.)	superficie total
Galicia	2.713	1.085	4.966,67	10.397,99	15.364,66
A Coruña	534	207	1.269,78	1.051,97	2.321,75
Lugo	471	198	798,58	1.785,08	2.583,66
Ourense	1.006	519	2.149,77	6.837,78	8.987,55
Pontevedra	702	161	748,54	723,16	1.471,70
España	10.520	5.382	82.201,40	116.735,23	198.936,62
Galicia / España (%)	25,8	20,2	6,04	8,91	7,72

	2013				
	sinistros		superficie afectada		
	conatos < 1 Ha	incendios >= 1 Ha	arborada	non arborada (en has.)	superficie total
Galicia	2.800	823	7.779,00	11.609,41	19.388,41
A Coruña	724	181	2.465,52	3.165,17	5.630,69
Lugo	401	124	729,92	1.117,23	1.847,15
Ourense	883	347	1.634,23	6.288,56	7.922,79
Pontevedra	792	171	2.949,33	1.038,45	3.987,78
España	7.744	2.882	17.273,60	32.173,33	49.446,92
Galicia / España (%)	36,2	28,6	45,03	36,08	39,21

(1) datos son provisionais

Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente

■ 4.4.12.

A maior ameaza que sofre o bosque son os incendios forestais. No ano 2013 diminúe nun 24% o número de incendios (>1ha.) pero incrementase nun 26% a superficie total queimada en relación aos datos do ano 2012 (**táboa 4.4.12.**).

En Galicia ao longo do ano 2013, declaráronse 3.623 sinistros, 2.800 conatos (<1ha.) e 823 incendios (>1ha.), que corresponde ao 34,1% dos sinistros rexistrados no conxunto de España, sendo a superficie total queimada o 39,2% da superficie total afectada polo lume a nivel estatal, fronte ao 7,7% que representou no ano 2012.

Ourense volve a ser a provincia onde se rexistraron o maior número de sinistros, cun total de 1.230 lumes, é dicir, o 34% dos incendios en

Galicia tiveron lugar nesta provincia, representando a superficie queimada o 41% do total. Á provincia de Ourense, séguelle en importancia a de Pontevedra, con 963 lumes, o que representa o 26,6% dos sinistros declarados en Galicia.

RESIDUOS SÓLIDOS

No ano 2011 xeráronse un total de 1,2 miles de toneladas de residuos urbanos, o que supón o 5,1% do volume total de residuos urbanos xerados no conxunto do Estado. En comparación co ano 2010, descendeu un 3,2% o volume de residuos recollidos, reducíndose en case un 10% do volume de residuos recollidos selectivamente, que acadaron as 173 mil toneladas (**táboa 4.4.13.**).

Residuos urbanos recollidos nas CC.AA. 2010-11: distribución segundo tipo

	2010		2011		11/10	
	mezclados	recollidos selectivamente (en tm.)	mezclados	recollidos selectivamente	mezclados (%)	recollidos selectivamente (%)
Andalucía	4.369.010	605.938	3.948.338	624.371	-9,6	3,0
Aragón	493.445	108.794	492.267	116.986	-0,2	7,5
Asturias	450.798	166.909	434.792	142.598	-3,6	-14,6
Baleares	696.932	109.409	739.478	109.618	6,1	0,2
Canarias	1.250.983	188.999	1.181.424	207.471	-5,6	9,8
Cantabria	268.118	88.166	274.212	67.751	2,3	-23,2
Castela e León	921.961	260.253	997.147	251.790	8,2	-3,3
Castela - A Mancha	1.000.201	130.662	1.021.916	97.066	2,2	-25,7
Cataluña	2.519.338	1.479.495	2.626.184	1.300.671	4,2	-12,1
Comunidade Valenciana	1.928.610	376.205	1.896.795	324.998	-1,6	-13,6
Extremadura	508.235	57.601	457.343	40.679	-10,0	-29,4
Galicia	1.025.479	192.354	1.005.001	173.526	-2,0	-9,8
Madrid	2.175.552	529.659	2.093.104	479.813	-3,8	-9,4
Murcia	727.464	180.039	579.415	66.929	-20,4	-62,8
Navarra	196.344	120.800	189.858	122.047	-3,3	1,0
País Vasco	718.303	357.750	691.950	356.809	-3,7	-0,3
A Rioxa	112.685	21.838	110.515	19.283	-1,9	-11,7
Total	19.395.265	4.984.758	18.773.628	4.508.351	-3,2	-9,6

Fonte: INE

■ 4.4.13.

Residuos urbanos producidos nas CC.AA. 2010-11: distribución segundo tipo de residuo producido

	2010				2011			
	domésticos	papel e cartón	vidrio	envases mixtos (en tm)	domésticos	papel e cartón	vidrio	envases mixtos
Andalucía	4.213.174	136.017	82.031	133.157	3.796.057	118.200	74.820	136.141
Aragón	479.442	31.964	23.203	12.360	487.574	31.964	23.203	13.781
Asturias	444.310	93.158	31.626	10.284	429.491	67.252	33.763	10.332
Baleares	686.634	24.606	21.097	14.427	728.073	25.162	22.298	23.696
Canarias	1.220.612	69.027	27.221	19.801	1.151.544	34.043	29.040	14.770
Cantabria	259.965	13.826	10.547	5.046	259.307	13.417	10.432	5.052
Castela e León	887.984	56.725	42.714	19.894	973.608	55.753	41.676	20.985
Castela - A Mancha	968.613	36.202	20.887	17.258	1.010.610	30.697	21.268	17.802
Cataluña	2.441.711	453.952	186.378	124.162	2.570.746	408.518	180.729	127.713
C. Valenciana	1.869.060	75.158	77.146	41.120	1.805.042	66.658	74.444	41.815
Extremadura	491.529	32.753	8.570	10.320	450.878	16.286	7.501	10.129
Galicia	1.002.349	46.567	39.096	22.144	983.351	38.163	36.359	22.186
Madrid	2.108.673	160.181	82.497	141.179	2.062.422	136.194	82.662	138.062
Murcia	711.540	22.561	74.000	13.236	577.721	18.849	18.755	13.506
Navarra	185.635	30.090	16.168	20.135	180.874	25.905	16.190	22.398
País Vasco	694.220	169.542	54.075	31.046	680.888	165.214	54.202	30.848
A Rioxa	111.409	9.187	6.496	4.717	109.774	8.584	5.939	4.760
Total	18.808.667	1.467.365	804.000	640.286	18.291.848	1.266.397	733.682	653.976

Fonte: INE

■ 4.4.14.

Con respecto ao volume de residuos mesturados, descenderon en Galicia ata o millón de toneladas, un 2% menos que as recollidas no ano 2010. A Sociedade Galega do Medioambiente S.A. (Sogama), que realiza a recollida a través de 20 plantas de transferencia, en todo o ano 2013 xestionou en torno a 780 mil toneladas de residuos urbanos, recuperáronse do lixo en masa 8.600 toneladas de férridos e 215 toneladas de aluminio.

AUGAS

O 14 de xaneiro de 2010 aprobouse, cun horizonte temporal de 25 anos, o Plan Auga, co fin de ordenar o abastecemento na nosa Comunidade.

Os **obxectivos** fundamentais do **Plan Auga** son os seguintes:

- Garantir as necesidades actuais e futuras de abastecemento de auga potable a tódolos núcleos de poboación superior a 50 habitantes de Galicia.
- Planificar as infraestruturas de captación, regulación, transporte, tratamento e distribución necesarias para correxir as situacións de infradotación de caudais, garantindo o subministro incluso en períodos de seca.
- Planificar o tratamento das augas para adecuar a súa calidade aos requisitos da normativa sanitaria vixente.
- Planificar as infraestruturas necesarias de interconexión entre sistemas de abastecemento, coa fin de que os recursos estean á disposición do máximo número de usuarios.
- Propor medidas dirixidas a unha xestión máis eficaz e eficiente dos sistemas de abastecemento.
- Propor instrumentos e medidas para fomentar o uso racional e aforrativo da auga.
- Ordear, elaborar e tratar adecuadamente a información obtida, e dispor das ferramentas

informáticas necesarias para xestionar as inversións futuras en infraestruturas de abastecemento.

O investimento total do Plan Auga abrangue tanto actuacións propostas como actuacións en proxecto, resultando o importe total do mesmo de 820 millóns de euros, dos que 788 millóns materialízanse en propostas do Plan (o 96%) e 32 millóns, en proxectos (o 4% do investimento total).

O investimento total do Plan en propostas, tendo en conta as actuacións en redes secundarias, ascende a 788 millóns de euros, dos que un 51,24% corresponde a actuacións en Grandes Sistemas e un 48,76% ao resto de sistemas de abastecemento.

Atendendo á distribución do investimento do Plan por sistemas de abastecemento, destacan as actuacións propostas no sistema de Pontevedra, que pasan pola regulación do río Lérez na captación, así como as previstas nos sistemas de Vigo e A Coruña, con previsión de investimentos en substitución e execución de novas conducións.

Analizando a distribución do investimento previsto por compoñentes, é de resaltar que un 43% do total corresponde á execución de redes secundarias, un 30% a novas conducións e un 11% á construción de Estacións de Tratamento de Augas Potables.

A maiores das actuacións propostas polo propio Plan Auga, consideráronse de necesaria execución dous proxectos dentro dos grandes sistemas, concretamente no de Baixo Miño, un dos cales propón o abastecemento ao concello de Oia mediante unha condución que discorre pola liña costeira. Este proxecto constitúe un 16% do investimento total previsto en proxectos no Plan Auga. O 84 %

Calidade das augas de baño nas CC.AA. 2013

	augas marítimas					augas continentais				
	excelente	boa	suficiente	insuficiente	sc	excelente	boa	suficiente	insuficiente	sc
	(puntos de mostreo)									
Andalucía	321	11	6	2	3	10	9	4	3	
Aragón						5	6			2
Asturias	58	9	5	1	4					
Baleares	180	8	3	3						
Canarias	198	3	1		6					
Cantabria	25	8	1		1					
Castela e León						18	8	1	5	
Castela - A Mancha						26	2		2	9
Cataluña	240	7		1		11	1			
Comunidade Valenciana	205	12	7	2		2	1			
Extremadura						6	2		4	1
Galicia	336	51	30	28		30	22	8	7	2
Madrid						3	3			
Murcia	79	1			3					1
Navarra						5	4		1	
País Vasco	41	7	3	3		5				
A Ríoxa						1				
Ceuta e Melilla	16	2								
Total	1.699	119	56	40	17	122	58	13	22	15

Fonte: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad

■ 4.4.15.

restante dedicarase ao abastecemento de sistemas non considerados "Grandes Sistemas".

Entendemos importante salientar que o 4 de novembro de 2013, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, xunto coa FEGAMP asinaron o "Protocolo para o desenvolvemento do Pacto Local para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga", que ten o obxectivo de asentar unhas bases de aplicación común que fagan posible unha maior homoxeneidade no tratamento e na ordenación dos servizos do ciclo integral da auga en Galicia, que garantan unha maior calidade e permitan o cumprimento das determinacións da Directiva Marco da Auga. Así preténdese establecer os criterios de ordenación dos servizos urbanos que permitan facer sostible o ciclo da auga en Galicia.

Traballárase para acadar os obxectivos fixados mediante dúas Comisións, unha Institucional e

unha Técnica, compostas inicialmente por representantes das administracións local, provincial e autonómica.

No que respecta á calidade das **augas de baño**, os criterios son os marcados pola Directiva 2006/7/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 15 de febreiro de 2006, relativa á xestión da calidade das augas de baño.

O censo oficial na tempada 2013 en España consta de 2.161 puntos de mostreo, repartidos en 230 puntos en augas continentais e 1.931 en augas marítimas, sendo a Comunidade de Galicia a que conta cun maior número de puntos de mostreo, con 514, seguida de Andalucía, con 369, e Cataluña, con 260. Por tipos de augas de baño, son Galicia (69) e Castela-A Mancha (39) as que teñen censados máis puntos de mostreo para augas continentais; para augas marítimas é tamén Galicia, con 445, a que conta cun maior número.

Deses 445 puntos de mostreo en augas marítimas galegas, 336 correspóndense con augas de calidade excelente, o 19,8% das existentes con esa cualificación a nivel estatal. No que respecta ás augas continentais, dos 69 puntos de mostreo, 30 tiñan unha calidade excelente e 22, boa (**táboa 4.4.15.**).

MOBILIDADE SOSTIBLE

O Plan Director de Mobilidade Alternativa de Galicia estrutúrase en tres fases que se prolongan en tres anos de estudo, entre 2010 e 2013. Este Plan ten como obxectivo dotar ás Administracións autonómica e local dun instrumento de planificación e deseño que permita o desenvolvemento de medidas cara unha mobilidade máis sostible, respectuosa co medio ambiente e energeticamente eficiente.

O punto de partida do Plan, etapa I, foi a análise e diagnose da situación. No diagnóstico da situación de partida analízanse os condicionantes da mobilidade alternativa tanto de tipo espacial (barreiras naturais e artificiais), de tipo ambiental (condicións climáticas, a calidade do aire, a paisaxe), de tipo urbanístico (relacionadas cos asentamentos e a ordenación territorial) e de tipo social (o nivel de motorización, a preocupación polo medio ambiente, a iniciativa cívica e o sedentarismo).

Entre as principais fortalezas detectadas na análise dos condicionantes da mobilidade alternativa en Galicia atópanse as oportunidades que ofrecen as vías férreas convencionais, as condicións favorables das estradas galegas e a proximidade entre os núcleos de poboación. Entre os principais obstáculos atopáranse a gran importancia das pendentes no territorio galego, a relevancia climática da chuva e o vento e a baixa mobilidade social e iniciativa cívica e institucional en relación ao uso da bicicleta.

Analizada a situación de partida, realízase un manual que senta as bases sobre os criterios a seguir polo deseño das vías ciclistas en territorio galego (Fase II: Criterios e recomendacións de deseño e trazado das vías ciclistas).

Estas dúas fases son a base para a elaboración do Plan Director (Fase III). En xuño de 2013 presentouse o borrador do *Plan Director de mobilidade alternativa de Galicia*. As propostas incluídas neste borrador desenvolveranse en tres fases cun horizonte temporal no 2024, e intégranse en seis áreas de intervención que son:

- Infraestruturas.
- Xestión.
- Impulso técnico.
- Normativa.
- Comunicación, participación, educación e formación.
- Seguridade Viaria.

Dentro dos obxectivos prioritarios do Plan Director está o de crear a Rede Básica de Vías Ciclistas de Galicia, cun carácter interurbano e metropolitano e complementada coa mellora da rede viaria local nas zonas rurais de alto potencial ciclista. Tal como se mostra na **táboa 4.4.16.**, defínense 6 corredores denominados arteriais, e 18 pertencentes á rede complementaria.

Outras iniciativas no ámbito autonómico con incidencia sobre a mobilidade da poboación galega son:

- A aprobación da Estratexia Galega fronte ao Cambio climático, na que destaca como liña de actuación a promoción dos modos non motorizados de transporte para a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro.
- O Plan de Ordenación do Litoral (POL), que ten entre os seus obxectivos o de fomentar o uso e disfrute das sendas e camiños no litoral de Gali-

Rede básica de vías ciclistas: obxectivos previstos

Orixe-destino	Denominación
Rede arterial	
Ferrol - A Coruña	Costa Ártabra
A Coruña - Santiago	Camión Inglés
Santiago - Vilagarcía - Pontevedra	Costa do Salnés
Pontevedra - Marín - Cangas - Vigo	Costa do Morrazo
Redondela - Vigo - Baiona	Costa de Vigo
Pontevedra - Tui	Camión Portugués I
Rede complementaria	
Ferrol - Viveiro - Foz - Ribadeo	Costa Norte
Pontedeume - Vilalba - Foz	Ríos Eume-Masma
Cambre - Rábade	Ríos Mandeo-Landra
A Coruña - Cee - Noia	Costa da Morte
Santiago - Noia - Rianxo	Costa da Barbanza
Santiago - Lugo	Camión Primitivo
Vilalba - Lugo - Monforte	Vilalba - Lugo - Monforte
Palas de Rei - Portomarín - Pedrafita do Cebreiro	Camión Francés
Santiago - Silleda - Lalín - Ourense	Santiago - Lalín - Ourense
Lalín - Monforte	Monte Faro
Monforte - O Barco	Río Sil
Ourense - Monforte	Ribeira Sacra
Pontecesures - Pontevedra	Camión Portugués II
Baiona - A Guarda - Tui	O Rosal
Tui - Ourense	Río Miño
Ourense - Xinzo de Limia - Verín	Arnoia - A Limia - Monterrei
Xinzo de Limia - Fondevila	Río Limia
A Veiga - A Estrada - Porrás	Val de Tabeirós

Fonte: *Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*

■ 4.4.18.

cia, incluíndo actuacións orientadas á integración ambiental e paisaxística de camiños e infraestruturas viarias e á compatibilidade coa circulación peonil e ciclista.

– O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2010-2015 (Plan MOVE), concretamente o seu programa de Seguridade Viaria.

– O Plan de Transporte Metropolitano de Galicia.

– O Plan Sectorial de Aparcadoiros Disuasorios (PSAD).

No ámbito municipal, diversos concellos intégranse na Axenda Local 21, onde se desenvolven actuacións de accesibilidade e mobilidade, aínda que, en termos xerais, a posta en funcionamento de Plan de Mobilidade urbana Sostible en Galicia, en comparación con comunidades como

Cataluña, Valencia, Madrid ou Andalucía, é moi escasa. ■

4.5.

OCIO E CULTURA

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de promoción e difusión da cultura e os aspectos vinculados á protección do patrimonio cultural de Galicia.

A **desagregación competencial** no ámbito cultural en Galicia é a que segue:

As competencias asumidas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en materia de Cultura concrétnanse nos seguintes puntos:

1. Arquivos, museos e bibliotecas.
2. Teatro, cines e auditorios.
3. Casas de cultura e outros edificios socioculturais.
4. Conservación do patrimonio cultural.
5. Promoción e difusión do libro e da cultura.

A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) ten como unha das súas prioridades conso-

lidar as estruturas que os propios axentes sociais e entidades xeren. Asemade correspóndelle a Agadic as seguintes competencias:

- A colaboración no desenvolvemento das artes escénicas e musicais e das actividades audiovisuais, así como a posta en práctica de medidas de apoio para os artistas e creadores e a súa participación en programas culturais galegos ou de especial interese para a expansión da nosa cultura.
- A organización e colaboración en cursos, congresos, exposicións e coloquios, así como a convocatoria de axudas, e a preparación de convenios sobre as materias que sexan competencia da axencia.

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia.- A Cidade da Cultura de Galicia acolle nos seus espazos servizos e actividades destinados á preservación do patrimonio e a memoria, ao estudo, á investigación, á experimentación, á produción e á difusión nos ámbitos das letras e o pensa-

mento, a música, o teatro, a danza, o cine, as artes visuais, a creación audiovisual e a comunicación, á vez que alberga proxectos como a Biblioteca de Galicia, o Arquivo de Galicia e o Museo de Galicia.

De conformidade coas previsións do Plan Gaias, iniciaranse as actuacións contidas nas liñas estratéxicas e operativas previstas no propio Plan.

A Fundación Illa San Simón, que se atopa en proceso de extinción e liquidación en virtude do acordado na reunión do Consello da Xunta celebrada o día 5 de decembro de 2012, é a encargada de conservar e promover os valores patrimoniais e dinamizar a actividade cultural deste arquipélago que ten como obxectivo fundamental conservar e xestionar as instalacións e as edificacións das illas de San Simón e Santo Antón.

A Fundación Pública Galega Camilo José Cela.- A fundación ten por obxecto o estudo da obra de Camilo José Cela e a conservación do seu patrimonio cultural, humano e aínda anecdótico.

No que respecta á planificación pública, en Galicia, dentro do "Plan Estratéxico 2010-2014 horizonte 2020" a cultura cobra unha especial importancia, tal e como o indica a proposta dunha serie de obxectivos de natureza cultural englobados en dous eixes da estratexia.

Dentro do primeiro eixe dedicado á "cohesión social, benestar e calidade de vida", o obxectivo estratéxico 1.3 propón "*garantir o acceso á educación e á cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe*". Inclúese neste obxectivo o desenvolvemento da cultura e as actuacións en materia de patrimonio cultural, arqueolóxico, arquitectónico e etnográfico. A medida nº 11: "*Conservación, promoción e defensa do noso patrimonio cultural, promoven-*

do a súa difusión e desenvolvemento e garantindo o acceso ao mesmo en condicións de igualdade" dispón dun orzamento de 20,3 millóns de euros, un 1% máis que no exercicio precedente, e a medida nº 10: "*Fomento do deporte, para gañar en calidade de vida, saúde e desenvolvemento*" dispón dun orzamento de 9,4 millóns de euros, un 0,4% máis que no orzamento inicial do ano anterior. Asociado a este obxectivo estratéxico os programas de gasto relacionados co ámbito da cultura e incluídos no orzamento xeral para o ano 2013 son:

- 432A. Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais: 14.556.656 euros.
- 432B. Fomento das actividades culturais: 9.733.460 euros.
- 433A. Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural: 16.010.132 euros
- 441A. Promoción da actividade deportiva: 18.553.290 euros.

No segundo eixe de "dinamización económica, crecemento e emprego", o obxectivo estratéxico 2.3 pretende "*potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clúster e o fomento da innovación e cooperación empresarial*". Dada a importancia cada vez maior da cultura no conxunto da economía, a medida 11 consagrada á "*consolidación dun sector galego do audiovisual*" ten un orzamento de 6,4 millóns de euros, un 1,1% máis que no ano anterior, e a medida 19 á "*promoción de Galicia como destino de turismo cultural*" dispón dun orzamento no ano 2013 de 14,7 millóns de euros, un 2,5% máis que no exercicio precedente. Asociado a este obxectivo estratéxico os programas de gasto relacionados co ámbito da cultura e incluídos no orzamento xeral para o ano 2013 son:

- 432C. Fomento do audiovisual: 365.000 euros
- 741A. Apoio á modernización, internacionaliza-

Emprego cultural nas CC.AA. 2007-12 ⁽¹⁾

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
(medias anuais, en miles)						
Andalucía	55,3	65,4	68,4	52,8	49,4	44,7
Aragón	14,4	13,1	14,2	13,5	13,6	9,2
Asturias	6,9	9,2	9,7	8,5	7,2	8,3
Baleares	14,4	13,9	13,2	12,3	9,8	9,8
Canarias	18,2	21,2	16,6	16,9	15,6	14,3
Castela - A Mancha	13,0	13,8	15,3	14,9	13,1	11,8
Castela e León	18,8	21,0	22,2	24,9	19,6	17,0
Cataluña	117,7	126,1	117,7	126,1	126,1	96,4
Comunidade Valenciana	60,4	55,6	48,8	46,7	42,0	41,5
Galicia	23,6	26,6	33,2	30,6	24,2	21,3
Madrid	140,6	137,9	119,1	97,3	116,7	126,9
Murcia	9,2	11,2	10,4	10,5	6,7	8,9
Navarra	7,9	9,2	7,3	8,1	9,9	7,3
País Vasco	24,7	25,2	25,9	25,5	29,1	27,3
Cantabria, Extremadura, A Rioxa, Ceuta e Melilla	13,7	14,1	15,0	14,7	15,8	12,8
Total	553,7	562,0	537,0	503,7	481,7	457,6

(1) ocupados de máis de 16 anos que desenvolven ocupacións culturais, considerando éstas como aquelas actividades profesionais cunha dimensión cultural como por exemplo escritores, artistas, arquivistas, bibliotecarios, actividades de edición, cinematográficas, de vídeo, radio, tv, actividades artísticas e de espectáculos e outras, con independencia da actividade principal do empregador

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

■ 4.5.1.

ción, mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial: 22.380.765 euros – 761A. Coordinación e promoción do turismo. 35.883.246 euros.

A análise da situación da cultura en Galicia realízase a través do estudo de magnitudes transversais e dominios culturais, entendendo por **magnitudes transversais** as operacións estatísticas que afectan a diferentes sectores culturais e por **dominios culturais** (magnitudes sectoriais), aqueles que representan un conxunto común de actividades económicas e sociais que tradicionalmente son consideradas de natureza cultural, concretamente analizaremos dentro dos dominios culturais os bens culturais, libros e publicacións periódicas, artes musicais e escénicas e os medios audiovisuais e interactivos.

INDICADORES TRANSVERSAIS

● Emprego cultural

No ano 2012, último dato dispoñible, había en Galicia 21.300 persoas ocupadas que desenvolven a súa actividade laboral no ámbito da cultura (**cadro 4.5.1.**). En termos absolutos, Galicia sería a sexta Comunidade con maior número de persoas empregadas en actividades culturais, tras Madrid (126.900), Cataluña (96.400), Andalucía (44.700), Comunidade Valenciana (41.500) e País Vasco (27.300). En comparación co ano anterior, en Galicia hai un 12% menos de ocupados no sector cultural, unha contracción un ano máis, maior que a experimentada a nivel nacional, que sofre un descenso dun 5%.

No ano 2009 o emprego cultural en Galicia acadou o seu valor máis elevado con 33.200 empregos, momento a partir do que comeza a diminuír ata acadar no ano 2012 o punto máis baixo con case tres mil empregos culturais menos que no ano 2011, e case doce mil menos que no ano 2009.

• Empresas culturais

Considéranse empresas culturais aquelas cuxa principal actividade económica atópase relacionada co ámbito da cultura, actividades vinculadas a bibliotecas, arquivos, museos e outras institucións culturais, actividades cinematográficas, de vídeo, de radio e televisión así como as artísticas e de espectáculos entre outras. No ano 2012 (**cadro 4.5.2.**), Galicia contaba cun total de 5.440 empresas culturais, o que supón un descenso do 1,2% respecto ás existentes no ano 2011. En termos absolutos no ano 2012 existen en Galicia 105 empresas culturais menos que no ano precedente, perdidas que nun 90% se corresponden con empresas dedicadas a actividades culturais relacionados co comercio e aluguer.

En termos absolutos, Galicia é a sexta Comunidade con maior número de empresas culturais, por detrás de Madrid (22.751), Cataluña (19.802), Andalucía (13.130), Valencia (9.532) e País Vasco (5.552).

A actividades máis importantes en canto a número de empresas culturais en Galicia, pertencen á categoría de deseño, creación artística e espectáculos, con 1.412 empresas das 3.657 que traballan en actividades da industria e dos servizos.

• Financiamento e gasto público en cultura

Entendemos por gasto público en cultura o gasto consolidado liquidado destinado a cultura, na súa fase de obrigas recoñecidas, polo que a natureza

Empresas

	Total empresas	
	Total	Actividades bibliotecas, archivos, museos e
Andalucía	13.130	8.232
Aragón	2.594	1.732
Asturias	2.243	1.434
Baleares	2.410	1.865
Canarias	3.683	2.675
Cantabria	1.026	667
Castela - A Mancha	2.921	1.892
Castela e León	4.781	3.086
Cataluña	19.802	16.041
Comunidade Valenciana	9.532	6.629
Extremadura	1.458	964
Galicia	5.440	3.657
Madrid	22.751	19.110
Murcia	2.039	1.291
Navarra	1.210	893
País Vasco	5.552	4.198
A Rioxa	605	418
Ceuta e Melilla	165	90
Total	101.342	74.874

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

■ 4.5.2.

do financiador e non a do receptor é a que determina o carácter público ou privado do gasto.

O gasto público en cultura realizado pola Administración autonómica galega ascendeu no ano 2011, último dispoñible (**cadro 4.5.3.**), a 94 millóns de euros, o que indica un descenso do 13,4% en relación ao ano anterior (111 millóns de euros menos), acadando o 0,17% do PIB e o 1% do gasto orzamentario liquidado total.

Galicia, con 34,4 euros, é a sétima Comunidade Autónoma con maior gasto cultural por habitante, cando no ano anterior con 40,6 euros por habitante, estaba no noveno posto, o que indica o descenso case xeneralizado en todas as Comunidades Autónomas do gasto público en cultura por habitante. A pesar do citado descenso, o

s culturais nas CC.AA. 2012: distribución segundo actividade económica

En determinadas actividades da industria e dos servizos								En determinadas actividades do comercio e aluguer
des de ocas, vos, e outras	Edición de libros, xornais e outras activ. edit.	Cinematografía, video, radio, tv, e outras activ. de edic. musical	Axencias de novas	Actividades de deseño, creación, artísticas e de espectáculos	Fotografía	Artes gráficas e reprod. de soportes grabados	Fabricac. de soportes, aparatos de imaxe e son e instr. musicais	
396	840	1.045	2	2.753	1.444	1.709	43	4.898
107	152	131	2	751	258	316	15	862
75	143	110	-	616	220	267	3	809
120	220	198	-	767	237	320	3	545
123	223	428	3	1.015	342	540	1	1.008
31	83	55	-	223	143	131	1	359
78	156	182	-	679	326	458	13	1.029
399	269	185	2	1.158	482	584	7	1.695
1.127	1.950	1.860	7	5.849	1.772	3.415	61	3.761
288	550	717	2	2.389	1.107	1.517	59	2.903
55	73	110	-	346	178	202	-	494
180	357	387	2	1.412	543	750	26	1.783
992	2.858	3.135	35	6.818	1.386	3.829	57	3.641
75	106	139	-	375	265	329	2	748
58	104	82	-	348	115	181	5	317
119	330	678	72	1.487	533	963	16	1.354
26	43	31	-	184	60	74	-	187
8	12	13	-	19	23	15	-	75
4.257	8.469	9.486	127	27.189	9.434	15.600	312	26.468

Gasto público das CC.AA. en cultura 2011

	Total	gasto / gasto liquidado total	gasto / PIB	gasto / hab.
	(en miles de euros)	(%)		(en euros)
Andalucía	185.063	0,62	0,13	22,40
Aragón	27.060	0,50	0,08	20,60
Asturias	52.376	1,25	0,23	49,60
Baleares	9.886	0,30	0,04	9,10
Canarias	34.667	0,51	0,08	16,50
Cantabria	19.664	0,89	0,15	34,00
Castela - A Mancha	89.632	0,88	0,24	43,80
Castela e León	80.803	0,89	0,14	32,40
Cataluña	325.121	0,92	0,16	44,30
Comunidade Valenciana	158.971	1,06	0,16	31,80
Extremadura	60.638	1,21	0,35	56,00
Galicia	94.240	0,99	0,17	34,40
Madrid	118.667	0,66	0,06	18,60
Murcia	32.895	0,72	0,12	22,40
Navarra	56.831	1,43	0,31	91,30
País Vasco	108.186	1,06	0,16	50,50
A Rioxa	10.189	0,84	0,13	32,50
Ceuta	6.735	2,78	0,44	88,90
Melilla	10.969	4,61	0,81	148,10
Total	1.482.593	0,85	0,14	32,10

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

■ 4.5.3.

Consumo cultural nos fogares nas CC.AA. 2012

	Total	Libros e pub.periódicas	Servizos culturais	Equipos e acc.audiovisuais de tratamento da información e Internet	Outros bens e servizos	gasto / hab.	gasto / fogar
	(en millóns de euros)					(en euros)	
Andalucía	2.030,90	289,50	630,30	951,40	159,70	243,8	654,9
Aragón	399,50	72,60	118,70	181,10	27,20	303,2	745,4
Asturias	328,00	64,50	98,20	152,20	13,10	309,4	716,5
Baleares	342,10	48,40	110,70	167,70	15,40	311,5	792,3
Canarias	521,00	59,60	174,30	255,70	31,40	250,3	653,3
Cantabria	170,80	35,70	51,10	77,10	7,00	291,9	720,1
Castela - A Mancha	452,00	66,30	136,50	219,80	29,40	218,2	578,0
Castela e León	649,70	142,80	166,30	297,30	43,20	262,4	632,7
Cataluña	2.437,80	368,50	734,80	1.112,50	221,90	328,7	829,7
Comunidade Valenciana	1.418,30	195,50	473,90	640,70	108,30	285,7	713,0
Extremadura	220,10	24,50	58,90	110,00	26,60	201,9	519,2
Galicia	685,60	136,00	206,10	304,60	38,90	249,8	646,0
Madrid	2.394,30	397,20	831,80	961,20	204,10	376,5	966,7
Murcia	231,50	45,60	77,90	93,00	15,00	159,4	447,4
Navarra	208,30	45,10	60,80	95,30	7,10	329,9	836,3
País Vasco	762,50	195,80	207,30	308,80	50,60	353,4	857,6
A Ríoxa	88,80	17,10	28,40	40,30	3,00	280,8	685,7
Ceuta e Melilla	30,10	3,60	14,10	10,80	1,60	181,9	589,2
Total	13.371,30	2.208,30	4.180,10	5.979,50	1.003,50	288,7	738,9

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

■ 4.5.4.

gasto por habitante en Galicia continúa por encima da media estatal que no ano 2011 se situou en 32,1 euros por habitante.

● Gasto e consumo cultural nos fogares

Tal e como amosa o **cadro 4.5.4.**, o gasto cultural nos fogares galegos acadou no ano 2012 un total de 685 millóns de euros, o que supón novamente un descenso do 5% en relación ao ano anterior. O principal destino deste gasto é a compra de equipos e accesorios audiovisuais de tratamento de información e internet, seguido do consumo de servizos culturais, co 44,4% e o 30% do gasto total, respectivamente. Galicia é en termos absolutos a sexta Comunidade Autónoma con maior gasto cultural, por detrás de Cataluña, Madrid, Andalucía, Valencia e País Vasco.

Dende o comezo da crise económica no ano 2008 ata o ano 2012 (último dispoñible), en Galicia o gasto en consumo cultural reduciuse nun 16%, o gasto medio por fogar en cultura nun 21% e o gasto medio por persoa en cultura nun 16,6%, sendo a quinta Comunidade Autónoma con menor gasto en cultura por fogar e por persoa, por debaixo, en ámbolos dous casos, da media estatal. Entre as causas da forte contracción do consumo cultural no ano 2012, está o incremento do IVE que afecta a produtos e servizos culturais a partir de setembro do ano 2012.

● Propiedade intelectual

Defínese como propiedade intelectual o conxunto de dereitos que corresponden aos autores e outros titulares respecto ás obras e prestacións froito da súa creación. En virtude do RD

Dereitos de propiedade intelectual 2008-12: primeiras inscricións

	2008	2009	2010	2011	2012
Obras literarias e científicas					
Galicia	1.298	1.283	1.254	1.313	1.207
España	23.328	24.186	20.230	24.540	24.039
Obras musicais, cinematográficas e audiovisuais					
Galicia	313	300	284	300	255
España	6.412	6.307	6.266	6.335	5.311
Obras artísticas e técnicas					
Galicia	132	117	114	113	106
España	2.711	2.965	2.296	2.915	2.178
Outras					
Galicia	49	56	106	57	85
España	743	854	838	1.141	854
Total (1)					
Galicia	1.792	1.756	1.758	1.783	1.653
España	33.194	34.312	29.630	34.931	32.682

(1) primeiras inscricións realizadas no Rexistro da Propiedade Intelectual; o dato total de España recolle a suma das inscricións no rexistro central e nos rexistros territoriais
 Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

■ 4.5.5.

281/2003 créase o Rexistro Xeral da Propiedade que engloba o Rexistro Central e os Rexistros Territoriais. O Rexistro Territorial en Galicia rexistrou no ano 2012 un total de 1.653 inscricións. O 73% do total das inscricións corresponderon a obras literarias e científicas (**cadro 4.5.5.**).

● Turismo cultural

O turismo cultural ten un positivo efecto económico en Galicia, visible no feito de que no ano 2012 o 6,2% das viaxes realizadas por residentes españois e o 52% das realizadas por turistas internacionais, con destino a Galicia, tiveron por motivo principal a cultura.

Respecto do ano 2011, o número de turistas residentes en España que visitaron Galicia por motivos culturais reduciuse un 21%, fronte ao incremento do 9,6% no caso dos turistas internacionais.

O potencial da nosa Comunidade como destino turístico cultural de referencia reflíctese nos máis de 900.000 viaxeiros que nos visitaron no ano 2012 por motivos culturais. Por outra banda, o

gasto medio realizado en 2012 por estes turistas culturais sería de 382 euros no caso dos residentes españois, e de 1.262 euros no caso dos turistas internacionais. Fronte ao descenso do gasto medio dos turistas culturais residentes en España con case un 15% menos de gasto medio por viaxe no ano 2012 en relación ao ano 2011, os turistas internacionais incrementaron o seu gasto nun 3%; sendo Galicia no ano 2012 a sexta comunidade cun maior gasto por turista cultural internacional, superando a media estatal.

DOMINIOS CULTURAIS

● Bens culturais: patrimonio, museos e arquivos, bibliotecas

Forman parte do patrimonio cultural de Galicia todos os bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, deban ser considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo. Os máis sobranceiros deles son recoñecidos como Bens de Interese Cultural (BIC), que se clasifican en bens mobles ou bens inmobles.

Turismo cultural nas CC.AA. 2012

	Residentes en España que viaxan por motivos culturais			Turistas internacionais que realizan actividades culturais		
	total	% / total viaxes	gasto medio / viaxe	total	% / total entradas turistas internacionais	gasto medio / turista
	(en miles)	(%)	(en euros)	(en miles)	(%)	(en euros)
Andalucía	1.698,2	6,9	384	4.705,6	62,1	1.148
Aragón	442,9	6,8	344	148,4	53,8	1.409
Asturias	315,8	5,8	393	155,6	67,2	1.430
Baleares	180,8	7,7	671	4.494,8	43,0	1.042
Canarias	241,7	5,5	635	3.571,0	35,2	1.098
Cantabria	133,8	8,7	309	193,5	63,9	944
Castela - A Mancha	532,5	8,9	354	95,8	55,4	1.574
Castela e León	783,4	8,2	347	475,6	49,7	1.037
Cataluña	2.120,0	7,8	508	9.772,5	68,0	974
Comunidade Valenciana	842,2	5,6	473	2.494,2	46,7	1.010
Extremadura	236,8	6,8	330	-	-	-
Galicia	438,4	6,2	382	467,8	52,0	1.262
Madrid	2.175,5	7,5	462	3.305,7	74,0	1.302
Murcia	320,6	8,2	409	199,6	34,3	1.327
Navarra	200,0	6,6	498	128,2	52,4	814
País Vasco	961,5	11,9	454	674,6	50,8	700
A Rioxa	76,1	5,1	397	-	-	-
Ceuta e Melilla	20,9	5,0	590	-	-	-
Total	11.721,1	7,4	438	31.006,7	53,9	1.070

Fonte: Ministerio de Cultura

■ 4.5.6.

Os bens mobles poderán selo de forma individual ou ben como colección. A declaración dos bens inmobles atenderán as seguintes clases: monumento, conxunto e sitio histórico, xardín histórico e zona arqueolóxica.

Tal como reflicte o estudo sobre o patrimonio cultural en Galicia aprobado en outubro de 2013 polo Consello da Cultura Galega, nos bens inmobles inscritos en Galicia, obsérvase unha tendencia á alza nos últimos anos. Por tipo de ben, os sitios históricos son os que experimentan un maior incremento sobre o total.

O número de bens mobles inscritos en Galicia é moi reducido en relación ás inscricións de comunidades como Andalucía, con máis de 5.000, ou Navarra con máis de 2.000. A posición galega

mellora no caso dos bens inmobles, con 718 inscricións no ano 2012, aínda que a moita distancia de comunidades como Baleares, Andalucía ou Cataluña, que superan as 2.000 inscricións.

● Museos e coleccións museográficas

Entre as diferentes definicións existentes, entendemos por museos as institucións de carácter permanente que adquiren, conservan, investigan, comunican e exhiben para fins de estudo, educación e contemplación conxuntos e coleccións de valor histórico, artístico, científico e técnico ou de calquera outra natureza cultural. Entendemos por colección museográfica o conxunto de bens culturais que, sen reuniren todos os requisitos necesarios para desenvolver as funcións propias dos museos, se exhibe ao

Bens de interés cultural nas CC.AA. 2012

	bens mobles	bens inmoibles
Andalucía	5.979	3.027
Aragón	9	788
Asturias	8	357
Baleares	76	3.052
Canarias	1.020	633
Cantabria	21	286
Castela - A Mancha	16	788
Castela e León	128	1.378
Cataluña	446	2.315
Comunidade Valenciana	437	1.196
Estremadura	54	274
Galicia	40	718
Madrid	541	480
Murcia	1.783	520
Navarra	2.816	189
País Vasco	98	287
A Ríoxa	-	165
Ceuta e Melilla	-	106
Total	13.472	16.559

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

■ 4.5.7.

Museos e coleccións museográficas en Galicia e España 2012

	Museos e coleccións museográficas (1)		Visitantes			
	número	museos / 100.000 habs.	totais	visitantes / museo	visitantes estranxeiros / museo (2)	% visitantes en grupo
Galicia	80	3,3	1.611.268	21.201	6.182	72,4
España	1.529	2,9	59.020.700	40.315	10.116	47,6

(1) museos e coleccións no censo

(2) datos referidos aos museos que informaron sobre o número de visitantes estranxeiros

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

■ 4.5.8.

público con criterio museográfico e horario establecido.

Tal como se observa na **táboa 4.5.8.**, no ano 2012 Galicia conta con 80 museos censados, dos 1.529 existentes a nivel estatal, sendo a sétima comunidade Autónoma por número de museos censados, tras a Comunidade Valenciana, Caste-

la e León, Andalucía, Castela-A Mancha, Madrid e Cataluña.

Se temos en conta o número de museos por cada 100.000 habitantes, en Galicia no ano 2012, rexístranse 2,9 museos por cada 100.000 habitantes, por debaixo da media estatal que é de 3,3.

Bibliotecas en Galicia e España 2012: distribución segundo volume de fondos

	Total	ata 2.000 vols.	de 2.001 a 5.000 vols.	de 5.001 a 10.000 vols.	de 10.001 a 20.000 vols.	de 20.001 a 50.000 vols.	de 50.001 a 100.000 vols.	máis de 100.000 vols.
Galicia	505	75	83	126	119	66	19	17
España	6.835	692	1.315	1.639	1.502	1.045	315	327

Fonte: INE

■ 4.5.9.

O número de visitantes nos museos galegos no ano 2012 ascendeu a 1.611.268, o que supón 21.201 visitantes por museo, dos que 6.182 son estranxeiros, o que implica que o 15,3% dos visitantes de museos en Galicia son estranxeiros. Así mesmo salienta que máis do 70% das visitas a museos son visitas en grupo, fronte ao 55% de media no Estado.

● **Bibliotecas**

No ano 2012 Galicia conta con 505 bibliotecas (661 puntos de servizo); das que 126 dispoñían de entre 5.001 e 10.000 volumes e 119 teñen unha colección entre os 10.001 e 20.000 volumes (**táboa 4.5.9.**). En comparación coa media estatal, destaca que Galicia ten un 56% de bibliotecas cunha colección de menos de 10.000 volumes, tres puntos porcentuais máis ca media de bibliotecas con ese volume de fondos no conxunto do Estado. Así mesmo, as bibliotecas con máis de 100.000 volumes representan o 3,4% do total de bibliotecas de Galicia, sendo a media estatal dun 4,8%.

De entre as bibliotecas de máis de 100.000 volumes destacan as Bibliotecas Públicas Nodais, inscritas na Rede de Bibliotecas de Galicia e sitas en A Coruña, Pontevedra, Vigo, Ourense, Lugo e Santiago de Compostela. Entre todas elas suman un volume en torno a un millón de unidades físicas, e máis de nove mil títulos no que respecta a publicacións periódicas, así

como máis de 1,2 millóns de visitantes e 35.700 usuarios activos.

As 505 bibliotecas existentes en Galicia no ano 2012, indican un rateo de 18,5 por cada 100.000 habitantes, a sétima rateo máis elevada do Estado. As bibliotecas galegas no ano 2012 acadaron máis de un millón de usuarios inscritos, o que supón máis de 37.000 usuarios por cada 100.000 habitantes. O número de visitantes estímase en case once millóns de persoas.

● **Libro e publicacións periódicas**

En termos de títulos publicados, seguindo a tendencia do ano anterior, o ano 2013 mostra un descenso da produción editorial tanto en Galicia como en España. No último ano producíronse en Galicia un total de 1.869 títulos, un 29,7% menos que no ano anterior. Dado o descenso do 19% no número de títulos publicados de media no Estado, Galicia diminúe o seu peso relativo no que ao número de títulos publicados se refire (3,3%, cando o ano anterior era do 3,8%).

Ao longo do ano 2013 redúcese igualmente a produción editorial en galego en relación ao ano anterior, acadando no último ano 739 títulos (o 1,3% dos títulos publicados no conxunto do Estado), un 44,1% menos que no ano precedente. Da produción editorial total en España (56.435 títulos publicados), o **cadro 4.5.11.**

Produción editorial nas CC.AA. 2012-13: títulos

	Total		Libros		Folletos	
	2012	2013	2012	2013	2012	2013
Andalucía	8.903	6.247	8.281	5.941	622	306
Aragón	1.573	1.025	1.319	839	254	186
Asturias	1.019	808	867	696	152	112
Baleares	565	717	466	658	99	59
Canarias	748	795	678	737	70	58
Cantabria	470	391	412	336	58	55
Castela e León	2.432	1.779	2.071	1.529	361	250
Castela - A Mancha	870	771	747	695	123	76
Cataluña	18.767	16.086	16.341	13.907	2.426	2.179
C. Valenciana	3.677	3.230	3.275	2.914	402	316
Extremadura	794	776	732	730	62	46
Galicia	2.660	1.869	2.136	1.514	524	355
Madrid	22.858	18.195	19.154	15.219	3.704	2.976
Murcia	635	599	565	547	70	52
Navarra	1.187	1.116	1.100	1.018	87	98
País Vasco	2.247	1.772	1.856	1.499	391	273
Rioxa	231	216	190	182	41	34
Ceuta e Melilla	32	43	29	40	3	3
Total	69.668	56.435	60.219	49.001	9.449	7.434

Fonte: INE

■ 4.5.10.

Produción editorial en España 2012-13: títulos publicados segundo idioma

	2012	2013	13/12
			(%)
Total	69.668	56.435	-19,0
Castelán	54.784	45.219	-17,5
Catalán, valenciano e balear	6.747	5.516	-18,2
Galego	1.322	739	-44,1
Euskera	837	742	-11,4
Outros idiomas ou dialectos nacionais	32	56	75,0
Alemán	133	85	-36,1
Francés	488	316	-35,2
Inglés	2.288	1.442	-37,0
Outros idiomas estranxeiros	489	326	-33,3
En 2 ou máis idiomas, nacionais ou estranxeiros	2.548	1.994	-21,7

Fonte: INE

■ 4.5.11.

reflicte que se editan en castelán o 80,1% dos títulos, un 9,8% en catalán, valenciano e balear e un 1,3% en euskera.

Respecto á prensa escrita, os datos da Oficina de Justificación de la Difusión amosan que os principais xornais galegos con cabeceiras controladas

pola OJD diminúen a súa tirada media en relación ao período anterior. Así, dende xullo de 2012 ata xuño de 2013, a tirada media está en torno aos 28 mil exemplares (30.000 no período anterior), cun promedio de difusión de 24 mil exemplares (25.800 no período anterior). O diario con maior tirada en Galicia no citado período é *La Voz*

Tirada e difusión da prensa diaria 2013: cabeceiras controladas pola OJD

Medio	Promedio tirada	Promedio difusión
Atlántico Diario	4.824	3.572
Diario de Pontevedra	7.341	6.050
Faro de Vigo	39.359	33.336
La Opinión A Coruña	6.524	4.814
El Progreso Lugo	16.423	14.008
La Voz de Galicia	92.631	81.282

(1) período controlado: xullo 2012 a xuño 2013

Fonte: Oficina de Justificación de la Difusión

■ 4.5.12.

Audiencia da prensa dixital 2013 ⁽¹⁾

Medio	Visitantes únicos	Promedio diario
Laopinioncoruna.es	454.575	22.557
Galiciae.com (2)	271.286	17.717
Farodevigo.es	1.450.657	83.254
Elcorreogallego.es	455.046	26.509
Lavozdegacia.es		

(1) datos correspondientes ao mes de decembro e só para os medios auditados

(2) Diario de Pontevedra e El Progreso

Fonte: Oficina de Justificación de la Difusión

■ 4.5.13.

de Galicia, que acada de promedio 92.631 exemplares diarios, e a súa difusión chega ata os 81.282 exemplares. O segundo diario galego en importancia é o *Faro de Vigo*, cunha tirada de 39.359 exemplares e unha difusión de 33.336 exemplares (**cadro 4.5.12.**).

● **Artes musicais e escénicas**

O **cadro 4.5.14.** mostra a evolución, no período 2008-2012, do número de espectadores e a recadación obtida polas artes escénicas nas distintas Comunidades Autónomas. Neste senso, existe unha homoxeneidade case xeneralizada no que respecta ao descenso no número de espectadores e recadación tanto en obras teatrais, concer-

tos, xénero lírico e danza en todas as Comunidades Autónomas. En Galicia no período sinalado, prodúcese un descenso de máis do 26% no número de espectadores (670 mil espectadores menos no ano 2012 que os rexistrados no ano 2008), fronte ao descenso de só o 2,2% na recadación obtida (223 mil euros menos).

En canto á oferta cultural, cabe destacar que a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic), xunto aos concellos e entidades privadas, xestiona tres importantes canles de distribución escénica e musical co obxecto de garantir a estabilidade na programación de espectáculos e concertos de factura galega por todo o territorio da comunidade. Estas tres canles de distribución

Espectadores e recadación nas artes escénicas nas CC.AA. 2008-12

	Espectadores						Recadación					
	2008			2012			2008			2012		
	obras teatrais	concertos (1)	xénero lírico e danza	obras teatrais	concertos (1)	xénero lírico e danza	obras teatrais	concertos (1)	xénero lírico e danza	obras teatrais	concertos (1)	xénero lírico e danza
	(en miles)						(en miles de €)					
Andalucía	1.140	7.404	272	806	5.431	206	9.777	22.148	3.078	10.559	21.100	2.512
Aragón	1.607	2.691	244	770	1.577	128	4.312	12.686	943	3.300	8.805	501
Asturias	315	1.650	86	183	995	79	1.803	4.153	1.776	1.410	2.414	1.980
Baleares	229	992	42	116	663	15	2.543	4.633	739	1.734	4.340	421
Canarias	183	798	51	90	586	34	2.263	8.188	524	2.645	5.224	263
Cantabria	138	551	31	102	527	21	1.159	2.042	674	869	1.483	326
Castela - A Mancha	137	842	33	130	584	17	921	2.389	300	1.047	1.904	159
Castela e León	1.182	1.920	109	741	1.563	62	4.747	6.861	969	2.549	6.962	601
Cataluña	3.034	5.587	711	2.252	5.005	442	44.037	39.335	21.973	34.622	36.631	11.158
Comunidade Valenciana	1.613	4.051	194	1.166	2.235	104	8.247	15.626	2.143	7.632	10.323	896
Extremadura	159	394	23	88	252	9	1.015	1.902	103	421	1.658	59
Galicia	563	1.910	88	397	1.434	51	2.539	6.956	780	2.368	7.342	342
Madrid	4.548	6.253	658	3.584	5.056	420	104.412	45.161	20.183	91.675	44.081	12.998
Murcia	256	665	37	118	601	15	1.498	4.668	370	1.095	4.418	158
Navarra	270	531	48	145	466	64	1.825	3.768	519	1.599	3.374	264
País Vasco	1.068	2.387	256	753	1.883	197	8.300	13.506	4.970	7.934	13.138	3.135
A Rioxa	199	288	19	80	219	7	812	1.405	209	627	726	85
Ceuta e Melilla	11	33	2	16	38	1	144	49	18	78	94	1
Total	16.652	38.948	2.903	11.534	29.115	1.871	200.354	195.475	60.272	172.163	174.019	35.859

(1) inclúe concertos de música clásica e concertos de música popular

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

■ 4.5.14.

son a Rede Galega de Teatros e Auditorios, a Rede Galega de Salas e a Rede Galega de Música ao Vivo.

● Medios audiovisuais e interactivos: cine, TV, radio

O Consello da Cultura Galega, no informe sobre o panorama estatístico do Cine 2012, analiza os indicadores máis significativos da actividade cinematográfica en Galicia como a produción, exhibición, distribución, infraestrutura, recadación ou difusión, entre outros.


Os datos de asistencia a salas de exhibición de cine mostran un forte descenso, pasando de 5,9 millóns de espectadores no ano 2004, no que se

registra a cifra máis elevada, ata os 3,8 millóns no ano 2012. Comparativamente os datos en Galicia reflicten un peor resultado, así a asistencia media por habitante en España se sitúa en 2 fronte ao 1,4 de Galicia, que a coloca no antepenúltimo posto, só por diante de Extremadura.

A baixa asistencia a salas de exhibición en Galicia contrasta co feito de que na nosa Comunidade están localizadas o 7,7% do total estatal de empresas produtoras con actividade, sendo, xunto co País Vasco, a terceira Comunidade Autónoma con maior número de empresas produtoras.

No que atinxe á produción cinematográfica realizada na nosa Comunidade, cómpre sinalar que


Cines e salas de exhibición en Galicia e España 2003-12



Fonte: INE

■ 4.5.15.


Espectadores no cine en Galicia e España 2000-12: distribución segundo nacionalidade do film



Fonte: INE

■ 4.5.16.

Recadación dos cines en Galicia e España 2000-12: distribución segundo nacionalidade do film



Fonte: INE

■ 4.5.17.

Galicia produce ou coproduce no ano 2012, 10 longametraxes, fronte as 7 do ano 2009, mais o número de espectadores redúcese drasticamente, pasando de 2,8 millóns no ano 2009 a 408 mil no ano 2012, así como a recadación pasa de case 17 millóns de euros no ano 2009 a 2,5 millóns no ano 2012.

En relación á oferta, en 2012 había 38 cines, tres menos que en 2008, aínda que o número de salas de exhibición aumenta, existindo no ano 2012, 190 salas, 29 máis que no ano precedente, o que confirma a tendencia existente a apertura de cines multisala e ao peche dos cines tradicionais.

O número de películas exhibidas nas salas galegas descendeu dende 2005, pasando de 525 títu-

los no ano 2005 a 432 no ano 2012, de xeito que no ano 2012 en Galicia só se pode visionar o 25% das longametraxes estreadas en España.

No que respecta á recadación, esta experimenta unha alza significativa dende o ano 2008, provocada polo incremento de prezo das entradas, de xeito que o gasto medio por espectador pasa de 5,6 euros no ano 2008, a 6,6 euros no ano 2012, (de 5,7 euros a 6,5 de media no Estado).

Finalmente, en relación á televisión e á radio, o ranking de emisoras de radio xeneralista do Estudio General de Medios (EGM), a Radio Galega sitúase no décimo posto, con 176.000 oíntes por día, ascendendo ao oitavo posto no ranking de emisoras autonómicas (**cadros 4.5.18. e 4.5.19.**).

Ranking de emisoras de radio xeralista no EGM 2013 ⁽¹⁾

	oíntes / día (en miles)
Ser	4.491
Onda Cero	2.354
COPE	1.859
RNE	1.280
Rac 1	644
Catalunya Radio	570
Canal Sur Radio	355
EsRadio	247
Radio Euskadi	183
Radio Galega	176
Euskadi Irratia	70
Radio 9	67

(1) febreiro-novembro 2013
Fonte: AIMC

■ 4.5.18.

Ranking de emisoras de radio autonómicas no EGM 2013 ⁽¹⁾

	oíntes / día (en miles)	oíntes / total (%)
RAC 1	744	3,0
Catalunya Radio	645	2,6
Canal Sur Radio	382	1,5
Canal Fiesta	348	1,4
RAC 105	239	1,0
Radio Galega	180	0,7
Catalunya Informació	171	0,7
Radio Euskadi	146	0,6
Euskadi Gaztea	103	0,4
Radio 9	77	0,3
Euskadi Irratia	61	0,2
Radio Castilla-La Mancha	58	0,2
Radio Voz	55	0,2
Aragón "Radio	50	0,2
Cataluña Música	37	0,1
Canarias Radio	34	0,1
Radio Vitoria	29	0,1
Radio Andalucía	13	0,1
Radio Galega Música	9	-
Onda Madrid	6	-

(1) outubro-novembro 2013
Fonte: AIMC

■ 4.5.19.

Ranking de cadenas de TV no EGM 2013 ⁽¹⁾

	share (%)
Resto Temáticas	22,7
Antena 3	17,2
Tele5	17,0
La1	13,2
La Sexta	6,2
Cuatro	5,8
Temáticas de pago	3,9
Canal Sur	3,3
TV3	2,3
La 2	2,2
TVG	0,7
Resto TV	0,7
Canal 9	0,6
Etb2	0,5
Local	0,5
8TV	0,5
Telemadrid	0,5
Aragón TV	0,4
TvCan	0,4
CMT	0,4
Tpa	0,2
Autonómicas intern.	0,1
Ib3	0,1
Canal Extremadura	0,1
Etb1	0,1
CylTV	0,1
Super 3/33	0,1
La 8	0,1
La Otra	0,1

(1) febreiro-novembro 2013

Fonte: APMC

■ 4.5.20.

No que respecta ás cadeas de televisión, a TVG sitúase no posto undécimo da clasificación do EGM, cunha cota de *share* do 0,7% (**cadro 4.5.20.**) ■

